

dez.eme

Número 9 Decembro 2004 *7 euros*

*Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo*

# o primeiro franquismo

# DÁLLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA




**ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO**

**FUNDACIÓN 10 DE MARZO**

comisións obreiras


• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 591 816 • Fax 981 597 081 • *email: f10m@galicia.es*

## EDITORIAL

*O franquismo, unha longa noite de pedra* ... 5

## Ó REDOR DA HISTORIA

*A España de posguerra: a 'nova orde' franquista*
Pere Ysàs ... 7

*Acerca do franquismo e o fascismo*
Alberto Gómez Roda / Ismael Saz Campos ... 14

*A resistencia guerrilleira. Luces e sombras*
Ramón García Piñeiro ... 21

*A represión franquista en Galicia. Un primeiro balance*
Julio Prada Rodríguez ... 27

## NA CLASE

*A exposición 'Vida cotiá no Primeiro Franquismo'. Unha proposta didáctica*
Fundación 10 de Marzo ... 35

## DOSIER DOCUMENTAL

*O primeiro franquismo no Arquivo Histórico da Fundación 10 de Marzo*
José Gómez Alén ... 39

## TESTEMUÑOS

*Enriqueta Otero: mestra, miliciana da cultura e guerrilleira*
Ángel Rodríguez Gallardo ... 54

## UNHA IMAXE

*Festa do Corpus no cárcere de mulleres de Ventas*
Fernando Hernández Holgado ... 62

## UN CONCEPTO

*O estraperlo*
Roque Moreno Fonseret ... 67

## MISCELÁNEA

*Mulleres antifascistas de Asturias na Guerra Civil*
Carmen García ... 71

## MEMORIA HISTÓRICA

*Entre a recuperación da dignidade e a 'normalización' historiográfica: o papel dos historiadores e o foro da memoria*
Sergio Gálvez Biesca ... 77

*Institucións públicas e recuperación da memoria histórica*
Carlos Pereira Martínez ... 83

## DE LIBROS

*A dignidade ante a morte*
*Las trece rosas*, de Jesús Ferrero
Antonia Tato Fontaíña
*Trece rosas rojas. La historia más conmovedora de la Guerra Civil*, de Carlos Fonseca
Claudia Cabrero ... 85

*O universo carcerario na ditadura franquista*
*Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*, de C. Molinero, M. Sala e J. Sobrequés (eds.)
María Victoria Martínez Rodríguez ... 89

*Ventas: espazo e solidariedade e resistencia feminina*
*Mujeres encarceladas. La prisión de Ventas: de la República al franquismo, 1931-1941*, de Fernando Hernández Holgado
María Victoria Martínez Rodríguez ... 92

*Unha biografía do sindicalismo*
*Severino Chacón, líder sindical do mundo do tabaco*, de Ana Romero Masiá
Carlos Pereira Martínez ... 95

*Máis luz sobre tempos escuros*
*Comisiones Obreras y represión franquista. València 1958-1972*, de Alberto Gómez Roda
Rubén Vega ... 97

*Historias da «raia» seca: guerrilla, solidariedade e represión no franquismo*
*O Cambedo da Raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*, VV. AA.
David Simón Lorda ... 100

## GUÍA DE RECURSOS

*Recuperación da memoria histórica e historiografía na rede: o primeiro franquismo*
Eduardo Bragado ... 102

## ENCONTROS

*Algunhas consideracións verbo do I Congreso sobre a Historia do PCE*
Manuel Bueno ... 106

*Republicanismo en España. Política, sociedad y cultura*
Claudia Cabrero Blanco / Sergio Sánchez Collantes ... 108

*Homenaxe a Pierre Vilar*
Pablo F. Luna ... 110

*Convocatoria Congreso A transición da Ditadura franquista á Democracia*
Redacción Dezeme ... 113

## ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

*Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo*
José Gómez Alén ... 114

PUBLICACIÓNS RECIBIDAS ... 116

AUTORES DESTE NÚMERO ... 119

NO PRÓXIMO NÚMERO ... 120





**Dez·eme**
REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

ARCE — Esta revista é membro de ARCE, Asociación de Revistas Culturais de España

**Número 9 / Decembro de 2004**

COOORDINACIÓN
José Gómez Alén

CONSELLO DE REDACCIÓN
José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado (Vigo), José Gómez Alén (Santiago de Compostela), Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Carlos Pereira Martínez (A Coruña), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier Tebar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias)

COLABORACIÓNS
Pere Ysàs, Alberto Gómez Roda, Ismael Saz, Ramón García Piñeiro, Julio Prada, Ángel Rodríguez Gallardo, Fernando Hernández Holgado, Roque Moreno, Carmen García, Sergio Gálvez, Carlos Pereira, Antonia Tato, Claudia Cabrero, Victoria Martínez, Rubén Vega, David Simón Lorda, Eduardo Bragado, Manuel Bueno, Pablo F. Luna, José Gómez Alén.

FOTOGRAFÍAS
Arquivo Fundación 10 de Marzo, Arxiu Històric da CONC, Arquivo Carmen Pérez, Santos Yubero, Constantino Suárez, Pedro Menchón, Alejandro Merletti, Hermes Pato e Alberto Martí.

TRADUCCIÓN E CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
Begoña Méndez
GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO DA REVISTA E PORTADA
Alejandro Vidal

IMPRIME
Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISSN: 1576-4044 / DEPÓSITO LEGAL C-660-00
TIRADA: 500 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE DAS OPINIÓNS DOS AUTORES

Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras
r/República do Salvador, 15 - 5° / 15701- Santiago de Compostela
Telfs. 981 591 816 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10m.sn@galicia.ccoo.es

moito máis do que
poidas imaxinar

*fotocopias*
*impresión dixital*
*imprenta offset*
*imprenta dixital*
*manipulados*
*o teu asesor en deseño*
*copias gran formato*
*carteis e posters*
*laminados e encapsulados*
*estructuras*











impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos

TÓRCULO
global printers

**A CORUÑA**
Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

**SANTIAGO**
Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455

**VIGO**
Álvaro Cunqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com

# O franquismo, unha longa noite de pedra

De novo poñemos nas mans dos nosos lectores un número de DEZ•EME e, cumprindo co que anunciabamos hai algo máis de seis meses, dedicámolo ó primeiro franquismo.

Nesta achega, as diferentes seccións conteñen artigos cos que pretendemos ofrecer algúns dos trazos que caracterizaron esa primeira etapa da ditadura. Na sección «O redor da historia», o traballo de Pere Ysàs sitúanos diante das pautas xerais sobre as que asentou a Nova Orde: un modelo de Estado de signo fascista, o deseño dunha política económica autárquica, unhas formas nítidas de encadramento social e as actitudes de adhesión ou disentimento social; Ismael Saz e Alberto Gómez Roda achéganos unha visión actualizada da natureza do réxime franquista, que definen como unha «ditadura fascistizada». Na mesma sección, Julio Prada presenta unha aproximación á represión desde Galicia, e Ramón García Piñeiro realiza unha suxestiva análise da oposición que representaba a guerrilla.



A sección «Un concepto» conta coa achega de Roque Moreno sobre O *estraperlo*. Como xa é habitual, nos contidos da revista prestamos unha especial atención á historia de xénero; neste sentido, varias seccións conteñen artigos sobre o tema. O «Testemuño» ofrece a biografía da mestra e guerrilleira Enriqueta Otero, acompañada dunhas fotografías cedidas pola súa curmá, Carmen Pérez, á que lle agradecemos moi especialmente a súa xenerosidade. En «Miscelánea» incluímos un traballo sobre a participación das mulleres na Guerra Civil; e «Unha imaxe» toca o tema do cárcere de mulleres de Ventas. Ademais, o mundo feminino tamén está presente nas recensións bibliográficas.

No «Dosier documental» presentamos unha escolma de tipoloxía moi diversa para dar unha idea aproximada da documentación que sobre as primeiras décadas do franquismo pode consultarse no arquivo da Fundación 10 de Marzo: actas de empresas, expedientes de depuración, congresos de partidos políticos, estruturas da Organización Sindical Española e prensa clandestina de variada procedencia son exemplos desa diversidade.

Tampouco faltan nesta cita as restantes seccións: «Guía de recursos», «Encontros» e «De libros» completan a nova entrega de DEZ•EME, unha revista que non sería posible sen o apoio que nos prestan todas as persoas que interveñen na súa preparación: as que traducen e corrixen os textos, as que nos proporcionan imaxes, documentación ou fotografías e, sobre todo, os autores que aparcan os seus traballos en marcha para atender solidariamente a nosa demanda. A eles lles debemos que DEZ•EME siga sendo unha realidade.

CONSELLO DE REDACCIÓN
REVISTA *DEZ•EME*

# Dez•eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO




NÚMERO 1,
abril 2000:
***Arquivo Ángel Barcia***




NÚMERO 2,
novembro 2000:
***O franquismo***




NÚMERO 3,
xuño 2001:
***O mundo do traballo***




NÚMERO 4,
decembro 2001:
***Migracións***




NÚMERO 5,
xuño 2002:
***Partidos políticos***
coordinador: Ramón Máiz




NÚMERO 6,
febreiro 2003:
***Cultura e política***




NÚMERO 7,
xullo 2003:
***Ambiente de mobilización social***
coordinador: Ramón López Facal




NÚMERO 8,
febreiro 2004:
***O século das mulleres***




NÚMERO 9,
decembro 2004:
***O primeiro franquismo***

**Información e subscricións:**

FUNDACIÓN 10 de MARZO
r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Telfs. +34 981 591 816 / Fax: +34 981 597 081
*f10m.sn@galicia.ccoo.es*


CUARTEL GENERAL DEL GENERALÍSIMO

ESTADO MAYOR

En el día de hoy, cautivo y desarmado el Ejército Rojo, han alcanzado las tropas nacionales sus últimos objetivos militares. La guerra ha terminado.

El Generalísimo

Franco

Burgos 1º Abril 1939.

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 7-13.

# A ESPAÑA DE POSGUERRA: A 'NOVA ORDE' FRANQUISTA*

PERE YSÀS

No devir da Guerra Civil e nos primeiros anos da posguerra estableceuse en España unha Nova Orde que pretendía iniciar unha época de rexurdimento e esplendor nacionais. Esta Nova Orde tiña, en primeiro lugar, unha dimensión política, materializada nun Novo Estado, pero tamén era económica, social, cultural e moral. Malia a reiterada alusión ó «novo», a orde franquista tiña moitos compoñentes tradicionais, pero desde logo non se trataba dunha simple restauración do «vello», como por veces se mantén.

O Novo Estado franquista configurouse como unha ditadura de signo fascista, se adoptamos unha definición do fenómeno fascista que non o identifique case exclusivamente polas formulacións máis radicais do seu discurso e se consideramos as diferenzas «nacionais» existentes en todos os fascismos.[1] A doutrina oficial do Novo Estado español procedía dos vinte e sete

* Traducción do castelán de Antonia Tato Fontaíña

> **Os obxectivos totalitarios da ditadura franquista explican a extrema violencia exercida nos primeiros anos e as súas consecuencias en forma de decenas de miles de asasinatos e de execucións «legais», campos de concentración e prisións ateigadas de xente, depuracións na administración, nas empresas e entidades de todo tipo, incautación de bens, sancións económicas, inhabilitacións, etc.**

puntos da Falange —convertidos no ideario do novo partido único, FET y de las JONS, que agrupou fascistas xenuínos e dereitistas «fascistizados» procedentes de diversas formacións políticas— e contiña a combinación de afirmacións, negacións e proposicións característica dos fascismos: nacionalismo radical, imperialismo, antiliberalismo, antimarxismo, nova orde superadora da loita de clases e sustentadora do rexurdimento nacional. O Novo Estado configurouse, xa que logo, como un réxime de partido único, dirixido por un líder mesiánico —o *Caudillo* Franco— e cunha lexislación, unhas institucións e unhas prácticas represivas dirixidas a asegurar a destrución definitiva da democracia republicana e dos movementos sociais, políticos e culturais identificados con ela, así como a impedir no futuro calquera forma de disidencia e oposición.

Os obxectivos totalitarios da ditadura franquista explican a extrema violencia exercida nos primeiros anos e as súas consecuencias en forma de decenas de miles de asasinatos e de execucións «legais», campos de concentración e prisións ateigadas de xente, depuracións na administración, nas empresas e entidades de todo tipo, incautación de bens, sancións económicas, inhabilitacións, etc.[2] Os devanditos obxectivos esixían ademais unha férrea censura sobre os medios de comunicación e sobre todas as actividades culturais.[3] Pero a Nova Orde, aínda que descansaba na violencia e a coerción, aspiraba a moldear unha nova sociedade, unha nova España, formando unha «comunidade nacional» ordenada e xerarquizada ó servizo da «Patria», socialmente harmónica pero cos seus membros en posicións moi desiguais, e politicamente mobilizada, cando menos en parte. Para acadar tales obxectivos, deseñáronse e aplicáronse un conxunto de políticas que obtiveron resultados diversos pero que sinalan con claridade os obxectivos perseguidos.

En primeiro lugar había que encadrar a toda a sociedade, en especial os «produtores», e nomeadamente os traballadores, que nunha elevada proporción estiveran adheridos ó sindicalismo socialista e libertario. Para isto creouse a Organización Sindical Española, á que se lle asignou, entre outras e principalmente, a función de encadramento e control dunhas masas obreiras e campesiñas que se catalogaban claramente como «desafectas» porque foran fondamente «contaminadas» polas ideoloxías «disolventes» e «antiespañolas». O encadramento debía abranguer tamén os mozos, a través do Frente de Juventudes, e as mulleres, mediante a Sección Femenina de FET-JONS.[4] Por outra banda, as asociacións e entidades que non foron disolvidas quedaron integradas na rede asociativa do partido único e as súas organizacións, ou ben foron sometidas a estrito control.

Este encadramento da sociedade debía asegurar, xunto coa disuasión exercida polo aparato represivo, o acatamento das directrices do Estado condutor da comunidade nacional. Pero o encadramento debía permitir tamén un labor de persuasión e socialización política, que os dirixentes do réxime consideraban esencial para a súa consolidación e estabilización a longo prazo. Había que convencer os traballadores de que a «xustiza social» do nacionalsindicalismo tería éxito alí onde fracasaran o liberalismo democrático e o obreirismo, coa eliminación do paro, a creación dunha lexislación laboral protectora, asistencia social, etc. Xunto do labor da Organización Sindical, incluíndo o das súas Obras Sindicais —sanidade, vivenda, lecer, etc.—, entraban en escena as políticas sociais gobernamentais, especialmente as do Ministerio de Traballo.

A formación da mocidade no ideario da Nova Orde era esencial para asegurar o futuro do réxime; para isto había que inculcarlles que eles serían os encargados de realizar plenamente aquela España «Una, Grande e Libre» que se estaba a construír. A formación dos mozos sería cousa do Frente de Juventudes, pero especialmente do aparato educativo ó que se lle asignaba un papel relevante no adoutrinamento político da infancia e da mocidade.[5] Cumpría tamén formar as

mulleres no mesmo ideario e nos valores tradicionais que aseguraban o seu papel subordinado na sociedade, valores compartidos tanto polo fascismo como polo catolicismo. A formación debía completarse cunha mellor preparación para exerceren as súas funcións de «nais e esposas» da Nova España.[6] O Novo Estado franquista utilizou tamén un aparato propagandístico de nova planta, que empezou a organizarse durante a Guerra Civil e cuxo obxectivo último non era outro que asegurar e arrequecer os apoios sociais, así como contribuír á disuasión de posibles disidentes e opositores.[7]

Como apuntei máis arriba, a Nova Orde comportaba tamén unha nova economía. Fronte ó rexeitado —fundamentalmente no plano teórico— «capitalismo liberal», a nova economía, se ben non cuestionaba a propiedade privada dos medios de produción nin se propoñía suprimir de todo os mecanismos do mercado, optaba pola autarquía, pola autosuficiencia económica —considerada unha condición indispensable para acadar a plena independencia política— e por unha moi elevada intervención estatal para asegurar a subordinación do aparato produtivo ós intereses nacionais. É certo que, en anos pasados, algunhas interpretacións sostiveron o carácter case forzado da opción autárquica e intervencionista, de resultas da situación interior e do contexto internacional na década dos corenta, pero na actualidade a maior parte da historiografía rexeita tales formulacións e, en palabras de Carlos Barciela, considera que «el objetivo de la autarquía y el sistema de intervención totalitario en la economía nació, no como un sistema provisional para hacer frente a una situación excepcional, sino con el ánimo de convertirse en una alternativa definitiva al modelo de economía liberal-capitalista».[8]

A Nova Orde española era tamén, e non precisamente de forma secundaria, unha orde católica. Por isto, os preceptos e a moral católica foron impostos a toda a sociedade, utilizando asemade instrumentos coactivos e persuasivos. De feito, ó afirmar o Novo Estado a catolicidade da nación española, todos os membros da comunidade nacional debían ser católicos e tal doutrina debía impregnar a sociedade toda, mesmo a vida máis íntima das persoas. A Igrexa católica, que beicera a rebelión antirrepublicana, que cualificou de «cruzada» a loita contra a República, que participou de cheo na configuración do Novo Estado, incluída a brutal represión, ocuparía unha posición privilexiada na nova España e,

A Nova Orde española era tamén, e non precisamente de forma secundaria, unha orde católica. Por isto, os preceptos e a moral católica foron impostos a toda a sociedade, utilizando asemade instrumentos coactivos e persuasivos



Franco en Barcelona. Colección de Josep Mª Pérci Molinos. Arxiu Històric da CONC.

Comedor de Auxilio Social, Lorca (Murcia), 1945. Fotografía de Pedro Menchón

paralelamente, achegaría lexitimidade, colaboración e apoios sociais ó réxime franquista, cualificado moitas veces como «nacional-católico».[9]

O réxime franquista, coma as demais ditaduras fascistas, combinaba o novo e o vello, a tradición e a modernidade. Era radicalmente nacionalista, antiliberal e antidemocrático, retoricamente anticapitalista, pero respectuoso e defensor da propiedade privada, e antimarxista, aínda que defensor dunha peculiar «xustiza social» que debía permitir acadar a harmonía social entre desiguais; era un réxime católico e cun forte protagonismo militar, posto que se impuxera pola forza das armas. Tiña un carácter restau-



rador pero ó tempo innovador —segundo o propio réxime «revolucionario»—.

A Nova Orde franquista sustentouse sen dúbida na forza e contou con apoios institucionais esenciais —a Igrexa católica e as novas Forzas Armadas formadas durante a Guerra Civil— pero tamén dispuxo de relevantes apoios sociais que ás veces quixeron minimizarse de forma interesada e, noutras ocasións, quedaron nun segundo plano discreto de máis ó focalizarse toda a atención na represión. A afirmación da existencia na sociedade española de zonas amplas de consentimento do réxime non se debe confundir, como xa ten ocorrido, coa afirmación da existencia dun amplo e xeneralizado «consenso». Pero é evidente que a rebelión antirrepublicana primeiro e o réxime despois contaron coa adhesión, o apoio e o consentimento, en graos diversos e por razóns non necesariamente idénticas, dun segmento da sociedade española en primeiro lugar e, en especial, daqueles que se sentiran prexudicados ou ameazados polas políticas reformistas republicanas, espavorecidos polo potente desenvolvemento dos movementos obreiros e campesiños, ou atacados nos seus valores tradicionais. Unha boa parte da gran burguesía, segmentos significativos das clases medias e sectores católicos das clases populares conformaron os apoios iniciais do movemento antirrepublicano e constituíron a cerna dos apoios sociais á ditadura xa consolidada. Pero esta pretendeu non só conservar eses apoios, senón incrementalos mediante a combinación de coerción e persuasión antes sinalada, consciente das amplas zonas de disentimento existentes na sociedade española, así como das de indiferenza, que podían ocultar tamén actitudes hostís.[10]

A ditadura franquista tentou clasificar toda a poboación española en tres categorías: adictos, desafectos e indiferentes; unha clasificación básica útil pero que non abonda para a análise das actitudes, como puxeron de manifesto os estudos realizados ata hoxe. De feito, parece máis proveitoso considerar a existencia de zonas de consentimento, de disentimento e de indiferenza, non de todo impermeables entre si, sobre todo ó longo do tempo, e integradas por unha relativa variedade de actitudes. Así, na zona de consenso achamos actitudes de adhesión plena, activa e militante, actitudes de adhesión pero con diverxencias, ocasionais ou permanentes, actitudes de apoio de distinta intensidade, e en todas elas unha variedade de comportamentos no eixe activismo/pasividade. Na zona de consentimento, por último, débense situar as actitudes de simple aceptación, a miúdo de carácter pasivo. Na zona de disensión atopamos

actitudes de rexeitamento pasivo, de «desviación», de transgresión ocasional da legalidade e, finalmente, de rexeitamento activo, é dicir, de oposición militante. Para rematar, a zona de indiferenza inclúe obviamente a estrita apatía, pero tamén a ocultación da actitude.

Nesa zona de disentimento conseguiu subsistir nos primeiros anos da ditadura, malia a extraordinaria violencia represiva do réxime, unha oposición organizada ó franquismo, formada fundamentalmente polas organizacións marxistas e libertarias. Esta oposición logrou incrementar as súas actividades cando a esperanza dun final próximo da ditadura, ó rematar a Segunda Guerra Mundial, se estendeu por unha parte da sociedade española.[11] Neses anos, acadou a máxima expresión a loita armada, organizada mediante as agrupacións guerrilleiras que, como recoñeceu Camilo Alonso Vega anos máis tarde ó se despedir da dirección xeral da Gardia Civil, «perturbaba las comunicaciones, desmoralizaba las gentes, destrozaba nuestra economía, quebrantaba nuestra autoridad y nos desacreditaba en el exterior».[12]

Na conxuntura de afundimento dos fascismos, a oposición antifranquista non deu derrubado a ditadura, un obxectivo enteiramente inalcanzable sen os apoios internacionais que non acadou. Pero o réxime franquista tampouco tivo éxito no seu obxectivo de incrementar os soportes sociais, alén dos orixinarios, e sobre diso tivo que facer fronte ás consecuencias das súas opcións socioeconómicas. De certo, a política autárquica e intervencionista, xunto ós efectos da Guerra Civil, supuxo un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación ata extremos que non se imaxinaran antes de 1936.[13] A escaseza, a fame, a propagación de enfermidades —ó lado do enriquecemento dos propietarios e os especuladores— comportaron un descrédito das proclamas en prol da xustiza social e dos lemas falanxistas do estilo «Patria, Pan e Xustiza». O malestar popular, expresado en protestas obreiras e populares en 1946 e 1947, constituíu un motivo de crecente preocupación para o réxime xa que puña en evidencia o fracaso, polo menos parcial, da Nova Orde.[14]

Logo da caída dos fascismos, o réxime franquista viuse forzado a buscar acomodo nun mundo dominado polos seus inimigos principais: a democracia liberal e o comunismo. Isto supuxo un cambio de imaxe e de linguaxe e unha sucesión de xestos para convencer as potencias occidentais de que en España existía xa unha democracia, iso si, peculiar: a «democracia orgánica». Ó iniciarse a década dos cincuenta, o fracaso absoluto da política autárquica obrigou a introducir algúns cambios na política económica. A Nova Orde, tal e como fora presentada nas súas orixes, comezaba a se desfigurar; obviamente, a vocación imperial xa fora borrada tras a fin da guerra mundial.[15]



Despois de 1945, a ditadura franquista converteuse nun réxime «supervivente» que se beneficiou dunha «segunda non intervención», pero en moitos aspectos substanciais era imposible agachar que a Nova Orde era un fracaso sen paliativos aínda que o Novo Estado, o réxime ditatorial encabezado por Franco, aproveitando o escenario internacional da guerra fría, lograría sobrevivir trinta anos máis.

Presos políticos no antigo penal de Puerto de Santa María, xuño de 1948. Fotografía de autor anónimo.

Unha boa parte da gran burguesía, segmentos significativos das clases medias e sectores católicos das clases populares conformaron os apoios iniciais do movemento antirrepublicano e constituíron a cerna dos apoios sociais á ditadura xa consolidada

NOTAS

[1] Desenvolvín esta cuestión en «Franquisme i feixisme», en Joan M.ª Thomàs (ed.), *Franquisme/Feixisme*, Reus, Fundación d'Estudis Socials Josep Recasens, 2001. A interpretación do franquismo como ditadura fascistizada formulouna Ismael Saz no mesmo volume: «Algunas consideraciones a propósito del debate sobre la naturaleza del Franquismo y el lugar histórico de la dictadura».

[2] Existe xa unha extensa bibliografía sobre a represión franquista na que se poden destacar obras como a de Santos Juliá (coord.), *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy, 1999; Julián Casanova (coord.), *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002; Carme Molinero, Margarida Sala, Jaume Sobrequés (eds.), *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica, 2003.

[3] Sobre a censura destacan, entre outros, os traballos de Manuel Abellán, *Censura y creación literaria en España (1939-1976)*, Barcelona, Península, 1980; Hans-Jörg Neuschäfer, *Adiós a la España eterna. La dialéctica de la censura. Novela, teatro y cine bajo el franquismo*, Barcelona, Anthropos, 1944; Josepa Gallofré, *L' edició catalana i la censura franquista (1939-1951)*, Barcelona, Publicacions de l'Abadia de Montserrat, 1991; Justino Sinova, *La censura de prensa durante el franquismo*, Madrid, Espasa Calpe, 1989; Enrique Bordería Ortiz, *La prensa durante el franquismo. Represión, censura y negocio. Valencia (1939-1975)*, Valencia, Fundación Universitaria San Pablo CEU, 2000.

[4] Dispoñemos de excelentes traballos, aínda que insuficientes, sobre as organizacións «de masas» da ditadura. Véxase, por exemplo, Juán Sáez Marín, *El Frente de Juventudes. Política de juventud en la España de la postguerra (1937-1960)*, Madrid, Siglo XXI, 1988; Miguel Ángel Ruiz Carnicer, *El Sindicato Español Universitario (SEU). La socialización política de la juventud universitaria en el franquismo*, Madrid, Siglo XXI, 1966; M.ª Teresa Gallego, *Mujer, Falange y Franquismo*, Madrid, Taurus, 1983. Sobre a OSE, ver o capítulo de Rosario Sánchez e M.ª Encarna Nicolás, «Sindicalismo vertical franquista: la institucionalización de una antinomia (1939-1977)» no volume dirixido por David Ruiz, *Historia de Comisiones Obreras (1958-1988)*, Madrid, Siglo XXI, 1993, e Carme Molinero e Pere Ysàs, «Il sindacalismo franchista: caratteristiche e finzione», en Maurizio Antonioli e Luigi Ganapini (eds.), *I Sindicati occidentali dall'800 ad oggi in una prospettiva storica comparata*, Pisa, Biblioteca Franco Serantini, 1995.

[5] Entre os estudos sobre o adoutrinamento a través da escola, ver Gregorio Cámara Villar, *Nacional-catolicismo y Escuela. La socialización política del Franquismo (1936-1951)*, Jaén, Hesperia, 1984; Alejandro Mayordomo e Juan Manuel Fernández Soria, *Vencer y convencer. Educación y política. España 1936-1945*, Valencia, Universitat de València, 1993; José Manuel Fernández Soria, *Educación, socialización y legitimación política (España 1931-1979)*, Valencia, Tirant lo Blanc, 1998.

[6] Carme Molinero, «Mujer, franquismo, fascismo. La clausura forzada en un "mundo pequeño"» en *Historia Social*, 30 (1998).

[7] Sobre a propaganda durante o franquismo ver, entre outros estudos, os de Francisco Sevillano Calero, *Propaganda y medios de comunicación en el franquismo*, Alacant, Publicaciones de la Universidat de d'Alacant, 1998, e do mesmo autor *Ecos de papel. La opinión de los españoles en la época de Franco*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2000; Rafael R. Tranche e Vicente Sánchez-Biosca, *NO-DO. El tiempo y la memoria*, Madrid, Cátedra/Filmoteca Española, 2000.

[8] Carlos Barciela, «Franquismo y corrupción económica», en *Historia Social*, 30 (1998), 88. Ver tamén, entre outros, Jordi Catalán, *La economía española y la Segunda Guerra Mundial*, Barcelona, Ariel, 1995.

[9] Da bibliografía sobre o papel da Igrexa católica pódense salientar as obras de Juan José Ruiz Rico, *El papel político de la Iglesia Católica en la España de Franco (1936-1971)*, Madrid, Tecnos, 1997; José Angel Tello, *Ideología y política. La Iglesia Católica española, 1936-1959*, Zaragoza, Pórtico, 1984; Julián Casanova, *La Iglesia de Franco*, Madrid, Temas de Hoy, 2001.

[10] O estudo das actitudes sociais avanzou pouco nos últimos anos. Débese salientar o volume editado por Ismael Saz e Alberto Gómez Roda, *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la postguerra*, Valencia, Episteme, 1999; Jordi Font, *¡Arriba el campo! Primer franquisme i actituds polítiques en l'àmbit rural nord-català*, Girona, Diputació de Girona, 2001.




Progaganda para alistar voluntarios na División Azul




Viñeta publicada en *Mundo Obrero*, 1947

**A política autárquica e intervencionista, xunto ós efectos da guerra civil, supuxo un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación ata extremos que non se imaxinaran antes de 1936**

[11] Sobre a oposición antifranquista nos primeiros anos, segue sendo fundamental o estudo de Hartmut Heine, *La oposición política al franquismo*, Barcelona, Crítica, 1983. Verbo das principais forzas antifranquistas, ver o recente libro de Ángel Herrerín López, *La CNT durante el franquismo. Clandestinidad y exilio 1939-1975*, Madrid, Siglo XXI, 2004. O Partido Comunista ten sido obxecto de estudos de carácter rexional ou monográfico moi valiosos, como os de David Ginard, *L´oposició antifranquista i els comunistes mallorquins (1939-1997)*, Barcelona, Publicacions de l´Abadia de Montserrat, 1998, e *Heriberto Quiñones y el movimiento comunista en España (1931-1942)*, Palma, Documenta Balear, 2000, e o de Víctor Manuel Santidrián, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, A Coruña, Ediciós do Castro, 2002.

[12] Texto citado por Francisco Aguado Sánchez, *El maquis en España*, Madrid, Editorial San Martín, 1975, páx.15. Véxase Fernanda Romeu Alfaro, *Más allá de la utopía: perfil histórico de la Agrupación Guerrillera de Levante*, Valencia, Alfons el Magnànim, 1987. Entre os traballos recentes destacan os de Francisco Moreno Gómez, *La resistencia armada contra Franco*, Barcelona, Crítica, 2001 e Secundino Serrano, *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy, 2001.

[13] Sobre as condicións de vida na posguerra, ver Carme Molinero e Pere Ysàs, *«Patria, Justicia y Pan». Nivell de vida i condicions de treball a Catalunya, (1939-1951)*, Barcelona, La Magrana, 1985; Roque Moreno Fonseret, «Racionamiento alimenticio y mercado negro en la postguerra alicantina», en Glicero Sánchez Recio *et alii*, *Guerra Civil y franquismo en Alicante*, Alacant, Instituto de Cultura Juan Gil-Albert, 1990; Matilde Eiroa San Francisco, *Viva Franco. Hambre, racionamiento, falangismo. Málaga, 1939-1942*, Málaga, 1995; David Ginard, «Las condiciones de vida durante el primer franquismo. El caso de las Islas Baleares», *Hispania*, 62, núm. 212 (2002); Encarnación Barranquero Texeira, Lucía Prieto Borrego, *Así sobrevivimos al hambre: estrategias de supervivencia de las mujeres en la postguerra española*, Málaga, Centro de Ediciones de la Diputación de Málaga, 2003.

[14] Carme Molinero e Pere Ysàs, «El malestar popular por las condiciones de vida. ¿Un problema político para el régimen franquista?», *Ayer*, 52 (2003). Sobre as protestas obreiras de 1945-1947, ver Llibert Ferri, Jordi Muixí, Eduard Sanjuan, *Las huelgas contra Franco*, Barcelona, Planeta, 1978; José M.ª Lorenzo Espinosa, *Rebelión en la ría. Vizcaya, 1947: obreros, empresarios y falangistas*, Bilbao, Universidad de Deusto, 1988; Carme Molinero e Pere Ysàs, *Productores disciplinados y minorias subversias. Clase obrera y conflictividad laboral en la España franquista*, Madrid, Siglo XXI, 1988.

[15] Ver a recente investigación de Manuel Ros Aguado, *La guerra secreta de Franco*, Barcelona, Crítica, 2002.

**PERE YSÁS**
CENTRO DE ESTUDIOS SOBRE AS ÉPOCAS FRANQUISTA E DEMOCRÁTICA (CEFID)
UAB

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 14-20.

# ACERCA DO FRANQUISMO E O FASCISMO*

ISMAEL SAZ CAMPOS / ALBERTO GÓMEZ RODA

Despois dunha década moi frutífera en investigacións académicas sobre o franquismo, asistimos nos últimos anos ós novos balances e síntese da historia do réxime, a unha contraditoria e desigual proxección nos medios de comunicación da memoria da represión e da vida cotiá na ditadura e a novas aproximacións ó debate sobre a natureza do franquismo: ¿fascismo ou réxime autoritario?, ¿ditadura fascistizada ou parafascista?, ¿totalitarismo?[1] Todo isto responde a fenómenos actuais como son, á parte da madureza acadada pola nosa historiografía, a angustia pola aceleración do tempo presente, que se traduce nunha necesidade da memoria e, en relación con isto, de certas inflexións que parecen apreciarse nas preocupacións dos historiadores. Esta actual demanda social da memoria histórica puxo en evidencia un notable hiato entre os coñecementos que poden achegar os historiadores e o que de feito os medios de comunicación ofrecen. Tradúcese tanto na revelación radiofónica e televisiva da traxedia da guerra e dos crimes da ditadura, como no consumo masivo e acrítico de imaxes «franquistas» da vida cotiá.[2] O fenómeno non parece moi diferente do que viviu Alemaña nos anos oitenta desde a emisión da serie televisiva *Holocausto*. Incluso a raíz da celebración en Barcelona dun congreso sobre os cárceres e os campos de concentración do franquismo, advírtese nalgúns historiadores a tentación de redeseñar os termos do debate historiográfico coa adopción do «paradigma euxenésico» sobre a historia do séculoxx. Isto permitiría que, contra todo prognóstico ata a data de hoxe, o nazismo se converta no referente principal da comparación para comprender o franquismo. Pola nosa banda, pensamos que o debate seguirá vixente mentres sirva para pensar ferramentas de análise que permitan seguir avanzando no noso coñecemento e interpretación do réxime. Coidamos que iso obriga a afondar na identificación e diferenciación dos suxeitos que fan a historia, tanto cunha perspectiva «desde arriba» como coa tamén imprescindible «desde abaixo».

O problema da controversia sostida en España verbo da natureza do franquismo é que ó raro se clarificou o aparato conceptual sobre o que se discutía. Desde o «debate Linz», a postura política tivo prioridade sobre a construción de ferramentas útiles para unha historiografía que, non obstante, non freou o avance dos nosos coñecementos sobre o réxime de Franco.[3] E non porque faltase, emporiso, a opción de recorrer ás actuais controversias internacionais sobre os conceptos-paradigmas de fascismo e totalitarismo —esta alternativa é a que estivo no fondo do debate—.[4] O aproveitamento das ferramentas que nelas atopamos debería permitir ós historiadores españois, pola «centralidade» da ditadura española,

* Traducción do castelán de Antonia Tato Fontaíña



Grupo de autoridades durante un acto oficial, Barcelona, 1943. Fotografía de Alejandro Merletti

**O franquismo foi a ditadura europea de dereitas no século XX máis próxima ó fascismo para aqueles que, servíndose do paradigma do totalitarismo, a definen como 'réxime autoritario', e a máis tradicional ou conservadora das fascistas para os que subscriben a definición de fascismo como 'ditadura de clase'**

intervir con voz propia no debate. Efectivamente, o franquismo foi a ditadura europea de dereitas no século XX máis próxima ó fascismo para aqueles que, servíndose do paradigma do totalitarismo, a definen como 'réxime autoritario', e a máis tradicional ou conservadora das fascistas para os que subscriben a definición de fascismo como 'ditadura de clase'.[5] Polo tanto, non resulta estraño que os historiadores do franquismo comecen a dirixir as súas miradas ó réxime da «Francia libre» de Vichy.[6]

Juan Linz construíu o seu concepto de «autoritarismo» aplicándolle á ditadura de Franco o paradigma totalitario estilizado polos politicólogos occidentais de tempos da guerra fría.[7] O seu propósito era comparar os mecanismos do stalinismo e o nazismo como ditaduras afíns en termos de destrución dunha sociedade civil de individuos libres. Pola súa parte, o paradigma «clásico» do fascismo apuntaba á funcionalidade e orixes dos réximes que pretendía cualificar, funcionalidade que se atoparía na destrución do movemento obreiro para salvagardar os intereses do capital. Para o historiador, obrigado a explicar cada réxime no seu contexto e na súa época, as dúas aproximacións resultan hoxe insuficientes e foron revisadas a fondo.[8]

Antes de que os científicos sociais deseñasen ferramentas para explicaren a forma e a traxectoria destes réximes mediante a comparación, xa os contemporáneos adoptaran linguaxes e contidos dos seus inmediatos referentes na época. O franquismo adoptou os da Italia fascista e os da Alemaña nazi; do mesmo xeito, o sincretismo franquista foi un referente para a Francia de Vichy.

Resulta sorprendente e clarificadora a comparación entre o «totalitarismo» dos contemporáneos do fascismo e o dos politicólogos das teorías que o converten en clave dunha equiparación co comunismo, falaz para o historiador. En efecto, só os fascistas italianos se definiron sempre como «totalitarios», mentres que os soviéticos non o fixeron xamais. Pola contra, para os teóricos do totalitarismo, estes fórono en grao máximo e Mussolini moi pouco. O totalitarismo dos fascistas, na súa época, resultaba da tensión entre unha compoñente *autoritaria*, de represión e control social, e outra propiamente *totalitaria*, que pretendía borrar as diferenzas entre o pobo e o Estado mediante mecanismos de participación xeneralizados

Cartel de progaganda oficial




**Antes de que os científicos sociais deseñasen ferramentas para explicaren a forma e a traxectoria destes réximes mediante a comparación, xa os contemporáneos adoptaran linguaxes e contidos dos seus inmediatos referentes na época**

e xerarquicamente controlados. Na Europa de entreguerras, aqueles sectores da dereita política dispostos á «conquista (e destrución) do Estado» liberal-democrático para dar cabo da «ameaza comunista» eran selectivos na súa adopción do fascismo como modelo: apreciaban de maneira moi positiva a súa política autoritaria, pero vían con prevención a compoñente mobilizadora do totalitarismo fascista. Esta última ten relación co fascismo como «relixión política» da nación e do Estado-mito, posiblemente a faceta na que máis adiantou a revisión historiográfica do fascismo.[9] É crucial neste sentido, para a historia do franquismo, a advertencia de Emilio Gentile ó subliñar que por «sacralización da política» entende «una dimensión religiosa de la política en cuanto política, distinta y autónoma respecto a las religiones históricas institucionales», algo que se produce «sólo cuando la política, después de haber conquistado, mediante la laicización de la cultura y del Estado, la autonomía con respecto a las religiones históricas, adquiere dimensión religiosa propia».[10] O obxecto desta sacralización no fascismo é a nación.

Outro grande avance, moi anterior, na clarificación do concepto de fascismo atopámolo na obra de Renzo de Felice, de quen podemos dicir que parte a imprescindible distinción entre movemento e réxime. Con respecto ó primeiro, houbo na Europa dos anos vinte e trinta unha ampla diversidade de movementos fascistas e de concepcións destes. En España, non era igual o fascismo de Onésimo Redondo có de Ramiro Ledesma ou o de José Antonio; pero os tres foron fascistas mentres que non o foron Calvo Sotelo, nin Goicoechea, nin Gil Robles, nin Albiñana. En primeiro lugar, porque non se identificaron como tales ou, se o fixeron, puideron ser rexeitados axiña polos que si posuían atributos para selo. ¿A que atributos nos referimos? Non existían diferenzas notables en certos obxectivos nada desprezables, como a destrución da democracia e a aniquilación do movemento obreiro. Tampouco sobre os medios, aínda que as formas da violencia fascista puidesen arrepiar a máis dun conservador. Pero a *ideoloxía* era outra cousa. Lonxe xa do tópico da futilidade, a incoherencia ou irrelevancia da ideoloxía dos fascistas, os historiadores máis sobranceiros coinciden en encontrar na súa análise elementos identificadores para un concepto de fascismo que «funcione». Así, Roger Griffin constrúe un sofisticado tipo ideal que define o fascismo pola súa ideoloxía nos seguintes termos:

> ... un xénero de ideoloxía política cuxa cerna mítica nas súas varias permutacións é unha forma palinxenésica de ultra-nacionalismo populista. A mentalidade fascista caracterízase pola sensación de vivir nunha inminente conxuntura na historia contemporánea, na que o dominio das supostamente dexeneradas e estragadas forzas do conservadorismo, do liberalismo individualista e do socialismo materialista van por fin dar entrada a unha nova era na que o nacionalismo vitalista triunfará. Para combater estas ideoloxías políticas rivais e a decadencia que presuntamente supoñen (por exemplo, o parasitismo das elites tradicionais, o materialismo, o conflito de clase, a debilidade militar, a perda de vitalidade racial, a anarquía moral, o cosmopolitismo) os activistas fascistas consideran que o recurso á violencia organizada é ó

tempo necesario e saudable. Aínda que poden facer concesións á democracia parlamentaria para gañar poder, o pluralismo de opinión e a política de partidos sobre a que repousa é anatema para o seu concepto de unidade nacional, que implica na práctica o máximo control totalitario sobre todas as áreas da vida: social, económica, cultural e política.[11]

A idea do «compromiso autoritario» proporciona a chave para estudar o xogo de forzas, ideoloxías e intereses que determina a dinámica interna do réxime. A presenza do fascismo en tanto suxeito, é dicir, como movemento e ideoloxía, manifestase nel de dúas maneiras: como exercicio directo de parcelas de poder máis ou menos determinantes, e mediante a adopción polo Estado e polas outras forzas comprometidas co réxime de prácticas e retóricas miméticas do fascismo. Cremos que, para avanzarmos na análise e comprensión das diferentes traxectorias destes réximes, é conveniente establecer unha divisoria segundo a posición do suxeito fascista, dominante ou non na dirección do réxime, que é tanto como dicir en relación cos outros actores do compromiso autoritario: Exército, Igrexa, mundo dos negocios e burocracia estatal. Isto é importante, xa que as ambicións dos fascistas non se esgotaban coa destrución da democracia liberal e do movemento obreiro, en cumprir a consabida «función social» que achamos nestas e noutras ditaduras de dereitas, senón que tendían a subverter o compromiso cos seus «compañeiros de viaxe» conservadores e reaccionarios, que lles franquearan o paso ó poder, tanto coma estes tendían á estabilización autoritaria.[12] O ultranacionalismo fascista, o «contido da forma» das escenificacións e da retórica revolucionaria fascista non é irrelevante, tanto como non o é a deriva cara á guerra da Alemaña nazi á que se sumou a Italia de Mussolini tras a *svolta totalitaria*. Nesa deriva tivo moito máis que ver a forxa dunha comunidade nacional mítica arredor dun líder visionario, ca unha necesidade ou ambición estritamente económica.[13]

Na España de 1936 existía un partido fascista, FET-JONS, nun contexto político da dereita española moi fascistizado. Ó rematar a Guerra Civil, participaban na coalición autoritaria informal, dirixida por Franco, o Exército, o partido fascista, a Igrexa católica e os grandes intereses económicos. Agora ben, a adopción de ferramentas de análise non nos permite deternos nesta constatación ou descrición sucinta, senón que nos ha servir para, mediante a investigación e a comparación, avanzarmos na interpretación e resposta a vellas cuestións. Neste sentido é interesante sinalar que existiu, do principio á fin do réxime, un núcleo propiamente fascista en FET-JONS e o réxime,[14] pero que a súa posición quedou sempre subordinada na dirección do mesmo por unha serie de crises e conflitos: en 1937, 1941-42, 1948-57, 1969… De aí que, de forma, por así dicilo, «conxénita», o franquismo presente unha dinámica interna diverxente da que, ó cabo e ó remate, observaron os réximes fascistas italiano e alemán: no canto da radicalización acumulativa, afirmación progresiva dos máis conservadores; fortalecemento do Estado e da administración, no canto da súa descomposición; forte construción 'autoritaria', no sentido de represiva, en detrimento da 'totalitaria' ou pseudoparticipativa.[15]

Ó noso xuízo, as ferramentas interpretativas ata aquí ofrecidas permiten explicar *toda* a evolución do réxime en clave interna, en lugar de atribuír os seus cambios a adaptacións e maquillaxes para sobrevivir longo tempo á derrota dos fascismos na Segunda Guerra Mundial. E isto é así porque a dirección determinante nesta evolución respondeu á ideoloxía dominante no réxime, que non foi a fascista, senón a de *Acción Española*, moderna e asemade ultrarreaccionaria.[16] O referente do *fascismo* é, polo tanto, tan necesario coma insuficiente para explicar o franquismo en toda a súa traxectoria. Tampouco se pode explicar o réxime, aínda menos o seu final, só coa perspectiva «desde arriba».[17]

**O «contido da forma» das escenificacións e da retórica revolucionaria fascista non é irrelevante, tanto como non o é a deriva cara á guerra da Alemaña nazi á que se sumou Italia (...) Nesa deriva tivo moito máis que ver a forxa dunha comunidade nacional mítica arredor dun líder visionario, ca unha necesidade ou ambición estritamente económica**

Roger Griffin propón para o franquismo e os réximes autoritarios, conservadores, da Europa de entreguerras o termo *para-fascismo*, que vén a significar 'pseudo-fascismo' ou falso fascismo:

> ... réximes contrarrevolucionarios (isto é, non só os anti-comunistas senón os anti-fascistas) que se disfrazan de revolucionarios (de pro-fascistas). Agora que o derradeiro *ancien régime* fora eliminado, estragada a ideoloxía do conservadorismo lexitimista ou restauracionista e xa que a era da política de masas se espallara a todas as partes en Europa, a meirande parte dos líderes autoritarios sentiu a necesidade dunha fachada de lexitimación popular. Tan impresionante foi o éxito aparente primeiro do Fascismo e do Nazismo en unificar o nacionalismo revolucionario nunha «terceira vía» entre o comunismo e o liberalismo, que o seu aspecto exterior tiña por forza que ser imitado polos réximes conservadores e militares como un recurso cosmético para reter a hexemonía, para manipular máis que para espertar as enerxías populistas xenuínas. O resultado describiuse en termos tales como «fascistizados», «pseudo-fascistas», «proto-fascistas» ou «semi-fascistas». No seu canto eu propoño usar o termo «para-fascista» no que o prefixo *para-* connota unha 'alteración, perversión, simulación' (Oxford English Dictionary) do fascismo «real» tal e como xa o definimos. […][18]

**Roger Griffin propón para o franquismo e os réximes autoritarios, conservadores, da Europa de entreguerras o termo *para-fascismo*, que vén a significar 'pseudo-fascismo' ou falso fascismo**

É esta unha definición dentro dunha obra que, despois de definir o «fascismo xenuíno», trata de establecer os seus límites diferenciándoo de «falsas imitacións». É dicir, para os nosos intereses define o franquismo en negativo, de xeito que con razón se lle pode reprochar que desprece a forte pegada e persistencia do fascismo xenuíno e da fascistización das forzas conservadoras na vida social e política baixo o franquismo. Ademais, obriga a investigar o núcleo autoritario-conservador destes réximes, que no




franquismo vén dado por Acción Española que, pola súa vez, nos remite á Action Française. Por isto mesmo, porque este tipo de réximes foron máis comúns e estendidos en Europa cós propiamente fascistas, podemos situar a investigación sobre o franquismo no centro da axenda da historiografía das ditaduras na Europa do século XX. Nós, polas razóns que xa expuxemos, propoñemos o termo *ditadura fascistizada* como resposta á pregunta sobre a natureza do franquismo.[19]

O debate segue aberto. O panorama da historiografía está lonxe de ofrecer coincidencias entre historiadores que aquí referimos como parte dunha mesma argumentación, a nosa, pero que entre eles están lonxe de coincidir. Así, Gentile mostra grandes prevencións diante dun concepto xenérico de fascismo que transcenda a experiencia italiana, mentres que Griffin é remiso a concibir a ideoloxía fascista como «relixión política», pois considera que migracións e mimetismo da linguaxe relixiosa, nun sentido amplo, se producen e se teñen producido en todas as ideoloxías cunha mensaxe mítica ou utópica, desde o comunismo ó liberalismo.

O compromiso ético non debe empecer a capacidade de discriminar e explicar experiencias históricas diversas, como tampouco debe estar ausente do traballo do historiador. A democracia en España necesita que se investiguen os asasinatos extraxudiciais

cometidos durante a contenda civil e tamén despois, que os que loitaron nela abandonen o silencio e a indignidade das foxas e a condición de bandoleiros ou antiespañois, que a Garda Civil deixe de celebrar o ter acabado coa resistencia armada á ditadura ou a destrución do anarquismo e equipare tales «méritos» coa súa loita actual contra ETA,[20] que a xustiza deixe de considerar conforme a dereito en toda regra crimes execrables como a morte de Julián Grimau…[21] ¿Como é posible que Chile recoñeza os seus crimes de Estado e rehabilite as vítimas ós trinta anos do inicio da súa ditadura e, pola contra, España, pasados sesenta e cinco anos da destrución da democracia e vinte e seis da súa recuperación, aínda teña contas pendentes co pasado? ¿Como é posible que se confunda a «reconciliación nacional» ata o extremo de considerar como iguais os que liberaron Francia do nazismo, por unha banda, e os membros da División Azul pola outra? Englobar o franquismo na familia de réximes que, sen seren fascistas, adoptaron formas e instrumentos fascistas de xeito persistente ata o final non impide nin dilúe a denuncia nin a toma de posición sobre eles desde valores democráticos.

NOTAS

[1] Enrique Moradiellos: *La España de Franco (1939--1975). Política y sociedad*, Madrid, Síntesis, 2000. José Luis Gardía Delgado (coord.): *Franquismo. El juicio de la historia*, Madrid, Temas de Hoy, 2000. Thomàs, Joan M.ª (ed.): *Franquismo/Fascismo = Franquismo/Feixisme = Franchismo/Fascismo*, Reus, Fundació d'Estudis Socials Joseph Recasens, 2001 (publicación das Xornadas «El Règim de Franco: els primers temps (1936-1945)», celebradas en Tarragona os días 2 e 3 de novembro de 2000). Javier Tusell, Emilio Gentile e Giuliana Di Febo (eds.): *Fascismo y franquismo, cara a cara: Unha perspectiva histórica*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2004.

[2] Ver ó respecto o dosier «Memoria y olvido del franquismo» do número 11 (primavera 2003) da revista *Pasajes de Pensamiento Contemporáneo*, en particular os artigos de Carme Molinero e de Vicente Sánchez-Biosca.

[3] Non se trata de cuestionar aquí un suposto «resistencialismo», vella crítica que non compartimos, pois os conceptos que pretenden nacer na neutralidade axiña son apropiados ou rexeitados por razóns éticas ou políticas, como ben o evidencia o caso do «réxime autoritario» de J. J. Linz, e o historiador non pode escribir na ignorancia deste fenómeno. Trátase máis ben de advertir sobre os supostos metodolóxicos da resistencia a admitir determinadas categorías analíticas que «disecciónan» a historia na súa complexidade.

[4] Lonxe de se extinguir coa «fin da historia», a caída dos réximes comunistas do leste de Europa intensificou o interese e a dedicación dos historiadores á problemática dos fascismos. Atopamos novas achegas e reformulacións en clásicos como Sternhell ou Paxton, ó mesmo tempo que o debate rexistra a incorporación doutros historiadores como Griffin, Eatwell, Kallis, Renton ou Neocleus. Roger Griffin (ed.): *Fascism*, Oxford University Press, 1995. Aristotle A. Kallis (ed.): *The fascism reader*, Londres, Routledge, 2003. Zeev Sternhell: *Maurice Barrès et le nationalisme français*, París, Fayard, 2000. Do mesmo autor: *La droite révolutionnaire 1885-1914: les origines françaises du fascisme*, París, Fayard, 2000 (nova edición ampliada). G. L. Mosse, *The Fascist Revolution: Toward a General Theory of Fascism* (1999). Roger Eatwell, *Fascism: A History*, Londres, Vintage, 1996. Robert O. Paxton, «The Five Stages of Fascism» [*The Journal of Modern History* 70 (Marzo 1998): 1-23]. Dave Renton: *Fascism: Theory and Practice,* Londres, Pluto Press, 1999.




[5] Aqueles historiadores que, como Javier Tussell ou Stanley Paine, adoptan a descrición de «réxime autoritario» acuñada en 1964 por J. J. Linz, recoñecen o notable peso dos compoñentes asimilados do fascismo nas orixes do franquismo. Os que buscan en «peculiaridades» da traxectoria de

**A democracia en España necesita que se investiguen os asasinatos extraxudiciais cometidos durante a contenda civil e tamén despois**

España cara á modernidade as claves do particular peso da compoñente tradicional e conservadora na ditadura de Franco, sexa para negar a posibilidade do fascismo en España ou para recoñecer a singularidade do franquismo dentro da familia dos fascismos, tenden a subscribir ou construír un tipo de explicación semellante ás teses da *rivoluzione mancata* italiana ou do *Sonderweg* alemán. Con argumentos similares dictamínase a inviabilidade da democracia republicana de 1931 ou atribúese ós tecnócratas do franquismo a creación determinante das condicións necesarias para a consolidación do actual réxime.

**Englobar o franquismo na familia de réximes que, sen seren fascistas, adoptaron formas e instrumentos fascistas de xeito persistente ata o final non impide nin dilúe a denuncia nin a toma de posición sobre eles desde valores democráticos**

[6] Hai pouco viu a luz a tradución para o castelán da obra de Philippe Burrin: *Francia bajo la ocupación nazi 1940-1944*, Barcelona, Paidós, 2004.

[7] C. J. Friedrich e Z. Brzezinski: *Totalitarian Dictatorship and Autocracy*, Cambridge, 1956. Linz pretendeu retratar o franquismo ó construír sobre el o seu modelo de *réxime autoritario*: un sistema con pluralismo político limitado, falto de ideoloxía pero investido dunha peculiar mentalidade, pouco proclive á mobilización social agás en determinadas ocasións, e cun liderado de comportamentos predicibles. J. J. Linz: «An authoritarian regime: the case of Spain», en E. Allard e Y. Littunen (eds.): *Cleavages, Ideologies and Party Systems*, Helsinki, 1964.

[8] Ó respecto, Ismael Saz: «Repensar el feixisme», *Afers,* 25 (1996), 443-473. Mentres que, no marco do totalitarismo, as teses de Linz promovían unha forma de historia política formal-funcionalista, no clásico do fascismo a proposta metodolóxica era a dunha historia social estruturalista ó vello estilo. Ismael Saz Campos: «Fascism, fascistization and developmentalism in Franco's dictatorship», *Social History*, vol. 29,. 3 (agosto 2004), páx. 345.

[9] Para unha reinterpretación do fascismo italiano, Emilio Gentile: «Introducción al fascismo», en Javier Tusell, Emilio Gentile e Giuliana di Febo (eds.): *Fascismo y franquismo...*, páxs. 17-24.

[10] Emilio Gentile, «La sacralización de la política y el fascismo», en *idem*., páxs. 57-68. Se isto afirma o historiador de referencia na actualidade para o fascismo italiano, algo semellante vense dicindo desde hai anos verbo do nazismo. Desde arriba, o partido preséntase como «grande educador», socializador dos individuos na relixión da nación, mentres que a historia «desde abaixo» revela a efectividade do movemento nazi para crear sentido de identidade e pertenza mediante formas non democráticas de participación na empresa nacional, mortíferas para os excluídos dela.

[11] Roger Griffin, *The Nature of Fascism*, Londres, Routledge, 1993, páx. 44 (a tradución é nosa). Griffin proponse construír un tipo ideal que sexa operativo e considera que unha aproximación ó fascismo como forza política definida pola súa ideoloxía é a forma que pode resultar máis eficaz para a historiografía. Sobre o papel determinante da ideoloxía no fascismo escribiron Ernst Nolte, George L. Mosse, Zeev Sternhell, Reinhard Kühnl, Emilio Gentile e Roger Griffin, entre outros.

[12] Unha boa explicación sobre as estruturas de poder nos fascismos, en Philippe Burrin, «Politique et société: les structures de pouvoir dans l'Italie fasciste et l'Allemagne nazi», *Annales, Économies, Sociétés, Civilisations* 3 (1998), 615-637.

[13] Esta foi a constatación diante da que se tivo que render ó cabo da súa vida o gran historiador británico Tim Mason. O nazismo non admitía unha explicación do seu camiño cara á guerra en termos de realización das ambicións imperialistas do capitalismo corporativo e financeiro alemán, unha vez esmagado o movemento obreiro polo fascismo. Aínda menos podía explicarse así a execución do racismo xenocida nazi. Tampouco como unha fuxida cara a adiante forzada polos estrangulamentos xerados polo rearmamento na economía alemana. Só no ámbito do ultranacionalismo, da forxa dunha comunidade nacional en perpetuo movemento e sometida a probas extremas, podíase buscar unha explicación da marcha do fascismo alemán cara á autodestrución. *Tim Mason : Nazism, fascism and the working class*, Cambridge University Press, 1996.

[14] Para a historia de FET-JONS, véxase Joan M.ª Thomàs: *La Falange de Franco. Fascismo y fascistización en el régimen franquista (1937-1945)*, Barcelona, Plaza & Janés, 2001.

[15] Emilio Gentile, *Fascismo: Historia e Interpretación*, Madrid, Alianza, 2004, para Italia ; ou Ian Kershaw: *Adolf Hitler*, Barcelona, Folio, 2003, para Alemaña, na liña dos estruturalistas que procede de Franz Neumann e pasa por Hüttenberger, Hans Mommsen e Martin Broszat.

[16] Sobre as ideoloxías nacionalistas no réxime de Franco, Ismael Saz Campos: *España contra España. Los nacionalismos franquistas*, Madrid, Marcial Pons, 2003.

[17] No seu día propuxemos unha investigación das actitudes políticas da xente corrente que iniciamos cunha serie de estudos de historia oral sobre os obreiros valencianos na posguerra. Ver os capítulos «Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia en la posguerra» e «Trabajadores corrientes», reeditados na recompilación Ismael Saz Campos: *Fascismo y Franquismo*, Valencia, Publicacions de la Universitat de València, 2004, páxs. 171-196 e 197-242, respectivamente.

[18] R. Griffin, *The Nature of Fascism*, *op. cit.*, 120-36 (a tradución é nosa).

[19] A caracterización do franquismo como tal en I. Saz: «El franquismo, ¿régimen autoritario o dictadura fascista?», en J. Tusell *et al.*, *El régimen de Franco (1936-1975)*, Madrid, UNED, 1993, tomo I, 189-201; ídem., «El primer franquismo», en *Ayer* 36 (1999), 201-221.

[20] Http://www.guardiacivil.org/prensa/actividades/itinerante/itin-historia2.jsp

[21] «Grimau, condenado de nuevo en 1990», *El País* 20/9/2004, páx. 34

**ISMAEL SAZ CAMPOS**
UNIVERSITADE DE VALENCIA
**ALBERTO GÓMEZ RODA**
ARQUIVO JOSÉ LUIS BORBOLLA
CCOOPV

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 21-30.

# A RESISTENCIA GUERRILLEIRA, LUCES E SOMBRAS

RAMÓN GARCÍA PIÑEIRO

Na década dos corenta do século pasado, grupos de resistentes republicanos espallados por áreas rurais sostiveron un rescaldo de resistencia armada na silente España franquista. O núcleo deste epígono de «exército roxo» conformábano os fuxidos que se refuxiaron nas serras para evitar a onda represiva de posguerra, pero as súas filas arrequeceron cos activistas do interior que optaban por botarse ó monte en descubríndose o seu compromiso clandestino e cos «maquis» retornados desde Francia para reactivar a resistencia armada. Aínda que teñen sido obxecto de atención tanto pola investigación especializada como pola literatura de evasión e mesmo pola industria cinematográfica, dista de ser satisfactorio e compartido o axuizamento que se fixo do seu singular, extremo e desesperado testemuño de rebeldía. En particular, non hai consenso historiográfico verbo da concreción da súa relación co PCE, organización que alentou a chama insurreccional para impedir que se pechara o capítulo da guerra coa derrota sen paliativos e para destacar que contaba no interior con forzas operativas.[1] Esclarecer algunhas sombras da índole desa relación figura entre os obxectivos desta breve reflexión.

## Os contextos da resistencia armada

Os escenarios desta interrelación dependeron da irregular capacidade de resposta dos fuxidos, da evolución do réxime, dos vaivéns da oposición, do inconstante contexto internacional e, especialmente, da acomodación do PCE ás mudanzas destas variables. Grosso modo, pódennos servir de referencia as seguintes coordenadas.




**Fase de Unión Nacional (1943-1944).** Ó remitir o empuxe da maquinaria militar alemá, reparouse en que quedaran enquistados polos bosques e serras algúns milleiros de republicanos. Nun escenario internacional marcado polo cambio de signo operado en 1943, a errática subsistencia dos fuxidos adquiriu pleno sentido: podían forzar a intervención dos aliados en España se eran capaces de promover a «insurrección nacio-

Maquis no Pireneo catalán

Aínda que teñen sido obxecto de atención tanto pola investigación especializada como pola literatura de evasión e mesmo pola industria cinematográfica, dista de ser satisfactorio e compartido o axuizamento que se fixo do seu singular, extremo e desesperado testemuño de rebeldía

nal», para o cal debían adoptar a pauta militar de encádramento. Para isto, polas demarcacións onde había fuxidos, distribuíronse instrutores vinculados á Junta Suprema de Unión Nacional. O seu afán militarizador, o optimismo que lles fornecía o inminente «desembarco aliado» e a súa teima en adoptar posturas máis belixerantes, amais do receo que espertaba entre os non comunistas a dubidosa pluralidade de Unión Nacional, suscitaron non poucas reservas.[2]

**Fase de xestación (1944-1946).** Coincidindo coas expectativas abertas coa fin da Guerra Mundial en Europa, os fuxidos reforzáronse con comandos guerrilleiros procedentes de Francia. Aínda que estes non sempre sintonizaron cos resistentes do interior, xeralmente máis cautos, impuxeron o seu criterio de constituír, onde non as había, agrupacións guerrilleiras para dotar de disciplina e obxectivos uns resistentes que, ata esa data, actuaran de forma espontánea, errática e inconexa.[3]

**A etapa da Agrupación Guerrilleira (1946-1948).** Este período caracterizouse pola subordinación plena da actividade sindical e política á resistencia armada, percibida como prioridade e vertebrada nas organizacións guerrilleiras que se estruturaron en España. Ante a mordaza de temor que coutaba o movemento obreiro, non se albiscaba máis factor de desacougo interior e acicate á intervención exterior que as accións que, pistola en man, protagonizaban os fuxidos. Da súa combatividade dependían as bazas do PCE, organización que acentuaba o seu illamento coa ruptura da alianza que esmagara o nazismo, preludio da división en bloques e da Guerra Fría.

**O primeiro cambio de rumbo (1948-1950).** Dada a nova polaridade internacional e o afianzamento do réxime, Stalin recomendou ó PCE que substituíra o enfrontamento directo pola erosión paciente das institucións franquistas. Non ten nin faladoiro que esta suxestión afectou a actividade guerrilleira, pero a crítica especializada discrepa á hora de determinar en que medida. Nunha primeira valoración da audiencia, sostívose que a infiltración nas organizacións franquistas, logo denominada *entrismo*, implicaba o abandono da vía armada, xa que a coexistencia de ambas as tácticas resultaba inoportuna e contraproducente.[4] Porén, con máis elementos de xuízo concluíuse que a recomendación de 1948, máis ca un xiro táctico, entrañaba un cambio de énfase opositor. En concreto, pretendíase que os guerrilleiros se supeditaran á actividade política, asumindo tarefas de auxilio, protección e salvagarda dos organismos clandestinos orientados, en expresión propia da xerga comunista, ás masas.[5] Con este cometido distribuíronse enlaces da dirección polas agrupacións guerrilleiras, os cales, amais de recomendar que se desprazara o eixe da actividade insurreccional do monte ós centros de poboación, calcularon os recursos necesarios para soster economicamente os guerrilleiros co obxecto de que deixaran de perpetrar actos de forza.[6]

**O epílogo violento (a partir de 1950).** Como é sabido, as alforxas da guerrilla non serviron para a nova viaxe, xa que os fuxidos estaban atrapados nun enmarañado círculo de complicidades, desmoralización, receo e, incluso, delación. Dada a extensión das «correntes liquidacionistas» –expresión utilizada polo PCE para caracterizar os combatentes máis suspicaces coa dirección exiliada– adoptouse con elas unha actitude ambigua: nin se lles brindou un dispositivo de saída, nin foron cominados a alcanzaren a fronteira francesa polos seus propios medios. Si constan, non obstante, tentativas de evacuación colectivas ou individuais que, por causas diversas, se frustraron. Nunha carta remitida a Dolores Ibárruri en marzo de 1951 e nun informe de 1952, sostiña Carrillo que non foran



En Laviana. No monte con «Los caxigales», outubro 1944. Fotografía de Constantino Suárez

sacados de España por causas alleas á vontade do PCE, pero, ¿teñen os guerrilleiros a mesma percepción deste feito?[7] Coido que non. A realidade demostra que, salvo excepcións, os que abandonaron España fixérono pola súa conta e risco. A ausencia de plans de evacuación, ou cando menos unha orde neste sentido, foi esgrimida por algúns historiadores para refutar que houbera, xa en 1948 xa en 1950, cambio de táctica. A dirección exiliada, para eles, agardou paciente a que o aparato de seguridade franquista lle despexara o camiño para emprender sen rémoras o novo rumbo.[8]

## A relación co partido

Aínda que en manifestos, proclamas e prensa oficial do PCE se enxalzaron as «xestas dos heroicos guerrilleiros», a documentación interna deixa entrever que a relación entre os fuxidos e a organización exiliada distou de ser harmónica. Os receos mutuos xurdiron desde un principio, non ben se estableceron os primeiros contactos e houbo que determinar quen marcaba a pauta, fixaba obxectivos e establecía prioridades. Os fuxidos, en non poucos casos, eran reféns dunha inercia guiada polo seu libre albedrío. Abundan testemuños de militantes «del llano» subliñando que a algúns lles irritaba a proliferación do Partido como tal e que só se aviñan a colaborar se este se supeditaba ós seus desexos.[9]

Este obxectivo alcanzouse parcialmente entre 1946 e 1950, etapa na que a organización política quedou subsumida baixo as engrenaxes da actividade guerrilleira. Como os contactos co monte eran precarios e o grao de autonomía co que actuaban os guerrilleiros raiaba o absoluto, a formación política exiliada, no foro interno, deslizou comentarios moi críticos sobre algúns guerrilleiros, ós que acusou de «endiosamiento, autosuficiencia y subestimación de las capacidades del Partido».[10] Esta desconfianza queda patente tamén nas notas, apostilas e valoracións introducidas nos informes de recepción dos fuxidos que traspoñían a fronteira con Francia. O desencontro acentuouse a partir de 1950, data que deslinda unha nova etapa marcada polo receo aberto, a descualificación mutua e, incluso, a ruptura. Da dimensión do divorcio, alimentado mesmo con enfrontamentos violentos, quedaron testemuños en diversos

Aínda que en manifestos, proclamas e prensa oficial do PCE se enxalzaron as «xestas dos heroicos guerrilleiros», a documentación interna deixa entrever que a relación entre os fuxidos e a organización exiliada distou de ser harmónica

lugares de España. A esta época, lastrada pola histeria antititista, pertencen as acusacións de «traizón», «desviacionismo», «provocación», «caudillismo» e «aventureirismo anarquista», co seu corolario de *ismos* enfiados ó quiñonismo ou monzonismo. Da crítica individual pásase agora, por elevación, á refutación da actividade guerrilleira como táctica de resistencia, toda vez que «no sólo no resuelve la situación, si no que en casos, dificulta la lucha de masas contra el franquismo creando el confusionismo y realizando una labor de provocación policíaca, aunque directamente quizás algunos no estén a su servicio».[11] Como se ve, de flor do pobo consciente quedaron relegados pouco menos que á categoría de confidentes. A triste pegada desta mudanza non foi outra que a ignominiosa secuela de combatentes desaparecidos en circunstancias non ben esclarecidas, como Luis Montero Álvarez ou, tempo atrás, Víctor García Estanillo.[12]

**Os combatentes clandestinos, pola contra, orientábanse polo pragmático principio brechtiano de «primeiro a comida, logo a moral» e, como os seus días estaban contados, practicaban o *carpe diem***

## Guerrilleiros ou bandoleiros

Os patróns de conduta desexados polo Partido non sempre concordaron coas pretensións e prioridades dos fuxidos. A organización política esperaba que os seus guerrilleiros, sobre de disciplinados, valentes e xustos, foran austeros e frugais. Os combatentes clandestinos, pola contra, orientábanse polo pragmático principio brechtiano de «primeiro a comida, logo a moral» e, como os seus días estaban contados, practicaban o *carpe diem*. Cando un deles tivo que dar conta das súas vivencias cotiás recoñeceu que vivían ben, subliñando que «ya sería el colmo si además de estar en el monte no podían por lo menos comer y beber a placer».[13] Durante anos canalizaron unha parte dos seus ingresos á actividade política, pero ó se deteriorar as relacións mostráronse cada día máis remisos a alimentar o fondo do Partido. No seu descargo alegaban que «cualquier día iban a morir y que querían disfrutarlo».[14]




Con severidade reprochóuselles desde o PCE «que vivieran en el libertinaje», «que fueran aventureros» e que non perseguiran máis obxectivo «que conservar la vida en las más gratas condiciones posibles». Máis que «la independencia o la pasividad», rillaba que fixeran gala de opulencia, que se mostraran prepotentes. Foron frecuentes entre os apoios as críticas «por vivir espléndidamente», «vestir camisas de seda» e «tener una idea novelesca del trabajo clandestino», agudizadas cando fachendeaban de manexar cartos a eito. En casos concretos, sobre todo na etapa de colisión, non se eludiu que algúns se decantaran pola guerrilla como «una profesión en la que ganarse la vida». Maior irritación causaron as «debilidades» de natureza sexual, que foi o flanco máis vulnerable dos fuxidos. Ademais, os excesos neste ámbito provocaron resentimentos entre os apoios e ata graves enfrontamentos internos. Algún colaborador chegou a comentar despectivamente «que se mataban entre ellos por líos de faldas». Non sorprende, polo tanto, que moitos enlaces creran que a súa principal misión era evitar que cometeran atropelos, «ya que el tipo de vida que llevaban era propicio para que se convirtieran en delincuentes».[15] A acritude no axuizamento das condutas extremábase cada vez que rifaban violentamente,

se excedían co alcohol ou se pasaban cun enlace. Códigos deontolóxicos como o da Agrupación de Levante ou León-Galicia foron excepcionais. [16]

## O déficit formativo

A tentación da vida fácil, da ociosidade e, no peor dos casos, do bandoleirismo nutríase, ó entender do Partido, na escasa preparación política dos guerrilleiros. Dos que chegaban a Francia, as apostilas que pechaban os informes de recepción case sempre eran negativas: «limitada inteligencia», «semianalfabeto», «escasa formación» e «poca cultura» foron as preferidas. Non máis eloxiosos foron os comentarios dedicados ós combatentes que desde Francia se enviaban ó interior, a pesar de que a estes se lles supoñía maior bagaxe. «Sectario», «atrasado», «poco desarrollado» e «muy limitado» foron epítetos utilizados cadora.[17] Máis ácidos e sen misericordia foron os deostos utilizados na década dos cincuenta, xa que se pretendía desarraigar todo rescaldo de simpatía por eles. A misión dun emisario do exilio por volta de 1953 non foi outra que explicar «cómo un grupo de hombres que viven sin conocer ni preocuparse de sus problemas, sin preocuparse de su formación ideológica y política, es decir, sin hacer vida política y teniendo como único objetivo o al menos el fundamental la lucha por la vida, llegan a degenerarse o a transformarse poco menos que en bestias en cuanto a los instintos».[18]

Dadas estas carencias, no monte as tarefas distribuíronse da seguinte maneira: os autóctonos adquiriron maior protagonismo nas accións de armas mentres que os procedentes de Francia, en ocasións chamados «maquis», se ocuparon preferentemente dos cometidos de carácter político. Unha anécdota, recordada por un enlace, ilustra este deslinde de funcións, propio de caracteres e talantes dispares. Ó parecer, e como era o seu costume, un guerrilleiro da zona ofreceuse para vixiar en comezando unha charla de adoutrinamento. Cando o instrutor, chegado de Francia, lle indicou a conveniencia de escoitar a súa intervención, o paisano retrucou que el «no sabía lo que era sentarse en el sillón de la barbería».[19] Tan pouco receptivos se mostraban ó debate político, mesmo nos seus aspectos puramente formais, que un enviado de Uribe non disimulou a súa sorpresa ó descubrir que un guerrilleiro «asistía a las reuniones con papel y bolígrafo, tomaba notas y fundamentaba en ellas sus intervenciones», actitude que lle pareceu insólita en persoas carentes dos máis elementais rudimentos formativos.

## Conclusión

Durante o franquismo, a principal baza política esgrimida polo PCE foi a súa capacidade de mobilización social. Na primeira década, esta baseouse case exclusivamente na actividade guerrilleira, percibida polo réxime como principal escollo interno para a súa consolidación. Por iso, en emisións radiofónicas, comunicados, discursos e publicacións foron enxalzadas as súas accións, atribuídas á indómita vangarda dun pobo heroico que non se dobregaba. Porén, e non só na fase de desbandada, no ámbito interno foron un encordio.

Aínda que se incluíra no patrimonio do Partido Comunista a súa capacidade de intimidación, asumiran tan debilmente a disciplina orgánica, desenvolvíanse en espazos tan inhóspitos e estaban tan illados que non se podía exercer sobre eles un control político eficaz. Os vínculos sempre foron precarios e inseguros, ata o punto de que algúns enlaces enviados desde Francia, mesmo os máis aguerridos, recoñecían que lles intimidaba subir ó monte. Neste ámbito, ademais, callaron códigos e valores propios de resistencia, non sempre concordantes cos do Partido. Para os fuxidos, como é lóxico, a prioridade era a supervivencia e, como esta dependía do gatillo dunha pistola, só se pre-

**Os autóctonos adquiriron maior protagonismo nas accións de armas mentres que os procedentes de Francia, en ocasións chamados «maquis», se ocuparon preferentemente dos cometidos de carácter político**

Mendigo, Madrid, outubro de 1940. Fotografía de Hermes Pato



gaban ás directrices do PCE cando estas garantían a súa integridade. Por iso, tras a dobre rectificación táctica, a de 1948 e a de 1950, terminaron sendo un estorbo.

**Durante o franquismo, a principal baza política esgrimida polo pce foi a súa capacidade de mobilización social. Na primeira década, esta baseouse case exclusivamente na actividade guerrilleira, percibida polo réxime como principal escollo interno para a súa consolidación**

NOTAS

[1] Dúas visións de conxunto nos ilustran sobre este aspecto: a de Francisco Moreno Gómez, *La resistencia armada contra Franco*, Barcelona, Crítica, 2001 e a de Secundino Serrano, *Maquis: historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Temas de Hoy, 2001.

[2] Fernanda Romeo Alfaro, «Panorámica sociopolítica de los primeros movimientos guerrilleros en las España del 39 al 46», en *El primer franquismo. España durante la segunda guerra mundial*, Madrid, Siglo XXI, 1989, páxs. 365 e 366.

[3] Harmut Heine, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1980, páxs. 139 e ss.

[4] Paloma Fernández Pancorbo, *El maquis al norte del Ebro*, Zaragoza, Diputación General de Aragón, 1988, páxs. 113 e 114.

[5] José María Azuaga Rico, «El cambio de táctica del PCE con relación a la lucha guerrillera: El caso de Granada y Málaga», en *Actas del I Congreso sobre la historia del PCE, 1920-1977*, Madrid, Fundación de Investigaciones Marxistas, 2004 (CD-ROM).

[6] Fernanda Romeu Alfaro, *Más allá de la utopía. Perfil histórico de la Agrupación Guerrillera de Levante*, Valencia, Edicions Alfons El Magnànim, 1987, páx. 156.

[7] Carta de Santiago Carrillo a Dolores Ibárruri, marzo de 1951. Caixa 34/23, f. 17 e 18. Arquivo Histórico do PCE (en diante, AHPCE). E «Informe de Santiago Carrillo sobre la situación política y la actividad del Partido en el interior, 1952». Caixa 30/1, f. 70, AHPCE.

[8] Un exemplo de evasión colectiva á marxe do PCE en José Antonio Vidal Castaño, «Mujeres en un mundo de hombres. La presencia femenina en la Agrupación Guerrillera de Levante y Aragón», *V Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Albacete, 2003 (CD-ROM).

[9] Ramón García Piñeiro, «Guerrilleros, fugaos, bandoleros. Ambivalencias en la relación del PCE con los huidos asturianos», en *Actas del I Congreso sobre la historia del PCE, 1920-1977*, Madrid, Fundación de Investigaciones Marxistas, 2004 (CD-ROM).

[10] «Experiencias sobre el trabajo de masas en Asturias, León y Santander», xaneiro de 1955, AHPCE.

[11] «Boletín Interior del PCE, agosto de 1951», Sección Movimiento Guerrillero, AHPCE.

[12] Carlos G. Reigosa, *El regreso de los maquis*, Xixón, Ediciones Júcar, 1992, páx. 47 e ss. Nun testemuño recollido por Fernanda Romeo, un activista admite que «desparecieron muchos hombres de golpe y porrazo». En *Más allá de la utopia*, o. cit., páx. 207.

[13] Informe de Ceferino Díaz Torres, 2 de xaneiro de 1948. Sección Movimiento Guerrillero, AHPCE.

[14] «Informe de Julio sobre Asturias», 3 de xaneiro de 1950. Sección Movimiento Guerrillero, AHPCE.

[15] Entrevista con Manuel Losa Prieto, Sama de Langreo, 24 de decembro de 1987.

[16] José Antonio Vidal Castaño, «La política del PCE y la Agrupación Guerrillera de Levante (1944-1952)», en *Actas del I Congreso sobre la historia del PCE, 1920-1977*, Madrid, Fundación de Investigaciones Marxistas, 2004 (CD-ROM). E Secundino Serrano, *La guerrilla antifranquista en León (1936-1951)*, Junta de Castilla y León, 1986, páx. 206.

[17] «Características de los grupos enviados a España en el último trimestre de 1945», Sección Movimiento Guerrillero, AHPCE.

[18] «Informe sobre el viaje a Asturias» (sen data), AHPCE.

[19] Testemuño de Avelino Antuña Suárez, Sotrondio, 18 de decembro de 1987.

[20] «Informe de Julio sobre Asturias», 3 de xaneiro de 1950, AHPCE.

***RAMÓN GARCÍA PIÑEIRO***
PROFESOR DE I. E. S.

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 27-34.

# A REPRESIÓN FRANQUISTA EN GALICIA. UN PRIMEIRO BALANCE

JULIO PRADA RODRÍGUEZ

## 1. A historiografía sobre a represión en Galicia

Ata hai algo máis de dúas décadas poderiamos falar da práctica existencia dun deserto historiográfico sobre a Guerra Civil e a represión en Galicia. Este baleiro cubríase parcialmente a partir de con contados estudos que tomaban como punto de partida catro obras que tiñan en común o seu carácter propagandístico e unha completa ausencia de rigor histórico: tres do lado franquista (Silva Ferreiro, 1938; Moure Mariño, 1939; Arrarás, 1940-44) e unha do lado republicano (*Lo que han hecho en Galicia*, 1938). Contribucións como as de Cerecedo (1977) e Costa Clavell (1977) non tiveron continuidade, malia o seu carácter pioneiro nalgúns aspectos; noutras, o tema da represión só aparecía insinuado no contexto da resistencia armada contra o franquismo (Heine, 1980; Máiz, 1988). Os máis reputados pioneiros na materia (H. Thomas, M. Tuñón de Lara, P. Preston, G. Jackson, R. Carr…) tampouco amosaran demasiado interese en profundar no caso galego, que unicamente ocupa algunhas páxinas das súas obras, polo demais non exentas de notables erros no que ó noso país se refire.

A obra de C. Fernández (1981) inauguraba unha década que principiaba con inmellorables expectativas para este tipo de estudos (consolidación democrática, triunfo do PSOE, crecemento da matrícula na Facultade de Xeografía e Historia, aínda




vivían moitos dos protagonistas directos…) pero que resultou, historiograficamente, frustrante: apenas os dous cadernos monográficos publicados por *A Nosa Terra* (1986 e 1987) e o xa citado libro de Máiz (1988), polo demais necesariamente desigual dado o dilatado período que aspiraba a cubrir (1930-1976) nas súas escasas trescentas páxinas en pequeno formato.

Mais os anos oitenta foron tamén os da recuperación da memoria a través dos testemuños de moitas vítimas do que a maioría

Os anos oitenta foron tamén os da recuperación da memoria a través dos testemuños de moitas vítimas do que a maioría denominaba «a máis incivil das guerras»

denominaba «a máis incivil das guerras». Neste capítulo hai que destacar o meritorio labor desenvolto por Díaz Pardo a través de Ediciós do Castro: a serie «Documentos» contén unha chea de títulos de obrigada consulta para calquera estudoso dos anos de medo e fame. Entre o amplísimo catálogo existente poderiamos lembrar *Fuxidos* de J. Noya (1976) e *Memorias de un luchador* (1977) de Enrique Líster Forján; *Memoria dun fuxido*, escrito durante a guerra por M. González Fresco, aínda que editado en 1980; *Os que non morreron* (1982), *A crueldade inútil* (1985) e *Desde la diáspora* de X. Díaz Fernández (1991); *Cuatro años a bordo de una isla* (1984) de E. Mosquera; *Antología de un hombre que perdió su futuro* (1985) de A. Fernández Saavedra; *Testimonio de la Guerra Civil* de Isabel Ríos (1986); *Uno de tantos* de G. Sanz (1986); *De cárcel en cárcel* de Diego San José (1988); *Matádeo mañá* de Elixio Rodríguez (1994); *E. Fernández Sendón* (1998); *Francisco González Vidal* (1999), *José López Bouza* (2002), os diversos tomos de *Memorias* de Santiago Álvarez, e un longo etcétera.

O panorama mudaría substancialmente a partir dos anos noventa como resultado da proliferación de numerosas obras de carácter local e da renovación metodolóxica operada neste eido. Os primeiros conforman un corpus moi desigual que, con todo, nos proporciona información detallada sobre os acontecementos en localidades ou zonas concretas que matizan, cando non desmontan por completo, as versións «oficiais» que deles fixeron a prensa e os diferentes apoloxistas do réxime. Se cadra niso reside o seu principal mérito, que non é pouco, pois moitas carecen dunha visión de conxunto integradora e dunhas bases metodolóxicas sólidas que doten da necesaria perspectiva unhas obras que, en ocasións, caen en exceso no anecdótico ou se limitan a aspectos moi parciais da represión.

Dende o punto de vista metodolóxico, os primeiros avances viñeron da man da incorporación ó estudo da represión do traballo con fontes orais nuns momentos en que os arquivos militares e os fondos carcerarios permanecían, a meirande parte, vedados para os historiadores. Os debates no seo do equipo HISTORGA impulsado por Isaura Varela e Marc Wouters dende a segunda metade dos anos oitenta, deron como resultado a publicación do libro *1936. Os primeiros días*; un conxunto de artigos que teñen en común a centralidade da fonte oral, pero que aínda amosaban grandes eivas en aspectos como unha máis fonda reflexión teórica sobre a natureza e as modalidades da represión e un meirande esforzo interpretativo e sistemático en canto ós seus efectos.

Será a partir da segunda metade dos anos noventa cando os estudos sobre a represión en Galicia experimenten un salto cualitativo grazas á realización das teses de doutoramento de M.ª J. Souto (1997) sobre Lugo, X. M. Suárez (2000) sobre a comarca ferrolá e J. Prada (2004) sobre Ourense que, en diferente medida, se beneficiaron da renovación historiográfica levada a cabo noutras zonas do Estado e da apertura dos arquivos militares e policiais. Isto último tamén está a favorecer un renovado interese polos estudos locais, do que foi unha boa mostra o congreso celebrado en Narón en decembro do ano 2003.

## 2. Un primeiro balance

Non hai moito, A. Reig Tapia (1999) refeíase ás moitas lagoas de coñecemento que aínda perduran sobre a ditadura franquista, afirmando que «Resulta bastante paradoxal que, por exemplo, se considere que o tema do terror e da represión é un tema completamente pechado, cando non é o caso, confundindo a firme e compartida vontade de vivir en paz [...] coa vontade e necesidade de coñecemento que, baixo ningún concepto, pode considerarse a estas alturas inoportuna ou desestabilizadora. Saber é unha esixencia inescusable. Só despois de



tal poderemos permitirmos o luxo de esquecer. Non pode esquecerse o que non se sabe ou é mero producto da ignorancia e a desinformación». Estas palabras son perfectamente aplicables ó caso galego.

En primeiro lugar dende o punto de vista estritamente cuantitativo, pois as diferentes cifras estimativas que se teñen ofrecido non se apoian na imprescindible base empírica documental. Así, por exemplo, X. M. Suárez entende que extrapolando os datos de Ferrol a toda Galicia nos moveriamos nunha cifra duns 4.800 mortos entre xullo e decembro de 1936, número que debería considerarse un máximo que non se correspondería coa realidade por ser esta unha das comarcas de meirande represión; entende que un número duns 3.000 ou 3.500 represaliados nese período sería a estimación máis probable, o que nos situaría nuns niveis moi próximos ás cifras ofrecidas por Salas Larrazábal (1977) e á revisión destas que fixo Martín Rubio (1997) que falan, respectivamente, de 3.254 e 3.548 vítimas da represión franquista e que, cando menos para o caso de Ourense, hai que revisar claramente á alza.

B. Alonso (1997: 377) entende que, coas lóxicas reservas, pode considerarse ben encamiñado o cálculo que establece en 800 o número de persoas fusiladas de xeito «legal» como resultado de xuízos sumarísimos, e unha cifra que supera as 5.000 vítimas ocasionadas polos escuadróns da morte. Pola súa banda, V. L. Lamela (1993: 341) cre que se deberon superar «con moito» os 5.000 fusilados e asasinados, incluíndo *paseados* e mortos en aplicación da *lei de fugas*. Cifras, en todo caso, bastante equilibradas, moi afastadas daquelas primitivas estimacións (1948) que falaban de 120.000 mortos en toda Galicia ás que cómpre aproximarse tendo en conta o contexto no que se producen e sempre dende a perspectiva do que realmente representan: elementos de propaganda e non intentos de cuantificación cunha mínima base científica.

En todo caso, a estas alturas resulta xa materialmente imposible cuantificar de modo exacto o número de vítimas da represión en Galicia. Mesmo os estudos de carácter local que escollesen como ámbito xeográfico un concello toparían con difi-

**Os primeiros avances viñeron da man da incorporación ó estudo da represión do traballo con fontes orais nuns momentos en que os arquivos militares e os fondos carcerarios permanecían, a meirande parte, vedados para os historiadores**

Carrexando comestibles

**En todo caso, a estas alturas resulta xa materialmente imposible cuantificar de modo exacto o número de vítimas da represión en Galicia**

cultades case insalvables. Os historiadores galegos perdemos case unha década preciosa, a dos oitenta, durante a cal tería sido posible rescatar a memoria das vítimas mediante os testemuños dos superviventes se as institucións, e todos nós, nos implicásemos decididamente neste labor. Só desenvolvendo un traballo de campo parroquia a parroquia, concello a concello, tería sido posible elaborar unha listaxe de asasinados que, cando menos, evitase que os seus nomes se perdesen na nebulosa dos tempos sen a simbólica reparación de que as xeracións vindeiras que desexasen coñecer o seu pasado soubesen por que morreron realmente.

É certo que en nada substancial cambiaría a interpretación da represión franquista se en Galicia fosen tres ou sete mil as vítimas; nin por menos nin por máis deixaría de ser máis inxusta ou menos asasina. Pero cando de vítimas da inxustiza se trata, é un deber ético recuperar os seus nomes; non só por esa simbólica reparación á que aludiamos, senón por nós mesmos e polos nosos fillos. Porque a «desmemoria» ou unha memoria enferma, sexa imposta ou autoinflixida, sempre xeran déficits democráticos en todos os niveis: de pensamento crítico, de concienciación, de participación, de compromiso; e isto é algo que nin sequera as nosas opulentas sociedades se poden permitir no longo prazo.

Mais para quen estuda o pasado, tanto ou máis importante é descubrir os mecanismos internos da represión, os seus actores, as súas motivacións, a estratexia á que serve, etc. Neste punto avanzouse notablemente, como se puxo de manifesto no curso *Prisión e Represión en Galicia (1936-1940)* celebrado o pasado mes de xullo en Celanova no que participaron algúns dos mellores especialistas do noso país nesta temática.

En primeiro lugar no relativo á lóxica represiva franquista, que pouco tivo que ver coa «irracionalidade» que lle atribuían algúns estudosos. Todo o contrario, buscaba castigar non só comportamentos que implicasen un atentado contra a súa parti-



cular *legalidade*, senón, sobre todo, anteriores desviacións que puidesen supoñer un perigo certo ou potencial para a súa consolidación; ó mesmo tempo, con isto paralizábase os disidentes e forzábase a colaboración activa dos que non se sentían plenamente identificados cos seus obxectivos, o que vai máis aló da simple procura da desmobilización da poboación, como ten afirmado un sector da historiografía.

Dito doutro xeito: por riba do seu efecto de prevención ou de represalia, a represión foi empregada en Galicia e no resto do Estado para apontoar unha nova orde política e social da que se quería excluír a un importante sector da poboación; para contribuír á desarticulación do inimigo destruíndo as bases sociais de apoio á República ó tempo que se despexaba o camiño para a implantación da súa particular orde económica, social e política. Como tal foi considerada algo «necesario» dende as estruturas *decisicionais* e ideolóxicas rebeldes, pero tamén sabemos que sen a implicación dunha parte importante da poboación, que colaborou na delación e a denuncia do veciño, non tería sido posible que acadase uns niveis cuantitativos tan elevados nin fose tan marcadamente selectiva. Selectiva porque, se ben é certo que houbo vítimas carentes de significación política ou social, asasinadas polas máis variadas retesías de índole persoal, non o é menos que a maioría delas se destacaran pola súa militancia en organizacións republicanas de esquerda ou marxistas ou pertencían á cúpula dirixente do tecido societario e sindical galego.

E estamos, asemade, de acordo en que en Galicia non hai nada parecido a un colapso institucional ó que atribuír os centos de asasinatos paralegais da fase do *terror quente*. Estes, coma a represión institucionalizada en forma de consellos de guerra, forman parte dun único proceso represivo que persegue idénticos obxectivos e serve ás mesmas estratexias, polo que non cabe falar de dúas represións diferentes senón de dúas fases separadas, segundo as zonas, polo outono ou o inverno do 36, nas que predomina unha ou outra modalidade.

Tamén estamos a avanzar no noso coñecemento do complexo penal franquista, que pasa outrosí por dúas etapas ben diferenciadas (Rodríguez Teijeiro e Prada, 2002 e 2003). A primeira estenderíase ata fins do ano 1936 cando, despois da fracasada ofensiva sobre Madrid, se impón a perspectiva dunha longa guerra. Nela, o proceso represivo adquire un carácter que poderiamos cualificar de «local»; é dicir, son as persoas afins ós sublevados en cada cidade, vila ou aldea, as que proceden á identificación e represión dos desafectos. Non hai un sistema penal centralizado, o cal se manifesta, por exemplo, nas escasas disposicións adoptadas pola Junta de Defensa Nacional nesta materia; aprovéitanse as infraestruturas xa existentes ou habilítanse outras novas nos máis insospeitados lugares para dar cabida ó elevado número de presos: depósitos municipais, prisións de partido e prisións provinciais —con diferentes espazos anexos a cada unha delas en forma de prisións provisionais ou habilitadas— acollen os detidos gobernativos á espera de que se clarexen as súas «responsabilidades». Os comandantes militares, gobernadores civís e delegados de Orde Pública asumen, segundo as zonas e os momentos, a dirección de todo este proceso.

Esta situación muda a partir do intre en que se enfrontan dous exércitos: os soldados republicanos feitos prisioneiros son orixinarios, en moitos casos, de zonas que aínda non se atopan baixo o control do bando sublevado, polo que a identificación e atribución de responsabilidades resultan imposibles de levar a cabo de maneira directa; a eles hai que sumar os habitantes dos territorios conquistados, todos eles sospeitosos e como tal susceptibles de investigación. Por outra banda, naquelas zonas onde triunfou o golpe dende os seus inicios,

**A represión foi empregada en Galicia e no resto do Estado para apontoar unha nova orde política e social da que se quería excluír a un importante sector da poboación; para contribuír á desarticulación do inimigo destruíndo as bases sociais de apoio á República ó tempo que se despexaba o camiño para a implantación da súa particular orde económica, social e política**

o proceso de depuración complétase a medida que os consellos de guerra van liquidando as responsabilidades dos encartados; na inmensa maioría dos casos, os condenados a penas de prisión serán trasladados a lugares moi afastados de Galicia, mentres esta se converte no destino final de presos procedentes doutras provincias, particularmente Asturias.




Propaganda franquista

Todos os estudosos do franquismo coincidiriamos, sen dúbida, en considerar a represión como un dos elementos definidores do primeiro franquismo

### 3. Perspectivas de futuro. Cara a onde debemos camiñar

Todos os estudosos do franquismo coincidiriamos, sen dúbida, en considerar a represión como un dos elementos definidores do primeiro franquismo. Pero limitar a súa análise a unha pura cuantificación de mortos significaría prescindir da existencia dun auténtico *microcosmos represivo* que se proxectaba sobre os aspectos máis insignificantes da vida dos homes e mulleres que foron vítimas daqueles anos de medo e fame; de obviar a súa meticulosidade, afán de perfección e prolongación no tempo. Entendemos por iso que é necesario adoptar un enfoque sobre a represión franquista multicomprensivo que, sen renunciar a unha sistematización dos diferentes elementos desintegradores do tecido social empregados, a considere como parte dun programa de acción global que se traduciu na recreación dun clima de sometemento proxectado sobre amplas capas da poboación (Prada, 2003: 67).

A utilización da forza foi moito máis aló dunha simple violencia xeradora de relacións de poder. O seu obxectivo primario, unha vez paralizada a resistencia, foi a dominación e o sometemento dos individuos para facilitar a asunción, mesmo subconsciente, dos novos códigos e valores inspiradores do novo Estado. Por iso, cómpre abordar o seu estudo dende unha perspectiva multidireccional que contemple a existencia de tres niveis interrelacionados que, en conxunto, constitúen unha auténtica tipoloxía da intolerancia na que participaron amplos sectores sociais a través da complicidade de numerosas instancias de poder e da imbricación de todos eles no clima de delación e denuncia polas máis diversas circunstancias e intereses: un nivel inferior constituído polas diferentes manifestacións da represión física; un nivel intermedio, do que formarían parte as diversas modalidades represivas analizables dende a perspectiva económica, administrativa, social e cultural, que ten unha dimensión autónoma específica pero se atopa, en gran parte, condicionado polos efectos do terror que provocan os asasinatos e fusilamentos característicos do anterior; e un terceiro nivel ou estrato superior, derivado dos dous anteriores e integrado polas estruturas mentais autorreprimidas.

Dentro de cada unha delas é preciso estudar aspectos como o modus operandi, os suxeitos activos e pasivos, as diferentes

responsabilidades na súa posta en práctica, os mecanismos e a implicación social na cooperación co réxime, as estratexias de resistencia e non colaboración dos sectores sociais que non apoiaron o golpe, a influencia das diferentes variables explicativas (intensidade dos acontecementos revolucionarios de outubro de 1934, anticlericalismo, resultados electorais da esquerda nas eleccións de febreiro de 1936, conflitividade sociolaboral durante a etapa da Fronte Popular, resistencia á sublevación…), o papel desempeñado na súa modulación no ámbito local por elementos non cuantificables (delegados militares, párrocos, notables locais que a favorecen ou frean os asasinatos), se estes son máis ou menos determinantes cás altas instancias decisorias, etc.

Cómpre fuxir, en todo caso, do debate sobre o carácter necesario ou innecesario da represión franquista en Galicia, tan presente nalgunhas publicacións, pois entendemos que non deixa de ser certamente estéril e mesmo diriamos que falso. Se a nosa ollada se perde no que son os aspectos puramente éticos do fenómeno represivo, estariamos actuando cunha grave miopía e non pasariamos de constatar a marcada desproporción existente entre o volume cuantitativo e cualitativo da represión con relación á resistencia atopada polos sublevados en toda Galicia. A discusión historiográfica debe centrarse, ó noso xuízo, nos seus *resultados*. E estes non deixan lugar a dúbidas sobre a tremenda operatividade da represión para destruír calquera posibilidade de discrepancia social manifesta. Por momentos, o exercicio da violencia e o terror acabou por superar a súa función primixenia de medio para acadar un fin determinado para se converter en auténtico fin que simbolizaba ideas e formas concretas de concibir e representar a realidade entre os sublevados.

Certamente, como a historiografía recente ten demostrado, a Guerra Civil tivo moito de sanguento epílogo dun conflito de longa duración nunca ben resolto que enfrontaba os que querían manter, custar o que custar, a súa posición hexemónica e os que pretendían acceder a parcelas de poder que lles foran sistematicamente negadas e consolidalas. Isto non debe facernos esquecer as peculiares coordenadas nas que se produce nin levarnos á conclusión de que non había outra saída a esa crise de dominación longamente formulada. Ademais, cando descendemos á esfera do local, ó ámbito do cotián, resulta doado comprobar como nin as causas da guerra nin o volume ou o carácter da represión poden ser explicados exclusivamente en termos económicos, políticos ou de enfrontamento ideolóxico. Os múltiples intereses enfrontados, as labirínticas relacións entre os diversos actores, o inextricable das redes de interdependencia e, en definitiva, a complexidade das relacións sociais requiren aproximacións dende múltiples niveis de análise, con diferentes metodoloxías e enfoques como aquí se




Departamento de plástica, Madrid, 1940

**Cómpre fuxir, en todo caso, do debate sobre o carácter necesario ou innecesario da represión franquista en Galicia, tan presente nalgunhas publicacións, pois entendemos que non deixa de ser certamente estéril e mesmo diriamos que falso**

propón. Se ademais disto podemos contribuír ó que no seu día J. Le Goff denominara a *normalización da memoria* ou, dito doutro xeito, á asunción e relectura dun pasado que ata non hai moito tempo tiña vedado o seu acceso coas fontes empregadas neste traballo, poderemos darnos por razoablemente satisfeitos.

**Ó ámbito do cotián, resulta doado comprobar como nin as causas da guerra nin o volume ou o carácter da represión poden ser explicados exclusivamente en termos económicos, políticos ou de enfrontamento ideolóxico**




BIBLIOGRAFÍA CITADA

Alonso Fernández, B. (1997), en VV. AA., *Historia Xeral de Galicia*, Vigo, A Nosa Terra.

Arrarás, J. (1940-44), *Historia de la Cruzada*, Madrid, Ediciones Nacionales.

Cerecedo, F. (1977), «Cuando la sangre llegó al Miño. La guerra civil en Tuy», *Historia 16*, 19, 43-50.

Costa Clavell, X. (1977), *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Madrid, Cambio 16.

Fernández C. (1981), *El Alzamiento de 1936 en Galicia. Datos para una historia de la guerra civil*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

___(1988), *La Guerra Civil en Galicia*, A Coruña, La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega.

___(2000), *Alzamiento y guerra civil en Galicia (1936-1939)*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Heine, H. (1980), *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, Edicións Xerais.

Lamela Garcia, V. L. (1993), *Inmolados Gallegos. Alejandro Bóveda, Víctor Casas, Telmo Bernárdez, Adrio Barreiro...*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.

Máiz Vázquez, B. (1988), *Galicia na II República e baixo o franquismo (1930-1976)*, Vigo, Edicións Xerais.

Martín Rubio, A. D. (1997), *Paz, piedad, perdón... y verdad. La represión en la guerra civil: una síntesis definitiva*, Toledo, Fénix.

Moure Mariño, L. (1939), *Galicia en la Guerra*, Madrid, Ediciones Españolas.

Prada Rodríguez, J. (2003), *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia*, Ourense, Obradoiro de Historia de Galicia.

Reig Tapia, A. (1999), «Dignificación republicana y depuración franquista», en *Claves de Razón Práctica*, 93, xuño de 1999, 66-68.

Rodríguez Teijeiro, D., e J. Prada Rodríguez (2002), «"El trabajo os hará libres". Una aproximación a la explotación de la mano de obra penal en el Ourense de guerra y posguerra», en *Minius*, X (2002), 209-236.

___(2003), «El sistema de redención de penas y los campos de trabajo franquistas (Ourense, 1938-1943)», en J. Sobrequés, C. Molinero e M. Sala (eds.), *Los campos de concentración y el mundo penitenciario en España durante la guerra civil y el franquismo*, Barcelona, Museu d'Historia de Catalunya-Crítica, pp. 372-384.

Salas Larrazábal, R. (1977), *Pérdidas de la guerra*, Barcelona, Planeta.

Silva Ferreiro, M. (1938), *Galicia y el Movimiento Nacional. Páginas Históricas*, Santiago, Imprenta y Enc. del Seminario Conciliar.

Wouters, M. (ed.) (1993), *1936. Os primeiros días*, Vigo, Edicións Xerais.

___(1938), *Lo que han hecho en Galicia. Episodios del terror blanco en las provincias gallegas contados por quienes los han vivido*, París, Editorial España.

___(1948), *Galicia bajo el terror*, México, Alianza Nazonal Galega.

___(1986), *O 36 na Galiza*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

___(1987), *Os anos despois (1936-1959)*, Vigo, Promocións Culturais Galegas.

***JULIO PRADA RODRÍGUEZ***
UNIVERSIDADE DE VIGO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 35-38.




# A EXPOSICIÓN `VIDA COTIÁ NO PRIMEIRO FRANQUISMO´, UNHA PROPOSTA DIDÁCTICA

Presentamos unha exposición que, amais de cumprir os requisitos desta sección, cobre os obxectivos que orientaron a nosa atención sobre o primeiro franquismo. Segue asemade os trazos que caracterizan as liñas de traballo da nosa Fundación, a saber: o rigor historiográfico, a recuperación e difusión da memoria histórica e o carácter didáctico que imprimimos a algunhas das nosas actividades.

A exposición A Vida Cotiá no Primeiro Franquismo —da que os nosos lectores teñen xa unhas breves referencias— e a súa presenza nesta sección, débese ás posibilidades didácticas que ten para ser empregada na aula, e porque está iniciando un percorrido polos diferentes centros de ensino de Galicia.

Esta mostra, producida pola Fundación 10 de Marzo, deseñárona e elaborárona un grupo de profesores de ensino secundario, todos eles con ampla experiencia no traballo didáctico: Francisco Pérez Otero, Carme Alvariño, Heladio Fernández Manso, X. Antón García, Ramón López Facal, José I. Mato, Luisa María Paz, Víctor Santidrián e Susana Trigo, desenvolveron os obxectivos didácticos e de contido que serviron de base







ó deseño da exposición e que conectan cos que perseguen, como docentes, para enfrontárense na aula ó tema da ditadura franquista. Por iso pensamos que este traballo é unha proposta didáctica ben interesante para o profesorado e aberta abondo como para utilizala tanto no segundo curso de bacharelato como no último da ESO. En dezaoito paneis (100 x 70 cm) ofrécese unha visión global daquela primeira etapa da ditadura franquista. Cada un contén breves textos explicativos que dan coherencia ós restantes elementos: carteis, debuxos, mapas, fotografías e outro tipo de imaxes.

A mostra principia presentando os trazos xerais que caracterizaban os diferentes ámbitos da vida durante aquela etapa: a sociedade, a política e a actividade económica, a sociabilidade e os costumes, a cultura e a educación, o traballo e os núcleos de resistencia á ditadura.

Dous paneis ilustran o modelo represivo utilizado para liquidar calquera indicio de resistencia ou de lembranza dos principios que alumearon a segunda República: a violencia sistemática exercida de diversas formas sobre os sospeitosos de rexeitar a Nova Orde. Tratábase de impor a ideoloxía dos vencedores, que emanaba basicamente da Igrexa católica e do carácter fascista da Falange. Neste sentido, as organizacións derivadas do partido único convértense nun camiño para acceder a postos de traballo na administración. Estas organizacións monopolizaban as actividades deportivas, culturais ou recreativas, convertidas en instrumentos de control social e de difusión ideolóxica. Os himnos, as consignas políticas e o saúdo fascista eran símbolos deste papel. Esta función complementábase co modelo deseñado desde a Igrexa, e moitas familias víanse obrigadas a aceptar a submisión ó réxime para acceder á caridade da Igrexa ou á do Auxilio Social. Ademais, os curas, a Falange ou a Garda Civil expedían certificados de boa conduta ou de adhesión cos que obter o pasaporte ou o permiso de conducir.

Outros paneis presentan as liñas máis significativas da política económica autárquica. Neste caso reprodúcense cartillas de racionamento, carteis propagandísticos chamando a consumir os produtos españois, imaxes das panadarías… e outros materiais que dan pé a traballar sobre a incapacidade produtiva do modelo económico aplicado, as dificultades que soportaban as familias españolas e as consecuencias daquela miseria alimenticia en forma de enfermidades, entre as que a tuberculose foi especialmente mortífera. Pero tamén serven para percibir as diferenzas e o benestar que gozaba unha minoría favorecida polo estraperlo e o enriquecemento:

terratenentes, construtores e estraperlistas conformaban o novo bloque social dominante. Os recursos que ofrecen os autores permiten ós alumnos comprender as consecuencias que o pronunciamento militar tivo no desenvolvemento económico de España e a cidadanía toda.

Tamén ten cabida na exposición a oposición á ditadura, que nas dúas primeiras décadas estivo protagonizada pola resistencia guerrilleira, representada nalgunha imaxe e nun mapa conceptual onde se reflicten os núcleos máis significativos dos focos guerrilleiros e a disidencia obreira e as folgas.

Dous paneis explican diversos aspectos que afectan dous aparatos do poder franquista e cuxas funcións se complementan: a Igrexa católica e o Exército, que representan o poder coercitivo do Estado e o control ideolóxico da sociedade. Ambos están presentes en todos os escenarios da vida, desde a escola e a actividade relixiosa ata as actividades de ocio ou o exercicio da represión e o control da orde pública.

Noutro bloque, os paneis permiten achegarse ó ámbito familiar e da vida cotiá para entender como se ven afectados pola debilidade económica. Con estes materiais pódese traballar sobre as dificultades de mobilidade debido ás insuficiencias do transporte: o tranvía para trasladar persoas e os carros para o transporte interno de mercadorías eran os medios que facían parte da paisaxe urbana; e o tren, un medio lento que circulaba sempre con enormes atrasos, servía como transporte colectivo para os grupos de emigrantes que abandonaban as zonas rurais na procura dalgunha posibilidade de traballo nas cidades. Imaxe esta presente tamén cando se desenvolve o tema da emigración, que nestes anos tiña como destino preferente América Latina. As escenas dos emigrantes nos portos ou a mendicidade eran ben habituais nas cidades españolas da época.

Tamén ocupa un lugar de interese na exposición o traballo industrial e os mecanismos que deseña o Estado franquista para manter o control social dos traballadores e canalizar calquera xermolo de confrontación sociolaboral: o Sindicato Vertical, os xurados de empresa e as eleccións de enlaces sindicais. Todos estes materiais teñen grandes posibilidades didácticas e permiten ós profesores preparar cuestións e exercicios sobre eses temas, tendo en conta o nivel educativo ós que van destinados.







Outros aspectos reciben un tratamento igualmente adecuado ás necesidades didácticas. Así, os autores conceden suficiente atención en varios dos paneis ó sistema educativo do franquismo e ós aspectos culturais que caracterizaron unha etapa espe-










cialmente pobre en todos os eidos: imaxes de libros de texto, dos alumnos nas clases ou relativas ó papel do maxisterio, complementadas polas mostras dedicadas ó cine, as telenovelas ou as que se refiren ó modelo informativo que impón o Estado e que ten na censura un instrumento de control dos medios de comunicación; tamén do relevante papel do NO-DO como elemento sintetizador de todo aquilo que ó poder franquista lle convén destacar e difundir.

Os últimos bloques da exposición teñen tamén unha relación interna e presentan un dos considerados piares do control da sociedade: a familia e o modelo que proxectan o poder e a xerarquía eclesiástica; e relacionado con ela, o papel da muller e a sexualidade. A muller vese recluída no ámbito doméstico: o fogar e a educación dos nenos. Supuña unha volta ós papeis tradicionais das mulleres de nais e esposas sometidas no espazo do fogar. Os documentos plasman o carácter represor da moral imposta pola Igrexa e a influencia da relixión na esfera familiar, onde toda experiencia sexual fóra do matrimonio era ilegal pero mantíñase nos prostíbulos; velaí un exemplo da dobre moral que rexía na sociedade.

É, pois, unha exposición que pensamos ten suficiente atractivo didáctico e documental como para converterse nun excelente instrumento de traballo na aula. Esperamos que así o perciban os profesionais que a están comezando a utilizala. Se iso é así, o esforzo de produción estará compensado non só pola consecución dos obxectivos didácticos, senón tamén por contribuír a que os nosos alumnos poidan entender o valor da recuperación da memoria, desde unha visión documentada e co rigor científico necesario, dunha das etapas máis difíciles da nosa historia contemporánea.

**REDACCIÓN DEZEME**

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 39-52.



# O PRIMEIRO FRANQUISMO NO ARQUIVO HISTÓRICO DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Entre os numerosos fondos documentais que os investigadores poden consultar no Arquivo Histórico de CC.OO. de Galicia, custodiado pola Fundación 10 de Marzo, áchase unha ampla e voluminosa documentación de variada tipoloxía relacionada co tema que ocupa as páxinas deste número de DEZ•EME, o primeiro franquismo, que, no caso de Galicia, abrangue desde o ano 1936, co inicio do pronunciamento militar, ata fins dos anos cincuenta.

A procedencia destes fondos é así mesmo moi variada. Unha gran parte da documentación foi legada por militantes de Comisións Obreiras e do Partido Comunista de Galicia que tiveron a sensibilidade histórica suficiente para conservalos nas súas vivendas, asumindo os coñecidos riscos que tal actitude comportaba durante o franquismo. Outros foron legados por militantes que permaneceron no exilio en Francia ou México. Algunhas cesións proceden das diferentes estruturas comarcais de CC.OO. ou das seccións sindicais dalgunhas empresas galegas. Tamén dispoñemos de diferentes fondos que teñen a súa orixe

Fascismo no deporte

nas estruturas comarcais da Organización Sindical Española.

A diversidade documental permítenos achegarnos a aspectos moi diversos desta primeira etapa do franquismo. En primeiro lugar, dispoñemos dun fondo de especial interese para os investigadores que traballan sobre o tema de represión; trátase de documentación verbo dos procesos de depuración e censura na provincia de Lugo desde o inicio da Guerra Civil ata 1949, legado por Luis Macía Salgado, e que xa ocupou en exclusiva as páxinas desta mesma sección. Está formado por documentación sobre a censura militar, a relación de censores, as normas de censura ou a confiscación de correo.

As condicións de traballo nas factorías galegas durante eses anos tamén ocupan un espazo entre os nosos fondos. Dispoñemos dalgunha documentación de empresas da construción naval como Astano e Bazán de Ferrol; referímonos ás actas da Comisión de Repartición del Plus de Cargas Familiares (1944 en diante) e as do Xurado de ambas as empresas (das mesmas datas), así como documentación de Astilleros y Construcciones de Vigo (ASCON).

Entre os fondos sindicais que se refiren ó primeiro franquismo, ten especial relevancia o procedente de estruturas comarcais ou provinciais da Organización Sindical Española. Entre esta documentación atopamos a da Hermandad de Labradores de Betanzos, que abrangue aspectos como a contabilidade, correspondencia variada, estatísticas de mutuas, seguridade social, cursos de empresas, libros de rexistro, padróns e cotas sindicais e outra de variada temática. No que se refire á comarca de Santiago, os documentos ilustran sobre as depuracións, a obra social (sobre todo referidos a vivendas), os boletíns do Ministerio de Traballo ou a *Revista de Trabajo* (1948-1950). Similar documentación é a que procede da Coruña para os anos que abranguemos nesta sección.

Tamén fan parte deste bloque os fondos xerados polos partidos políticos que, para as datas que nos interesan, afectan exclusivamente os que proceden do Partido Comunista de España. Son documentos congresuais e de conferencias políticas, así como outros de carácter xeral e de orientación política destinados ós militantes deste partido.

Un fondo de escaso volume pero significativo é o que deriva das instancias xurídicas franquistas e que legaron ó arquivo histórico algúns dos afectados polos consellos de guerra e a aplicación de leis como a de responsabilidades políticas de 1939 ou a de represión da masonería e o comunismo de 1940.

Na hemeroteca do Arquivo, entre as numerosas cabeceiras de prensa que editaron clandestinamente as organizacións políticas e sindicais antifranquistas, temos algúns xornais editados nas dúas primeiras décadas da ditadura. Entre estas cabeceiras temos que mencionar a existencia dalgúns números de *El Guerrillero*, e na colección de *Mundo Obrero*, os números que van desde 1946 a 1959, así como a colección da revista de política e cultura del PCE, *Nuestra Bandera*, que comezou a publicarse en 1945, data na que se inicia tamén a nosa colección. Conservamos tamén algúns números dos *Cuadernos de Formación Política*.

Finalmente, entre os fondos gráficos debemos mencionar ademais unha colección de fotografías que recolle aspectos do traballo nos estaleiros de Bazán e Vulcano (Vigo) durante os anos corenta e cincuenta.

Pensamos, pois, que a descrición destes fondos e a escolma presentada, aínda que breve, pode espertar o interese dos investigadores que desexen coñecer a tipoloxía documental desta etapa histórica, que está ó seu dispor no noso Arquivo.

**JOSÉ GÓMEZ ALÉN**
FUNDACIÓN 10 DE MARZO

NOTA

[1] Véxase Víctor Santidrián Arias, *A depuración do persoal de correos de Lugo*, DEZEME, 2 (2000), 80-87.

JUZGADO ... EL FERROL DEL C...

1

# Plus de Cargas Familiares

## Acta n.º 1

Presidente: Jefe Técnico, D. Antonio Díaz Losada.
Jefe de Personal: D. Jesús Martínez Silva.
Representantes: de Empleados: D. Ramón Ferreiros Ferrín
de Carpinteros: D. Juan Freire
de Armadores: D. Emilio Fernández.

Sesión celebrada por la Comisión en el día treinta y uno de Julio de mil novecientos cuarenta y cuatro.

Reunidos los Sres. que al margen se expresan, de acuerdo con lo que determina el art.º cuarenta de la Reglamentación del Trabajo en la Industria Siderometalúrgica, a fin de entender en cuanto se relaciona con el Plus de cargas familiares establecido en los Astilleros y Talleres del Noroeste S.A. en virtud de la citada Reglamentación, y notificado el Sindicato correspondiente de la elección de los Sres. indicados, y con su conformidad, se acuerda:

1.º Dar posesión a los Sres.: Don Antonio Díaz Losada, Jefe Técnico, en representación del Jefe de los Astilleros y Talleres del Noroeste S.A. a D. Jesús Martínez Silva, Jefe del Personal, y como Representantes: de los Empleados, a D. Ramón Ferreiros Ferrín, de Carpinteros a D. Juan Freire, y de Armadores a D. Emilio Fernández.

2.º A fin de que, de los acuerdos que se tomen quede la debida constancia y también de las incidencias que pudieran presentarse en la aplicación semestral del citado Plus, se acuerda por unanimidad nombrar Secretario de esta Comisión a D. Ramón Ferreiros Ferrín, quien como tal, levantará acta de las sesiones que se celebren.

3.º Presentado a estudio el reparto del Plus, correspondiente al segundo semestre del año actual se observa: que el importe líquido de jornales y sueldos pagados en el primer semestre del año actual asciende a la cantidad de un millón setenta mil quinientas cincuenta y cinco pesetas con setenta y tres céntimos (1.070.555,73) cuyo diez por ciento, ciento siete mil

DILIGENCIA.

Para hacer constar que en nombre y representación del Delegado Provincial de Sindicatos y a virtud de lo dispuesto en el artículo 76 del Decreto de 18 de Agosto de 1947, se habilita el presente libro de actas, que consta de cien folios numerados y sellados con el sello de esta Delegación, para uso del Jurado de Empresa de la Entidad denominada "Empresa Nacional BAZAN, de las C.N.M, S.A", en su Factoría de El Ferrol del Caudillo.

Y para que así conste firmo la presente diligencia en El Ferrol del Caudillo, a los quince días del mes de Noviembre de mil novecientos sesenta

CASA SINDICAL COMARCAL
DELEGACIÓN
EL FERROL DEL CAUDILLO

EL DELEGADO COMARCAL DE SINDICATOS

Fdo: Santiago Evia Lopez


GRUPOS DE EMPRESA
1944
1945
CULTURA
DEPORTE
ARTE
JUBERA
EDUCACIÓN y DESCANSO



MINISTERIO DE AGRICULTURA

SERVICIO NACIONAL DEL TRIGO

PUBLICACIONES ESPECIFICAS

N.° 2

# FOMENTO DE LA PRODUCCION TRIGUERA
## ESTUDIO DE LOS SUELOS CEREALISTAS DE ESPAÑA

Datos al 31 de diciembre de 1958

MADRID
1959

# Discurso de presentación a las Cortes de los proyectos de ley de Reforma del Procedimiento Laboral y de Convenios Colectivos Sindicales

POR EL

**Excmo. Sr. ministro de Trabajo, camarada FERMÍN SANZ ORRIO**

Ediciones AFAN
(SEPARATA AL SERVICIO DE LOS TRABAJADORES)
MADRID, 1958



DELEGACIÓN LOCAL DE SINDICATOS
DE
FALANGE ESPAÑOLA TRADICIONALISTA
Y DE LAS J. O. N-S.
IRIJOA

DELEGACIÓN COMARCAL SINDICAL
BETANZOS
ENTRADA
N.º 304
Fecha 8-4-44

Núm. 45

Adjunto te remito la hoja de liquidación de cuotas de la Hermandad de Labradores, de esta Localidad, en blanco por no haber se recaudado nigúna couta duranta el presente mes de Marzo.

Por Dios España y su Revolució Nacional Sindicalista.

Irijoa 31 de Marzo de 1.944

EL SACRETARIO DE LA HERMANDAD

Vº Bº

EL DELEGADO SINDICAL

CAMARADA DELEGADO COMARCAL DE SINDICATOS DE BETANZOS

CORREOS

ADMINISTRACION PRINCIPAL

DE

LUGO

Sección ..................

Negociado ..............

Número ..................

¡VIVA ESPAÑA!

III Año Triunfal

Por si pudieran ser de interés las líneas subarayadas en el texto de la carta adjunta procedente de Cuba dirigida a Don Ramiro Nuñez, Carmen, 20 de esta Capital, tengo el honor de remitirla a V.S. a los efectos que estime procedentes.

Dios guarde a V.S. muchos años.

Lugo 26 de agosto de 1938

El Coronel Jefe de Censura

MINUTA

Sr. Jefe del Servicio de Informacion y Policia Militar

CONSTRUCCIONES, S. L.

TELEG. / CABLEG. DAVILA

Teléfono núm. 2296

VIGO,
APARTADO NUM. 80

**Pliego de cargos que formula la Empresa "CONSTRUCCIONES, Sdad.Ltda.", con Astilleros en Meira (Ria de Vigo) contra el productor LEONARDO GOBERNA PENA.-**

1º.- Aproximadamente a las tres y media de la tarde del dia 19 de Octubre, cuando el trabajador expedientado estaba en unión de otros obreros descargando piedra para una rampa en construcción, como apareciese una ligera lluvia y siendo urgente la realización de este trabajo ya que amenazaba mal tiempo y era necesario dejar amarrada la gabarra en lugar seguro una vez descargada, se determinó por el capataz AUGUSTO LEITES RIVEIRO que se proviese al expedientado y compañeros de trabajo de ropa de aguas que le defendiese contra la intemperie.

En tal momento dicho obrero LEONARDO GOBERNA PENA, se negó rotundamente a seguir trabajando pese a los insistentes requerimientos del capataz Augusto Leites. Ante la imposibilidad de persuadir a dicho obrero del cumplimiento de su deber, se intentó que entregase la ropa de aguas ya que se había refugiado en lugar al abrigo de la lluvia, a fin de que pudiera ser empleada por otro compañero que le sustituyese en el trabajo. De nuevo se negó tambien a cumplir esta orden reteniendo dicha ropa de aguas hasta que tuvo a bien devolverla. Los hechos relacionados anteriormente produjeron notorio perjuicio a la Empresa y quebranto de la disciplina.

2º.- Abusando este trabajador de su cargo de Enlace Sindical, viene perjudicando desde hace tiempo a la Empresa con su actitud irrespetuosa y anárquica, no obedeciendo las órdenes que le dan sus superiores en el trabajo en algunas ocasiones.

3º.- Asimismo, y sin duda intentando prevalerse ilegitimamente de tal cargo, tambien desde hace tiempo viene aconsejando a sus compañeros de trabajo para que no cumplan con sus deberes de fidelidad y colaboración con la Empresa, que nunca solicita de ellos otra cosa que lo que autoriza las Disposiones Laborales.

4º.- Se trata de productor negligente con disminución voluntaria en su rendimiento laboral.

Recibi el original de este escrito.
Meira-Moaña, 20 Octubre 1954

*Por negarse a firmar el [illegible] Jesús Currás y Francisco Pena [illegible].*

*Jesús C. Currás* *Francisco Pena*

Rgto. S. Nº 55

DELEGACION PROVINCIAL DE SINDICATOS

La Coruña

JUNTA PROVINCIAL DE ELECCIONES

OFICIO-CIRCULAR NUM. 1.033

Para dar cumplimiento a la segunda instrucción de la Circular núm. 4/57, sobre confección de las listas provisionales de la Sección Segunda del Censo (Productores), adjunto se envían impresos que habrán de rellenarse con los datos extraídos de los Padrones de Productores, una vez devueltos debidamente cubiertos por las Empresas que tengan a su servicio personal asalariado.

Estas listas como se ha dicho ya anteriormente, se confeccionarán por separado para cada categoria profesional (técnicos, administrativos, especialistas y no cualificados) y por cuadruplicado ejemplar.

Las distintas actividades profesionales que definen las múltiples Reglamentaciones de Trabajo habrán de adecuarse a las categorias electorales de conformidad con un criterio establecido en los Planes Electorales elaborados por los Sindicatos Nacionales, y que aparecen reflejados en unas relaciones que asimismo se enviarán. Aún cuando cualquiera de estas categorias es susceptible de modificación posterior, no obstante sobre la base de esta clasificación se elaborarán las listas provisionales de la Sección Segunda.

Las Entidades Mixtas (Hermandades y Gremios) habrán de tener muy presente para la confección de estas listas de la Sección 2ª cuanto se dice en la instrucción 8ª de la Circular nº 4/57.

Por Dios, España y su Revolución Nacional-Sindicalista.

La Coruña, 7 de Mayo de 1.957

EL VICESECRETARIO PROVINCIAL, SECRETARIO DE LA JUNTA PROV. DE ELECCIONES,

JUNTA PROVINCIAL DE ELECCIONES SINDICALES - LA CORUÑA -

Rgto. S. Nº 147

|

DELEGACION PROVINCIAL
DE SINDICATOS

JUNTA PROVINCIAL DE
ELECCIONES SINDICALES

[illegible]

Adjunto tengo el gusto de enviar un ejemplar de la Circular nº 4/57 de esta Junta Provincial de Elecciones Sindicales.

Con posterioridad a la tirada de esta Circular, se recibieron instrucciones telegráficas de la Junta Nacional de Elecciones Sindicales, modificando los plazos previstos en principio para desarrollar los trámites electorales, razón esta que nos ha obligado a reseñar en el anexo de la misma un calendario al que habrán de sujetarse todas las operaciones electorales a partir de este momento, debiendo por lo tanto, hacer caso omiso de las fechas y plazos que aparecen en el cuerpo de la subsodicha Circular.

Por Dios, España y su Revolución Nacional Sindicalista.

La Coruña, 10 de Abril de 1.957
EL VICESECRETARIO PROVINCIAL, SECRETARIO
DE LA JUNTA PROV. DE ELECCIONES

Fdo: Juan Martínez Romero.-


Adiante
É TUA. TRABALLA PARA TI
DEPUTACION DA CORUÑA

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 54-61.



# ENRIQUETA OTERO: MESTRA, MILICIANA DA CULTURA E GUERRILLEIRA

ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO

Enriqueta Otero

Nada en 1910 na parroquia de Santiago de Miranda do concello lucense de Castroverde, no seo dunha familia con terras e gando e o casarío do Ribón, logo perdido, como propiedade sobranceira, a vida de Enriqueta Otero Blanco ben merecería unha novela. Terceira de oito irmáns, a infancia de Enriqueta foi relativamente feliz, quizais moito máis ó ser apadriñada polo seu tío Domingo Presas, quen logrou que estudase bacharelato no Colexio da Milagrosa de Lugo e despois alentouna a continuar estudos na Escola Normal de Mestras da capital, convertida daquela en dinamizadora da nacente cultura feminina provinciana. Cun expediente moi estimable, Enriqueta acadou o título de mestra de primeiro ensino en 1928 e decidiu exercer de contado, polo que con só dezaoito anos, en tempos do convulso reinado de Afonso XIII, estréase na Escola Nacional de San Cosme de Barreiros, no concello de Ribadeo. Desa época datan os seus primeiros experimentos culturais de raizame popular, coa organización dunha pequena compañía de teatro, *O punteiro do carriño*. Os seus seguintes destinos foron a Escola Nacional de Ferreirós,[1] na Fonsagrada —onde a colleu a proclamación da II República—, e a de Montefurado en Quiroga.

Coa reciclaxe de cursos de selección, viuse envolta na reforma educativa republicana, que tentaba mudar a miseria cultural do pobo apoiándose na creatividade e na estabilización dunha conciencia cidadá. En marzo de 1933 gaña oposicións e exercerá

no Grupo Escolar Gómez Baquero de Madrid ata xullo do ano seguinte. Nun contexto marcado polo desgaste do Goberno republicano-socialista, a crise económica, a «dereitización» da vida política e a radicalización das organizacións de esquerda, nas eleccións daquel ano, Enriqueta, coma todas as mulleres do país, vota por primeira vez. Daqueles tempos datan os seus primeiros contactos co ambiente sindical da FETE-UGT, dentro do contexto de axitación política, social e cultural que se vivía na capital madrileña.

Tras o paso por Madrid, volve a Galicia destinada á Escola Nacional de San Pedro de Cea número 2, no concello pontevedrés de Vilagarcía, onde permanece ata febreiro de 1936, data na que será enviada a unha escola de párvulos de San Esteban de Gormaz de Soria, onde só botou uns poucos días xa que, ó recibir unha bolsa de ampliación de estudos na especialidade de xordomudos, trasladouse ó Colexio Nacional de Xordomudos de Madrid onde, ademais, chegaría a matricularse na Facultade de Pedagoxía, creada polo Goberno republicano, na sección de Anormais e Xordomudos.

Antes da guerra achégase ó PCE, que dominaba daquela a federación do ensino de UXT, e casa na parroquia de Nuestra Señora de los Dolores cun avogado leonés e mestre republicano, José Teijón Laso, a quen coñece na universidade e no colexio e de quen máis tarde a apartarían manifestas diferenzas ideolóxicas.

Ó estoupar a insurrección militar, interrompida a actividade docente, Enriqueta ponse ó servizo da sección da Administración de Ensino de Madrid e dedícase á evacuación de cativos ó Levante, onde se crearon colonias escolares que, apartándoos das frontes de batalla e dos bombardeos, lles permitían ter as necesidades cubertas e manter o ritmo pedagóxico. Como posuía coñecementos sanitarios de practicante, pasou a traballar durante tres meses no Hospital Militar de Carabanchel, controlado polos milicianos republicanos; dedicouse sobre todo á organización técnica das salas e destacou como membro do Comité de Control Obreiro, unha especie de comité de dirección encargado da administración e dirección do centro, ó que debeu acceder polos seus estudos e, xa de xeito inequívoco, pola súa bagaxe ideolóxica. Naquel contexto no que o home mantiña toda clase de prexuízos por estar baixo as ordes dunha


Juzgado Militar Especial — 8.ª Región

Causa número 75 de 1.946

NOMBRE DEL REO: Enriqueta Otero Blanco (a)Mª de los Dolores
HIJO DE: Camilo Y DE: Candida
EDAD: Treinta y seis años
ESTADO: Casada
NATURALEZA: Castroverde (Lugo)
PROFESION: Maestra Nacional
VECINO DE: Lugo
DELITO: Rebelion militar
SE HALLA EN LA PRISION DE La Coruña a disposición de la Dirección General de Prisiones para su destino a la que corresponda.
Es firme la sentencia desde el día 30 de Julio de 1946
CONDENADO A Treinta años de reclusion y cuatro prision menor
ES primera CONDENA según resulta de sus antecedentes penales.
Prisión preventiva abonada: Cinco meses y once días
Se cuenta el tiempo de extinción desde el día 31 de Julio de 1946
La Coruña 31 de Julio de 1946
El Secretario,
El Coronel Juez.

30 Julio 46

muller, desconfianza inspirada no desprezo innato á capacidade de loita e traballo da muller, Enriqueta promoveu e practicou notables esforzos por subverter esa situación mediante o cumprimento disciplinado do seu deber e a explicación pormenorizada do ideario republicano, concienciando as masas populares de procurar unha actitude firme e consciente na loita contra o fas-

Sentenza do consello de guerra

Enriqueta e o carriño

cismo, contra o machismo e contra a explotación.

En xaneiro de 1937 créanse as Milicias da Cultura, eixe da política bélico-educativa; conformábanas un corpo de mestres e instrutores dedicados a asegurarlles uns coñecementos elementais ós soldados que carecían deles e a socializalos politicamente, en escolas de campañas montadas na mesma liña de fogo. Enriqueta incorpórase como miliciana da cultura á defensa de Madrid dentro do Exército do Centro, destinada na serra de Guadarrama; intégrase na Primeira Brigada Móbil de Choque da 46.ª División, un batallón de doce mil persoas que dirixía Valentín González, *el Campesino*, xunta quen puido acadar o grao de oficial (alférez ou comandante), segundo as súas propias revelacións. Nese labor de axente de socialización de carácter antifascista e combativo, cunha carga de adoutrinamento fortemente ideoloxizado especialmente significativo nas frontes de batalla, Enriqueta participou, como responsable das Milicias de Cultura da 46.ª División, na creación de varios fogares-soldado ou hospitais-escola, o máis importante en Fresno



del Torote, localidade próxima a Alcalá de Henares. Naquelas casas de repouso, os soldados evitaban dispersarse mentres convalecían das feridas de guerra, pero sobre todo recibían ánimo e coñecementos de marxismo, falaban e discutían en asembleas abertas sobre o funcionamento do centro ou sobre temas de actualidade, gozaban de festivais, de teatro de monicreques, dos cómicos Pompoff e Thedy, actos que sempre se pechaban con diversas intervencións políticas, entre elas as de Enriqueta, quen acostumaba a sinalar a responsabilidade da muller na guerra e na política, como aparece recollido nalgúns escritos seus no voceiro da 46.ª División, *Al Ataque*.

Logo de se renovar a actividade docente, faise cargo dunha gardaría para os fillos dos soldados na praia de Alacant creada pola Brigada Móbil de Choque en maio de 1937, monta algúns hospitais para feridos de guerra, recibe varias peticións para abrir outros na rexión valenciana e organiza un hotel de repouso destinado ás viúvas e compañeiras dos soldados en Olla de Altea. Son tempos de profunda concienciación política das mulleres ó substituíren os homes nas tarefas de produción, dirección e organización, ó empurraren á loita e incorporárense fisicamente a ela.

A segunda fase da guerra transcorre para Enriqueta entre Madrid e o Levante. Nos últimos meses da contenda civil, no regreso definitivo á capital de España, sofre a escaseza de alimentos e o pragmatismo derrotista que empezaba a instalarse na poboación. Cando se produce o golpe do coronel Segismundo Casado, alíñase coa política de Negrín e dos comunistas. Mentres subida a un tanque arengaba a poboación madrileña sobre a necesidade de resistir e mobilizarse contra os casadistas, é detida por membros socialistas do Consello Nacional de Defensa e conducida ó cárcere de Salesianos, na Ronda de Atocha, canda outras dúas mil cincocentas mulleres que se mantiveran fieis ó programa de trece puntos de Negrín. Alí pasou cinco ou seis días sen





comer, durmindo no chan sen mantas, sen muda ningunha, xunta outras militantes comunistas. Converteuse nun proceso de detención e encarceramento masivo —que aproveitou a concentración de mulleres comunistas nos locais do PCE para coñecer noticias sobre o decreto que realizara Casado—, sen mandato xudicial, ordenado pola Dirección Xeral de Seguridade, mentres nas rúas de Madrid se producían duros enfrontamentos entre casadistas e comunistas. Desde aquel centro de detención foi conducida, con outras cincocentas mulleres comunistas ou simpatizantes, á prisión de Ventas, onde debeu de estar encarcerada uns quince días. A véspera da rendición de Madrid, o 27 de marzo de 1939, tras porfiar coa xefa de servizo para conseguir a súa liberación, foxe xunto a outras presas e, ó contrario que varios centenares delas que acababan de ser liberadas, que non tiveron posibilidade ningunha de escapar na extensa e desordenada clandestinidade inaugurada xa desde a chegada das forzas sublevadas a Madrid, durante un par de semanas deambula pola capital sen dar cun sitio seguro, escapando dos quintacolumnistas, dos fascistas e dos casadistas.

Antonio García Giménez, secretario provincial da FETE, chegou a facer os preparativos necesarios para que Enriqueta escapase ó Levante e de alí ó estranxeiro. Pero, aínda que posiblemente xa era moi tarde para fuxir, decide quedar. Disfrazada de falanxista e amparada na confusión deses primeiros días de entrada dos insurrectos, chega á Estación do Norte de Madrid e marcha a Lugo cas dun paisano de Castroverde, Manuel Gómez Díaz, párroco da Nova, onde a alcanzou a pertinaz persecución policial iniciada na capital do Estado polas autoridades franquistas, se ben o 19 de decembro de 1939 conseguiu escapulirse do asedio grazas á colaboración do crego.

Nestes primeiros meses de clandestinidade, difíciles de reconstruír, acubíllase aquí e acolá, trasladándose decote para evitar o acoso policial: en Santa María de Bermún, Chantada, na casa dalgúns familiares maternos, desde onde chegou a conseguir unha cédula persoal e tratou de que a readmitisen como mestra nacional; en Tórdea, Castroverde, baixo identidade falsa; na Póboa de San Xiao; en Lugo, a capital da provincia, desde 1941, e en todos os casos

Dúas imaxes de Enriqueta Otero: como guerrilleira e na cadea





Nun cadro artístico na cadea, Enriqueta finxe ser unha guerrilleira. Á dereita, á saída do cárcere

sempre apoiada pola rede de veciños, parentes e contactos amigos, levando unha vida discreta que lle permitise manter a semiclandestinidade e regularizar a súa situación. Entrementres, dedícase a dar clases e a facer pequenos traballos de costura cos que procura algúns cartos. Aínda podemos constatar un novo intento policial infrutuoso por capturala en 1942. Sobre ese ano, créanse os primeiros comités comunistas en Galicia ó redor da concentración de prisioneiros políticos en colonias penais militarizadas e destacamentos penais e dos primeiros contactos cos grupos guerrilleiros ós que o PCE quería organizar política e militarmente.

Imposibilitada de acceder a unha vida legal por mor do expediente de depuración que a afastou da súa carreira docente; perdidos parte dos bens familiares tras a morte do pai en 1937 e o falecemento ou exilio dos irmáns, Enriqueta, con moitas dificultades, comezou a establecer conexións cos fuxidos e cos elementos antifascistas da zona de Becerreá, onde cooperará na creación dunha primitiva estrutura guerrilleira, tras percorrer semiclandestinamente aldeas, coordinar os movementos dos heteroxéneos cadros, agocharse cada día en lugares distintos ou elaborar a artesanal propaganda clandestina. Sen contactos evidentes co Partido Comunista ata 1944, a súa influencia política e organizativa en parte da provincia de Lugo percibirase na posterior medra política e guerrilleira da estrutura deste comité provincial. Establece contactos en Chantada e trata de conseguir militantes ou simpatizantes nas aldeas e entre as partidas de guerrilleiros. En maio de 1941, organiza unha estrutura política comunista en Viveiro, articula o movemento guerrilleiro da comarca e distribúe os cartos conseguidos nos «golpes económicos» contra persoas afectas ó réxime franquista.

En 1944 fórmase o xermolo do Comité Provincial de Lugo e o ano seguinte Enriqueta coñece a José María Urquiola, cadro do PCE responsable de organizar o partido na provincia, xunto a Marcelino Rodríguez Fernández *Marrofer*. No incipiente Comité Provincial traballan xa Ramón Vivero, Julio Nieto, Gaspar Castro López, José Temblás ou Emilio Golás. En febreiro dese ano, Enriqueta encárgase das finanzas e da organización, decidindo o nomeamento de

Ramón Vivero como enlace cos comités comarcais. Malia a caída dalgúns cadros, que obriga a rápidas reestruturacións —convertendo a Enriqueta en secretaria de facto do Comité Provincial—, o partido chega a contar en toda a provincia cun cento de militantes e unha ducia e media de guerrilleiros. As periódicas caídas obrigan a un labor de retardación da actividade guerrilleira e política para protexer os militantes, os guerrilleiros e o material. Por mor da paralización temporal da actividade política e de resistencia, xorden as primeiras críticas contra Enriqueta por parte de certos militantes comunistas. Son anos dominados pola dureza da represión, posto que o réxime franquista ten decidido terminar coa guerrilla, que vive tempos de escisión. As caídas de cadros políticos e guerrilleiros tenden a arrastrar outros antifascistas, e responden á debilidade da infraestrutura clandestina.

A rede de comités comarcais da provincia empregaba simpatizantes, comercios e outros establecementos como infraestrutura de comunicación entre o Comité Provincial e a guerrilla. O seguimento e control do Partido Comunista de Lugo e, en concreto, de Enriqueta Otero fora persistente desde que acabara a Guerra Civil e intensificouse a partir de fins de 1945 e principios de 1946, cando se intentara a súa neutralización como un obxectivo prioritario. En xaneiro deste último ano, varias caídas afectaron xa a toda a estrutura provincial, a causa de erros organizativos ou loitas internas entre os líderes locais. Ademais, as forzas represivas levaban tempo empregando a infiltración de elementos dobres na rede de enlaces e apoios. En febreiro caían cincuenta persoas vinculadas á resistencia antifranquista da provincia de Lugo.

O 16 de febreiro de 1946, Enriqueta é detida en Lugo xunta José Vicente Rodríguez, tras localizalos nun piso da estrada da Coruña, resultado dun longo traballo de seguimento, control e neutralización da organización comunista lucense. Antes da detención, resistiu tres horas o acoso policial con dúas bombas de man de escasa potencia e unha pistola pero, ó cabo, cercada no Agro do Rolo, férena nunha perna e aprésana. Ameazada, duramente torturada, a intervención dalgunhas monxas, antigas profesoras do Colexio da Milagrosa, salvouna dunha morte certa, como a que sufriu o seu compañeiro José Vicente Rodríguez, vítima das torturas nos interrogatorios policiais. No operativo —un duro golpe para a organización— caeron corenta e sete persoas vinculadas á resistencia antifranquista na provincia. Algúns membros da guerrilla sopesaron a posibilidade de rescatar a Enriqueta, pero á derradeira tiveron que desbotalo pola complexidade da operación.

Acusada dun delito de rebelión militar e de actividades comunistas, préndena no presidio da Coruña, cidade onde finalmente




AÑO I — MADRID, 13 DE FEBRERO DE 1937 — NÚM. 6

EDITORIAL

*Málaga ha caído, y en nuestro afán de sacar enseñanzas tanto a la adversidad como en la victoria y seguros de que la última batalla la ganaremos nosotros, no queremos silenciar este hecho.*

*Que este golpe rudo, al que nosotros damos la importancia que merece, sea el acicate que nos haga sentir con más ímpetu la necesidad inmediata de apagar con un triunfo definitivo de nuestra parte la llamarada de gloria que los traidores a todos los tratados puedan encender entre los ignorantes. Que este revés nos aliente a continuar con más ardor en la creación de nuestro ejército; Ejército que demostrará al mundo entero de lo que es capaz un pueblo que quiere ser libre y que pospone todas sus necesidades a la primordial de ganar la guerra. Que esto nos demuestre que debemos dejar toda lucha partidista o de sindicato y concentremos todos nuestros esfuerzos y afanes en redoblar nuestro ímpetu combativo creando las condiciones de la victoria.*

*Cuatro meses de resistencia en Madrid nos dará idea clara del gran cambio sufrido por nuestros efectivos desde que las tropas mercenarias de Franco llegaron en paseo militar al sitio donde el ya ejército los tiene clavados. Este cambio no es milagro; esta transformación se opera en cualquier ejército que considere justamente que la ocupación de Málaga por los fascistas nos ha costado más víctimas que cuatro meses de resistencia a las orillas del Manzanares.*

*Que un afán enorme de disciplina, única virtud que nos pondrá en condiciones de ir rápidamente al triunfo, de hacer comprender a todos la necesidad de ésta, sea el único sentir de los que verdaderamente sienten la causa del pueblo. Que los agoreros y pesimistas den rienda suelta a sus fantasías de miedosos y ruines, que nosotros les demostraremos que a un pueblo que no quiere ser esclavo y sabe imponerse una disciplina, no hay ejército mercenario que pueda vencer, por mucha ayuda que pueda darle los países fascistas.*

*Con este solo pensamiento y teniendo en cuenta que la vida no significa nada si ésta ha de desarrollarse en un ambiente de esclavitud y miseria, que es lo que supone para los que queden el triunfo del fascismo, la pérdida de Málaga no les vale más que para cuando pronto la recuperemos demostrarnos los bajos instintos de criminales de que están poseídos.*

*Nuestra revancha está próxima; a fortalecer nuestro ejército con el ejemplo de cada uno y prontos a vengar a los bravos caídos en esta lucha de liberación, a aplastar de una vez para siempre a los traidores que hacen que España se sienta avergonzada de que puedan decir que son españoles, los traidores que la han vendido.*

*¡VIVA EL EJÉRCITO DEL PUEBLO!*
*¡VIVA EL GOBIERNO DEL FRENTE POPULAR!*
*¡VIVA LA REPÚBLICA DEMOCRÁTICA!*

EL CAMPESINO

Alrededor de Valentín González, millares de campesinos españoles han formado sus batallones de Choque. La confianza de estos soldados en su primer jefe, es un factor importantísimo para el triunfo de la causa popular.

*A los nuevos combatientes de la Brigada «Campesino»*

A los nuevos camaradas, que vienen a engrosar las filas del Ejército del pueblo, a los nuevos camaradas del Ejército Popular, a esos principalmente va dirigido mi artículo.

Camaradas: al engrosar las filas de la gloriosa Brigada «*Campesino*» del que tantas hazañas se saben, del que tantas hazañas le esperan para el futuro, vosotros tenéis que ser los nuevos luchadores de que haga alarde nuestra querida Brigada; me dirijo para deciros que nunca mejor ocasión para demostrar que váis a luchar contra la canalla fascista, contra quien

**Un Ejército sin disciplina, es como un cuerpo sin sangre**

*Al ataque*, órgano da 1.ª Brigada Móvil de choque

se celebra en xullo de 1946 o consello de guerra que a sentencia a trinta anos por rebelión militar e catro anos por un atentado contra a autoridade, mentres que os seus compañeiros Ramón Vivero e Julio Nieto son condenados a morte. O feito de ser muller (para o franquismo, a discriminación de xénero chegaba ata o patíbulo; o futuro das mulleres era sempre o cárcere ou a humillación) e certa presión da opinión pública local evitaron a súa execución.

En outubro de 1946 trasládana ó cárcere de Amorebieta e a fins de novembro, coincidindo con outras moitas presas comunistas, ó de Segovia, onde pasará cinco anos baixo deplorables condicións hixiénicas, médicas, climatolóxicas e alimentarias, polo que se comprometeu coas folgas realizadas polas reclusas a principios


6 — AL ATAQUE



COMO LUCHA LA BRIGADA DE «CAMPESINO»

Camaradas, como iréis viendo, esta Brigada está llena de gloria y de una moral que es modelo de todas las Brigadas que componen el Ejército popular de la República.

Esta gloria y esta moral, no la ganó haciendo guardias por las calles, ni controlando casas, ni paseando en coche como los «emboscados», todo esto, lo ganó la 1.ª Brigada Móvil de Choque, en los frentes, y combatiendo a la cabeza de todos, nuestro querido jefe, conocido por el «Campesino».

Por ejemplo, en Majadahonda lo ocurrido fué culpa de la indisciplina de los batallones que allí estaban. Llegó nuestra Brigada con disciplina, y no sólo cortó el avance de las fuerzas facciosas, sino que también defendió las tapias de El Pardo.

El día 13 de febrero, sale la Brigada para el Jarama, donde obtuvo un resonante triunfo. Esto lo ganó por heroísmo y coraje, y también por la mucha disciplina y obediencia a nuestros mandos.

No solamente estamos luchando contra los fascistas nacionales, que eso para nosotros sería jugar al «mus», sino que también estamos derrotando a los voluntarios obligados del «berrendo» Mussolini y el «cornudo» de Hitler.

¡Así es que, camaradas, disciplina y obediencia a nuestros mandos!

Angel MARTIN

La compañera de Piera

Marie Marguerite Tarico. Al llegar de nuevo al «Hogar del Soldado», llamó mi atención una mujer sencilla, cuya bondad se advierte en todos los detalles de su actuación silenciosa. Es digna de su compañero heroico, víctima de la traición de los desleales. Al verla trabajar, con tal ahínco y fervor, se diría que algún interés particular tenía en ello. Pero no. Marie Tarico, trabaja por el Ideal, trabaja por vengar a su marido. Cuida maternalmente a los camaradas de nuestro Hogar. Quiere ayudar eficazmente a la reconquista de la tierra hollada por las pisadas negras, en la que su marido aguarda, según le dicta a ella la esperanza, la llegada de los hermanos. Hoy, como compañera del heroico comandante, ella nos cuenta sencillamente, durante la charla, que nos ha dejado impresión tan grata, de su vida de trabajo, siempre ejemplar. También trabaja hoy.

Al hablarle yo del camino reivindicativo de la mujer, ella lamenta, que en nuestra España este Ideal no cuaje en la realidad y asiente [illegible] en el trazado de planes reivindicativos. Me cuenta de Italia, [illegible] patria de sus padres, las andanzas de [illegible] camisas negras [illegible] busca de presa [illegible]. De aquella [illegible] destila que se atrevió a increpar a los [illegible] espectaculares del aparatoso [illegible], y dan asco. Me cuenta [illegible] del aceite [illegible] ignominiosamente, y obligándole a tomar el consiguiente «ricino», la pasearon en coche por las calles del «ORDEN», para poder experimentar el sádico placer de interrogarle: «¿Quién da más asco...?» Y Marie interrumpe su narración para decirme: «Las mujeres en España no saben lo que es el fascio, o trabajarían con más fervor». Ella, en la Italia negra, también estuvo a punto de ser pegada a la pared, por no querer contar a la policía fascista lo que había oído en su casa (su padre era sospechoso para el fascio).

Deja a su patria ensombrecida por la tiranía. En Francia, en España, con su compañero, prosigue su vida de trabajo en lucha siempre con las injusticias del falso orden social.

Me enseña fotografías de su compañero, del luchador constante, que ya en enero, por méritos de guerra, tenía los galones de comandante. Esta mujer, buena y amable, no me dice ya más; en su actitud refleja la esperanza que le anima de volver a ver a su compañero. Y se va a trabajar. Ella no concibe, aunque se tenga medios para ello, el vivir sin devolver a la Sociedad lo mucho que le debemos. Ella entiende que el que no trabaja, pudiendo, es un parásito, un FASCISTA.

Salud, compañera de Piera. Muchas mujeres como tú serían la realización de la renovación esperada.

Enriqueta OTERO

Nuestra Biblioteca

Bajo los auspicios de la Comisión de Cultura, ha sido inaugurada la semana pasada la Biblioteca de nuestra Brigada, instalada en uno de los salones del pabellón de la Comandancia. Se ha estado trabajando cuidadosamente en la selección de los libros y se continúa trabajando en la clasificación de toda clase de obras y en la habilitación de armarios y estantes indispensables. La sala de lectura ha sido abierta ya a la disposición de todos los camaradas, que pueden encontrar en ella no solamente libros útiles sino toda la prensa diaria de Madrid.

La Biblioteca está abierta todos los días de nueve a una de la mañana y de tres a siete de la noche.

DE INTERES

En la cartería de esta Brigada, se encuentran los paquetes dirigidos a los siguientes camaradas.

| DESTINATARIO | PROCEDENCIA |
|---|---|
| Policarpo Moreno Torres | Chiclana de Segura |
| Julián Fernández Ruiz | Horcajo de los Montes |
| José Flores Hidalgo | Begíjar |
| Alejandro Fdez. Giménez | Idem |
| Pedro Nieto de la Fuente | Salaúz |
| Cándido Martín Moreno | Villarrubia de los Ojos |
| Ciriaco García Díaz | Horcajo de los Montes |
| Manuel Cortés Segura | Madrid |
| Bernardo Mateo Muñoz | Socuéllamos |
| José Cuevas Zafra | Idem |
| José María García | Begíjar |
| José Gómez López | Socuéllamos |
| Antonio Gómez Cabrero | Estafeta militar, 14 |
| Eligio Muñoz Calvo | Zarza Capilla |
| Manuel Fructuoso García | Begíjar |
| Jesús Camino Gutiérrez | Menasalbas |
| Anastasio Muñoz | Villanueva Córdoba |
| Vicente Donate | Villarreal de la Plana |
| Ildefonso López Cuadrado | Begíjar |
| Pascual Calvo Bulau | Villarreal de la Plana |

Se ruega a todos estos camaradas, reclamen dichos paquetes a sus respectivos carteros, pues conteniendo la mayoría de los paquetes comestibles, en la época actual se echan a perder.

El Cartero de la Brigada

Artigo de Enriqueta en *Al ataque*, 3-7-1937

de 1949 nas que reivindicaban melloras. A causa desas protestas é sancionada, por unha falta de carácter colectivo, á perda do tempo de redención ata que amosase mellor conduta; non será rehabilitada ata dous anos despois. A censurada e retida correspondencia que posuímos deses anos revela unha Enriqueta afectada pola «enfermidade moral» das presas nos cárceres franquistas, e por algúns «desequilibrios racionais» que finalmente a conduciron, coma a outras reclusas, cara ó pragmatismo coa asunción definitiva da estabilidade do réxime franquista.

Durante o primeiro semestre de 1949, padeceu unha enfermidade estomacal de certa gravidade: a comida era insuficiente, en parte polos desvíos que efectuaban os funcionarios e administradores; ademais, a axuda externa de organizacións políticas e das familias non chegaba coa frecuencia necesaria. En Segovia, polo intenso frío da rexión e a falta de alimentación arrequeceu o número de tuberculosas dentro do presidio. Así, nas cartas desa época, Enriqueta contempla as xeadas como un perigo que a obriga a escribir os «renglóns ateridos».

A principios de 1951 solicita a revisión do seu expediente para se favorecer da redención de condena, e en outubro dese ano trasládana á prisión de Guadalaxara, para ser finalmente confinada no penal de Alcalá de Henares, se ben sairá durante curtos períodos á Clínica Psiquiátrica Penal de Mulleres de Madrid (1952) e ó Hospital Penal Raimundo Fernández-Cuesta (1953) —para ser tratada da frecuente «psicose carceraria» que tenden a padecer as internas máis veteranas—, antes de gozar dos seus primeiros permisos en 1960, e logo da liberdade condicional. Cinco anos máis tarde extínguenlle a condena.

Recibida con precaución polos seus desconfiados e temerosos veciños, recupera algunhas propiedades familiares, perde outras e abre un longo contencioso-administrativo para ser rehabilitada con todos os dereitos como mestra nacional, o que con-








seguiu oficialmente o derradeiro día de outubro de 1974, se ben a súa primeira clase, case corenta anos despois da última, houbo de esperar ata o 22 de novembro dese ano, na que uns abraiados alumnos da escola de Piñeira, no Folgoso do Courel, escoitaron falar por primeira vez de García Lorca e Miguel Hernández. Tras pasar por diferentes escolas, algunhas en proceso de supresión, onde intentou promover revitalizadoras actividades culturais de base, terminou por xubilarse en 1980.

Tres anos antes creara, con trazos visiblemente anacrónicos, a Asociación Popular O Carriño, inspirada nas «misións pedagóxicas» republicanas e deseñada como un espazo de cultura, reflexión e discusión, arredado do ensino tradicional; quizais foi este o seu proxecto máis sólido fronte ós varios que permaneceron paralizados, algúns vinculados ás reivindicacións campesiñas (Cooperativa do Campo A Cabezalla, Asociación de Veciños O Fungueiriño) e outros á liberalización integral da muller galega (Casa da Muller Cándida).

Amortallada coa bandeira republicana, foi soterrada na súa parroquia natal, Miranda, evocada como *a última guerrilleira galega, a Pasionaria do pobo galego*, nun exercicio de afirmación local dos mitos antifascistas que lle afectou ata no alcume polo que foi coñecida na guerrilla, *María Dolores*, posiblemente en honor de Dolores Ibárruri, quen fora bautizada con ese dobre nome. Morreron o mesmo ano, 1989, de profunda significación para a historia do comunismo, cunha diferenza de dúas semanas. O 16 de novembro finou Dolores Ibárruri, enterrada nunha multitudinaria homenaxe que conseguiu xuntar milleiros de cidadáns, nun «entierro de muchas guerras y varias generaciones», como afirmou o xornalista Raúl del Pozo. O derradeiro día de outubro morrera Enriqueta, rodeada de medio centenar de parentes, amigos e compañeiros.

NOTA

[1] Por xentileza de Queti Otero, sobriña de Enriqueta Otero, puidemos acceder ó testemuño de Honorato Ferreiro Vega, republicano refuxiado e exiliado en Tunicia tras a Guerra Civil, onde finalmente terminaría instalándose. Honorato, que foi alumno de Enriqueta na aldea de Ferreirós desde o 1 de abril de 1930 ata o 25 de xuño de 1931, lembra a vontade de traballo, a vocación para o ensino e o desexo de fixarlles o saber que dominaba a Enriqueta. Entrevista realizada en Montpellier, 2004.

**ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO**
PROFESOR DE
ENSINO SECUNDARIO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 62-65.



# FESTA DO CORPUS NO CÁRCERE DE MULLERES DE VENTAS

FERNANDO HERNÁNDEZ HOLGADO

Fotografía de Martín Santos Yubero

## Un achado

Toda imaxe relata ou describe unha historia pero, asemade, contén unha historia propia e particular: desde a do intre en que foi tomada —intre, esencia da fotografía—, ata a do seu destino posterior, as mans polas que pasou, o uso e o abuso que se fixo dela. É esa carga de historia a que, cando é inmensamente densa, pode chegar a convertela nunha icona, como o famoso retrato do Che Guevara por Alberto Korda ou aquela na que Robert Capa retrataba un miliciano caendo fulminado por unha bala.

A imaxe que recolle este número do DEZ•EME non é icona ningunha, aínda que puidera selo, tanto pola súa forza

expresiva como pola súa capacidade simbólica. O negativo durme no arquivo rexional da Comunidade de Madrid, no fondo fotográfico Santos Yubero, que a CAM lle mercou ó autor, veterano xornalista do diario *Ya*. Apenas foi reproducida,[1] xa que ata hai ben pouco nin sequera fora positivada polos servizos técnicos do arquivo. Atopeina hai un par de anos cando realizaba un traballo de investigación sobre o cárcere feminino das Ventas durante os tres primeiros anos do franquismo, en Madrid. Unha época escura e hermética, na que as cifras diarias de fusilados non acostumaban aparecer na prensa oficial, mulleres incluídas —algunhas delas menores de idade—, como as famosas «Trece Rosas» executadas o 5 de agosto de 1939. Unha época na que, segundo algúns testemuños, Ventas albergaba unhas dez mil presas, multiplicando a súa capacidade orixinaria para cincocentas, e na que se producía un constante goteo de falecementos por fame e enfermidades. Un verdadeiro «almacén de reclusas», por utilizar unha expresión acuñada polas propias mulleres que a padeceron: o cárcere de mulleres máis poboado da historia de España.

A imaxe que nos ocupa non estaba illada, senón que facía parte dunha reportaxe fotográfica sobre unha procesión do Corpus, tan insólita coma impresionante, celebrada no propio cárcere de Ventas en 1939, ós tres meses escasos da entrada das tropas franquistas na capital. Máis dunha decena de negativos ilustrativos das diversas fases da procesión polo recinto externo do centro e algunhas dependencias interiores. Un documento excepcional, xa que daquel «almacén de reclusas», cuxa lembranza debería figurar nos anais da historia —polo menos na da infamia—, non se conservaron nin os planos. Desaloxado o penal a fins dos sesenta, o solar foi subhastado durante a década seguinte e actualmente é un barrio residencial. É coma se, xunta a memoria persoal e colectiva das presas, a historia deixara nas mans da fotografía a responsabilidade de relatar o sucedido.

## O autor[2]

Martín Santos Yubero, fotógrafo oficial do diario *Ya* desde 1934 ata fins dos sesenta, contaba máis de oitenta anos cando logrou vender o seu enorme arquivo fotográfico á Comunidade Autónoma de Madrid. Máis de medio millón de negativos que incluían retratos —populares ou de famosos, desde toureiros ata escritores ou políticos— e reportaxes sobre acontecementos sociais de todo tipo, da época republicana e posterior. Compañeiro de andanzas de fotógrafos como o famoso *Alfonso* e o seu fillo, viviu e protagonizou a primeira gran fase de desenvolvemento do fotoperiodismo español, coas súas cámaras cada vez máis manexables e a súa paixón por reter o cotián e o urxente, a noticia de impacto coa respectiva imaxe reproducida en tiraxes de xornais e revistas imposibles de conseguir hoxe en día, verdadeiros substitutos da actual televisión. Se o grande *Alfonso* e o seu taller habían caer en desgraza co réxime franquista, o non tan brillante Santos Yubero destacaría como fotógrafo oficial do Novo Estado, converténdose nun dos elixidos do Pardo, un dos poucos —dez ou doce— que tiñan paso franco en calquera institución, incluídas as Cortes. Moitas das fotos do seu arquivo foran tiradas polos seus axudantes, aínda que figuraran co nome do xefe, o editor gráfico de *Ya*. Alá por xuño de 1939 contaba uns trinta e seis anos: ¿estivo el aquel día detrás da cámara, dentro da prisión de Ventas, ou sería talvez un dos seus anónimos axudantes? Probablemente nunca o saberemos. Martín Santos Yubero finou en 1992, uns cantos anos despois de vender —ou malvender, por algo máis de millón e medio de pesetas— o seu inmenso arquivo. Teremos que nos conformar coa mirada da que nace esa fotografía, de encadramento perfecto, que zumega simbolismo.

## A mirada

Un soldado en primeiro plano, con baioneta calada: razón e instrumento do golpe militar que inaugurou a época franquista. O primeiro plano explica, pois, a escena e a historia: todo comezou pola forza das armas. «Venceredes pero non convenceredes», disque dixo Unamuno. Como pano de fondo, as elegantes liñas dun edificio de estilo racionalista e época republicana, o cárcere de Ventas inaugurado en 1933, obra dun arquitecto que tamén coñecería certa sona no novo réxime: Manuel Sáinz de Vicuña. Ventás anchas para que a luz puidera entrar e iluminar o opaco universo interno do cárcere, cumprindo así o desexo de Victoria Kent, primeira directora de prisións da historia de España, verdadeira artífice do proxecto. Unha prisión moderna e humanitaria para as mulleres delincuentes, incluso con terrazas para as presas nais: na imaxe aprécianse tres, asomadas no alto. Un fermoso soño truncado pola represión franquista, tan cruel coma urxente. A prisión modélica da República convertida nun «almacén de reclusas».

No centro da imaxe, a esencia transcendente que inspira, xustifica e enaltece a baioneta no primeiro plano: a Igrexa católica en pleno despregamento litúrxico. O capelán portando o solemne corpo de Cristo, baixo palio. Durante aquel xoves, Madrid foi testemuña de numerosas procesións da «tradicional e españolísima festa do Corpus Christi», nas rúas e nos cárceres, como rezaba o artigo publicado días despois na revista do penal, *Redención*.[3] Continuos desfiles de piquetes militares, centurias falanxistas, confrades e adoradores nocturnos, membros de Juventudes Católicas, entoando o Himno Eucarístico e o do Movemento, perfecta maridaxe da relixión coa política. Nos cárceres de homes como o de Porlier tamén se celebraron as misas de rigor, pero o acto máis lucido foi, sen dúbida, o da prisión de Ventas, e disto dá fe a instantánea retratada por Yubero.

Adiantados, varios cativos, probablemente fillos de presas, vestidos de anxiños para a ocasión, portando flores. Derredor, máis soldados con fusís. A relixión como ideoloxía, engraxando as pezas da maquinaria represiva do réxime. Igrexa e exército, sanción divina e man terreal, executora. Seguindo o capelán, as autoridades da prisión, con cirios na man: a directora Carmen Castro, o subdirector José María Muncharaz, o médico Delfín Camporredondo, os funcionarios e funcionarias. Novos carcereiros promovidos, non pola súa cualificación, como en tempo de Victoria Kent, senón pola súa adhesión ó réxime e a súa condición de parentes das «vítimas da barbarie roxa» durante o período republicano. Para asegurarse a dureza e inclemencia do castigo do disidente, ¿que mellor recurso que utilizar as vítimas como verdugos? Toda a engrenaxe represiva do universo carcerario afirmado sobre o resorte da vinganza persoal. A procesión non bota en falta, polo demais, a figura da antiga vítima dos desmandos republicanos representada por María Millán Astray, irmá do fundador da Lexión e encarcerada nas Ventas de 1936 e 1937, posteriormente trocada. A vítima como coartada constante do terror.

En roda da comitiva, marcando a marcha, as presas de xeonllos purgando os seus pecados. Unha mínima parte das miles que estaban dentro e que sobrevivían alleas á escena, amoreadas en celas, corredores e lavabos. A maioría delas, políticas: o réxime aínda non tivera tempo de normalizar a represión carceraria e castigar sistematicamente os «delitos contra a moralidade pública», isto é, a prostitución ilegal, que ata 1956 estaría permitida e regulamentada. Ou os delitos económicos, como o «estraperlismo» desencadeado pola miseria da posguerra. Non: a maioría das presas das Ventas de 1939, tal como sinalan os testemuños das superviventes e os expedientes penais conservados, eran políticas. Isto é, foran condenadas por «auxilio» ou

«adhesión á rebelión militar», unha acusación tan xenérica e ambigua que podía incluír desde militantes de partidos e organizacións de mulleres, ata simples traballadoras voluntarias ou remuneradas na retagarda madrileña —traballo en comedores infantís, hospitais— pasando polas parentes de antifascistas fuxidos, retidas en calidade de reféns. Unha categoría que non reparaba en oficios nin en idades: desde mozas de quince anos ata anciás de oitenta, desde campesiñas a intelectuais. Incluídas —máxima ironía— varias das antigas xefas de servizo e funcionarias da prisión de Ventas durante a época republicana, culpables de atérense escrupulosamente ó regulamento do corpo creado por Victoria Kent, como Matilde Revaque, Dolores Freixa ou Isabel Huelgas de Pablo.

A imaxe captada pola cámara rexistra o paso da procesión por un dos laterais do cárcere. O percorrido continuaba por todo o recinto interior, entrando na enfermaría e no antigo salón de actos, á sazón convertido en capela. Nunha mostra máis do estreito matrimonio entre relixión e política escenificado polo novo réxime, a festa do Corpus, a da solemnidade do corpo e o sangue de Cristo, convertíase no acto purificador esencial dun espazo infectado de «marxismo», segundo a terminoloxía franquista. Non por casualidade, despois do levantamento de xullo de 1936 e baleirada de presas por esixencias da guerra, Ventas enchérase de reclusos políticos de dereitas, algúns deles tan famosos como Ramiro de Maeztu, ideólogo da raza hispana. As tristemente famosas sacas republicanas de Ventas, coas execucións extraxudiciais de Paracuellos del Jarama, no camiño a Valencia, estaban na mente dos novos verdugos do 39. De aí a súa paixón purificadora, expresada de maneira dúplice nos planos simbólico e real, na escena pública e na oculta, á luz do día e con aleivosa nocturnidade.

Porque aquel mes de xuño de 1939, que presenciou a gozosa apoteose do Corpus en Ventas, foi tamén testemuña da maior cifra de fusilados en Madrid, capital entre 1939 e 1944, nas tapias exteriores do veciño cemiterio do Leste. Se o total abarcado ascendeu, segundo os rexistros do camposanto, a 2.663 persoas, só en xuño de 1939 foron fusiladas 227, dúas delas mulleres. Mulleres encarceradas, por certo, na mesma prisión de Ventas, e que se cadra asistiron ós actos relixiosos daquel Corpus co corazón encollido de medo: as irmás Manuela e Teresa Guerra Basanta, fusiladas o día 24.[4] As primeiras presas de Ventas en seren executadas, un dato que andaba nas falas das reclusas e que nos foi transmitido polas superviventes, corroborado ademais pola documentación penal. Mulleres executadas noutra apoteose ben distinta —de terror— da que non existen fotos nin imaxes, cargadas ou non de simbolismo, con poucas ou moitas historias que contar. Coma se fose un negativo da historia, tan necesario coma esquecido, durmindo nalgún escuro arquivo ou vivindo na memoria dunha anciá.

NOTAS

[1] Que eu saiba, a foto só apareceu reproducida no meu libro *Mujeres encarceladas. La prisión de Ventas: de la República al franquismo (1931-1941)*, Marcial Pons, 2003, e en *Trece Rosas Rojas*, de Carlos Fonseca (Temas de Hoy, 2004).

[2] Os datos deste epígrafe proceden do artigo «El Madrid escondido», de Lola Huete Machado (*El País*, 23-11-2003).

[3] *Redención*, núm. 11, 10 de xuño de 1939.

[4] En *Consejo de Guerra. Los fusilamientos en el Madrid de la posguerra* (Compañía Literaria, 1997), Mirta Núñez Díaz-Balart e Enrique Rojas Friend estudaron os arquivos do cemiterio e obtiveron a cifra exacta de fusilados. Os expedientes das irmás Guerra Basanta consérvanse no antigo arquivo de Ventas, Archivo del Centro Penitenciario Victoria Kent (ACPVK), atado Falecidas D-L.

**FERNANDO HERNÁNDEZ HOLGADO**
HISTORIADOR

EDICIOS DO CASTRO
DO GRUPO SARGADELOS

SADA-CORUÑA Tfnos. 620200 e 620937 Fax 623804

LIBROS GALEGOS FEITOS EN GALIZA

- Pra recuperar a nosa memoria
- Pra estudar a nosa realidades presente
- Pra espallar as nosas formas culturais

1963-2004

700 autores que prepararon máis de 1.000 títulos de: documentos, ensaio, historia e creación literaria, arte e arquitectura, cadernos do Seminario de Sargadelos, publicacións do Seminario de Estudos Galegos, así como as revistas Gallaecia, Larouco, Minius, Luzes de Galiza e Unión Libre.

Case cuarenta anos de traballo pola nosa historia, nosa lingua, nosa cultura, nosa identidade, loitando por recuperar a memoria histórica de Galiza, e hoxe apoiando sobre todo a investigación e o conocemento científico das nosas bases económicas.

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 67-70.

# UN CONCEPTO

## O estraperlo

ROQUE MORENO FONSERET

En 1934, o holandés Danie Strauss obtivo mediante suborno a autorización en España dun xogo inventado por el, o estraperlo, unha especie de ruleta que disque permitía gañarlle sempre á banca. Ós poucos días de ser implantado, foi prohibido e Strauss, considerándose lesionado, denunciou a diversas personalidades públicas que recibiran cartos a cambio da autorización legal do uso do xogo: desde o daquela ministro Salazar Alonso a Aurelio Lerroux, fillo adoptivo do xefe de Goberno. O suceso provocou unha crise de goberno e a dimisión de Lerroux, varios dirixentes do Partido Radical foron apartados dos seus cargos e fixose inviable a maioría parlamentaria que soportaba os gabinetes conservadores. O escándalo acadou tal notoriedade que cando pouco despois, xa na inmediata posguerra, se xeneralizou o comercio ilegal de todo tipo de produtos coa conivencia das autoridades, a rúa non tardou en utilizar o termo «estraperlo» para cualificar a nova situación que se viviu sobre todo nos anos corenta.

Tras a Guerra Civil e ata 1959, a política económica practicada polo réxime franquista marcouse como obxectivo alcanzar a autarquía, e logrouno recorrendo ó intervencionismo. Este orientouse ó fomento da produción nacional e a substitución de importacións, e para iso estableceu, por un lado, un ríxido control da produción e dos prezos e, por outro,




propiciou reformas, sempre técnicas e nunca estruturais, no campo ou a industria. A intervención do novo Estado franquista foi absoluta: fixou os prezos dos produtos, asignou os recursos produtivos, fiscalizou as producións e controlou o consumo; e resultou ser un completo fracaso. E foino porque o emprego de determinados instrumentos de intervención ten consecuencias moi negativas no mercado de produtos. Durante a posguerra utilizouse un dos mecanismos de control máis incisivos, como é a utilización dun prezo oficial de taxa inferior ó prezo natural. Este último prezo, o de equilibrio, sería o que alcanzaría ese produto agrario no mercado se non houbese controis. Está demostrado que este tipo de instrumentos introduce mecanismos perniciosos no mercado ó dar lugar á aparición dun comercio ilegal de grandes proporcións. É conveniente coñecermos con detalle cal é o proceso que desencadeou nos anos corenta a fixación por parte do Estado de prezos de taxa por baixo dos prezos de equilibrio para comprendermos mellor a orixe do mercado negro e o mantemento deste malia os seus efectos negativos.

Tenda de comestibles nos anos corenta

Como vimos, o prezo de taxa foi obrigatorio e precisou de organismos de carácter estatal que monopolizaron todas as compras. No ámbito agrario, por exemplo, a obriga do Servizo Nacional do Trigo (SNT) ou da Comisaría Xeral de Abastecementos e Transportes (CGAT) foi adquirir todo o que se ofertou ó prezo de taxa, e a dos agricultores consistiu en entregar toda a produción ó mesmo prezo de taxa. Como este prezo foi inferior ó de equilibrio, os produtores diminuíron a súa oferta mentres que os compradores aumentaron a demanda; os primeiros porque no obtiveron os beneficios desexados e os segundos porque o produto resultou máis barato ca anteriormente. Deste xeito, o mercado desequilibrouse, pois existía un volume de demanda insatisfeita. A resposta a esta situación foi a aparición do mercado negro no que se ofertaron os produtos demandados á marxe do mercado legal pero, loxicamente, a un prezo superior. Este último prezo alcanzou unha cifra tanto máis elevada canto maiores foron os custos do comercio ilegal ou os riscos de sanción. Doutra banda, os consumidores compraban clandestinamente maior cantidade dun produto e a un prezo máis elevado canto máis imprescindible fose. Por iso, os artigos que tiveron maior volume de comercio ilícito foron os básicos na dieta alimenticia, coma tal o trigo e outros cereais, o aceite, as patacas ou as leguminosas. A porcentaxe que representou o mercado negro sobre a comercialización total situouse, no caso do trigo, case sempre por encima do 50 %, mentres que a proporción de aceite consumido «invisiblemente» no primeiro quinquenio de posguerra alcanzou unha media do 34 %. O artigo alimenticio que, en termos absolutos, acadou o maior número de transaccións comerciais foi o trigo. No conxunto de España, a comercialización clandestina foi en determinados anos superior incluso á realizada nos circuítos oficiais polo SNT. Ademais, por este produto pagáronse prezos en ocasións exorbitantes segundo as distintas conxunturas económicas. Por todo iso tense dito que o trigo foi o produto rei do estraperlo.




Pero non só se estraperleou con produtos agrarios; do mercado negro non escapou ningún produto intervido: todas as materias primas agrarias ou industriais e mesmo moitos materiais enerxéticos entraron nestes circuítos ilegais, sen mencionar neste comercio aspectos concretos especialmente desagradables como a especulación con antibióticos. O tráfico de licencias ou de autorizacións alcanzou tal magnitude que podemos cualificar esta época como a da corrupción e a fraude xeneralizadas. De certo, o realmente relevante do estraperlo na posguerra española foi a súa duración, amplitude, profundidade, xeneralización e aceptación social como fenómeno inevitable. Neste círculo vicioso, ademais, os salarios reais foron minguando e os produtos alimenticios non suxeitos ó réxime de intervención, como a carne ou o peixe, aumentaron rapidamente os seus prezos, o que provocou que o mercado negro dos produtos

básicos fose crecendo espectacularmente.

Malia isto, as autoridades franquistas porfiaron en manter esta política de prezos de taxa, co obxectivo, dicían, de asegurar o consumo das clases máis desprotexidas da sociedade. O certo é que precisamente foron elas as máis prexudicadas, mentres as clases privilexiadas, sobre todo os produtores e distribuidores, aproveitaron os prezos de taxa e o réxime de racionamento para iniciaren un proceso de acumulación capitalista. A estrutura de prezos foi favorable por primeira vez no século ó sector agrícola, producíndose unha redistribución da renda que beneficiaría non só xa os grandes e medianos produtores que tiveron excedentes e capacidade para vender no mercado negro, senón tamén a unha nova burguesía de tipo especulador que se enriqueceu grazas ós prezos acadados polos produtos agrarios, intervidos ou non, nos distintos mercados. Ademais, un volume de negocios ilegais de tanta envergadura como o que se rexistrou no primeiro franquismo non se podería soster sen a colaboración activa ou pasiva dos propios responsables dos mecanismos de fiscalización e intervención. Efectivamente, unha boa parte das autoridades locais e nacionais participou destas ganancias xa fose cobrando polo silencio ou estraperleando directamente. Isto, xunto ós beneficios conseguidos por un dos principais sustentadores do levantamento, a burguesía agraria, pode explicarnos moito mellor o mantemento da política de prezos de taxa baixos ata 1951-52.

A represión do estraperlo, xa que logo, atinxiu cifras ridículas que, comparadas coas de produción ou distribución ilegal, reflicten a escasa eficiencia do aparato interventor, e, por que non, o baixísimo interese en descubrir estas prácticas debido a que moitos dos personaxes do novo réxime participaron nos enormes beneficios producidos polo mercado negro. O peso da lei caeu particularmente nas clases máis desprotexidas da sociedade, existindo moita permisividade cos grandes especuladores. Efectivamente, a magnitude do problema contrasta coa escasa contundencia da lei contra os estraperlistas. Os delitos de abastecementos eran competencia da xurisdición ordinaria, sendo potestade dos xuíces e tribunais aplicar as penas de privación de liberdade, e función da Fiscalía de Taxas impor as penas pecuniarias, incautar ou comisar a mercadoría e clausurar os establecementos comerciais que incorreran en infracción. En Albacete, a Fiscalía Provincial de Taxas pasaba de 1.300 expedientes en 1941 a 2.500 en 1942, correspondendo a maioría deles a pequenos infractores, xente que foi sorprendida vendendo ou comprando calquera cousa no mercado negro, sen relación con redes de especuladores. En Lleida, a Fiscalía de Taxas pasou de 1.313 expedientes incoados a principios da década ós preto de 19.000 a que se chegou en 1949, en xeral referidos a persoas que practicaron un tipo de comercio a pequena escala que permite ver, entre outras cousas, como se desenvolveu o enxeño das clases populares, nuns casos para mellorar a súa sorte diaria, noutros para tratar de medrar na escala social. En Alacant, a Fiscalía de Taxas só recadou en concepto de multas no ano 1944 a cantidade de 77.135 pesetas, cifra ridícula se temos en conta o volume de capital que se movía no mercado negro. Hai que sinalar que só nese ano o valor do aceite comercializado ilegalmente superou os corenta millóns de pesetas. Se quitamos cinco multas de 10.000 pesetas, o resto, ata 556, anda por volta das 50 pesetas e incluso menos. Isto indica que a maioría das persoas multadas eran pequenos estraperlistas, ós que se comisaba a mercadoría e se lles impoñía unha multa.

Contrasta esta conduta laxa co extremado celo que a Sección de Estatística e Racionamento puxo no exercicio das súas funcións, a principal das cales foi depurar o censo de cartillas de abastecemento.

Estes documentos convertéronse no principal instrumento das capas non produtoras da sociedade para conseguir racións extra de alimentos, grazas ás posibilidades que ofreceu a utilización de cartillas de defuntos ou de militares en servizo activo e, sobre todo, cartillas duplicadas nun, dous ou máis municipios. En Alacant, nada menos que 1.632 persoas foron detidas en fornos e tendas de ultramarinos por suposta ilegalidade ó longo de 1944, por usar 648 cartillas de defuntos, 263 de soldados activos e 721 duplicadas. En Málaga, a falsificación de cartillas e a súa compravenda no mercado negro foi práctica habitual. Aquí, as falsificacións consistían sobre todo en poñer máis familiares ó seu cargo ou máis fillos dos reais. A práctica foi tan adoita que a Delegación Provincial abriu un prazo para regularizar a situación baixo pena de retirada da cartilla. O estudo da represión do mercado negro nesta provincia revela precisamente que unha gran parte dos multados eran mulleres encargadas da economía familiar a falta do home, que en escasísimas ocasións foron grandes cantidades as comisadas, polo cal se confirma a idea de que os grandes comerciantes quedaron exentos de sancións e que os produtos comisados eran fundamentalmente artigos alimenticios e de primeira necesidade.

Aínda que este comercio clandestino a pequena escala foi un fenómeno xeneralizado en todo o estado, parece que tivo unha especial repercusión naquelas zonas onde estiveran moi estendidas tradicionalmente as actividades económicas ilegais como o contrabando, tales como as zonas meridionais de Baleares ou Galicia. En Palma de Mallorca foi corrente trasladarse en tren á localidade agrícola de Sa Pobla para adquirir alimentos ilegalmente e, na viaxe de regreso, pouco antes de chegar á estación de Palma, os compradores guindaban os produtos pola ventá e alí recollíanos os cómplices que se encargaban despois da súa venda clandestina. En Ourense coexistiu un pequeno contrabando de subsistencia no que predominaban as mulleres, fronte a outro contrabando especializado ou de grande escala. No primeiro estiveron implicados todos os habitantes da fronteira que trocaban coa poboación portuguesa cereais panificables, arroz, gando, ferramentas de labor, peixe seco ou chocolate por ovos, vacas, ovellas, cordas, madeiras, café, bacallao e sardiñas.




A escaseza de produtos e a miseria xeneralizada provocadas polo estraperlo estendéronse. Durante moito tempo, as autoridades franquistas buscaron argumentos para xustificar a situación. De feito, a virulencia verbal contra o estraperlo, os acaparadores e os intermediarios por parte das autoridades, incluído o propio Franco, explícase moito mellor pola conveniencia política de cargar na súa conta a miseria da poboación ca polo ánimo de acabar con eles. Pero como escusa foi insuficiente a partir de 1951, ano no que se asiste a un cambio substancial na política intervencionista que, entre outras cousas, puxo fin ás cartillas de racionamento en 1952.

**ROQUE MORENO FONSERET**
UNIVERSIDADE
DE ALACANT

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 71-76.



# MULLERES ANTIFASCISTAS DE ASTURIAS NA GUERRA CIVIL

CARMEN GARCÍA

«¿Qué importancia no puede tener en la marcha de la Revolución que las mujeres animen con su presencia y con sus servicios a los compañeros, a los padres, a los hermanos? Fueron cocineras y camareras en los cuarteles rojos; enfermeras en las ambulancias y en los hospitalillos practicantes; espías inteligentes en los enlaces durante el Tercer Comité; soldados de filas en los momentos de la defensiva. Ellas llevaban a nuestro pecho el aliento que a veces quería flojearnos. Sirvieron a la Revolución ostentando orgullosas el brazalete del Ejército Rojo, y en esto, justo es decirlo, no hubo distinción de matices ideológicos: socialistas, comunistas y anarquistas rivalizaron en valor y entusiasmo»[1]

Os primeiros intentos de mobilización política da muller na esquerda asturiana plasmáronse na constitución do Comité de Mulleres contra a Guerra e o Fascismo, creado en Xixón a comezos de 1934 por iniciativa do Comité Nacional. Porén, segundo o testemuño da que fora a súa secretaria de Organización, a militante comunista Pilar Lada, o fracaso do dito comité foi rotundo.[2] Constituído polo PCE, contaba con «delegadas de nuestro partido y elementos simpatizantes», emporiso Pilar Lada queixábase amargamente de que os dirixentes non prestaron o menor apoio á formación dunhas camaradas dispostas a traballar «con muy buena voluntad», pero carentes de toda preparación política e cultural; incluso «responsables» como ela nin sequera eran convocadas ás reunións do partido.

Non será ata despois do triunfo do Frente Popular cando as *Agrupacións Femininas Antifascistas*, nunha etapa de

Manifestación de adhesión ó Frente Popular, Xixón, 14-3-1937. Fotografía de Constantino Suárez.

Sector de Agüera. Milicianos do batallón «Joven Guardia Roja», 5-12-1936. Fotografía de Constantino Suárez.

intensa axitación popular, «se cuidan de organizar a la mujer incorporándola a la vida política, preparando su comprensión de clase hasta entonces dormida».[4] E, en efecto, na axitada primavera do 36, obsérvase unha crecente presenza feminina en mobilizacións, por exemplo as habidas con motivo do 8 de marzo ou do primeiro de maio. Ademais, o arduo esforzo das poucas militantes do PCE por crearen, consolidaren e estenderen organizacións de mulleres sobre bases unitarias antifascistas saldouse con resultados bastante prometedores, especialmente en Xixón, onde antes de estalar a guerra funcionaban cinco Agrupacións Femininas Obreiras que afirmaban contar cunhas mil duascentas asociadas[5]. Denominadas Agrupacións Femininas en defensa dos seus Dereitos, tras o inicio da contenda transformáronse en Agrupacións Femininas Antifascistas, ás que se intentará incorporar ás militantes de todo o espectro político do Frente Popular.

A Guerra Civil favoreceu excepcionalmente a presenza e activa participación das mulleres nas tarefas políticas e sociais. Conforme discorre o tempo, e malia atrancos de toda índole, a mobilización dos homes para a fronte fixo cada vez máis imprescindible a incorporación dun crecente número de mulleres ós traballos da retagarda tanto na produción coma nas múltiples tarefas de asistencia e apoio que a encarnizada loita esixía. Así o poñen de relevo as Agrupacións Femininas nun dos seus manifestos:

> Fueron nuestras Agrupaciones las que organizaron los talleres colectivos en los que se produjeron las primeras ropas para los combatientes. Los sacos terreros que habrían de defender el pecho de nuestros héroes fueron elaborados por estos talleres. Mujeres antifascistas de todos los matices políticos de izquierda recorrieron las viviendas buscando ropas, calzado, colchones, etc., para nuestros luchadores. La mujer actúa de cocinera, de sanitaria en los frentes, de municionera al lado del peligro; creó los lavaderos colectivos. Trabaja cerca de Asistencia Social, del S.R.I. organizando los roperos infantiles para los huérfanos de soldados; colabora en la creación y funcionamiento de las cantinas escolares. *Donde hay un dolor está ella.* El número de enfermeras voluntarias lo acredita [...] En todo momento nuestras *Agrupaciones se entregaron por completo a desarrollar las tareas que la guerra reclama de la mujer.*[6]



Fotografía de Constantino Suárez.

Certamente houbo combatentes femininas nos primeiros días e algunhas caeron en combate, pero a presenza regular de mulleres nos batallóns tivo máis que ver con tarefas auxiliares, de coidado e atención ós soldados. Labores femininos que se consideraban, non obstante, «de mucha utilidad» na fronte; así o recoñecía, por exemplo, o comandante Planería, quen propuxo «formar un equipo de mujeres con el solo fin de cuidar la ropa de los milicianos y atender a su limpieza…».[7]

Con carácter xeral, as militantes do PCE propuxéronse organizar Agrupacións Femininas Antifascistas en todos os batallóns, unha de cuxas misións fundamentais sería a de crear talleres de costura ou lavadoiros colectivos e, para tal fin, xulgábase necesaria a colaboración de modistas que ensinaran «a coser y bordar a sus afiliadas». Peregrina González, militante comunista, tenente de alcalde de Luanco, amais de secretaria da Agrupación Feminina da súa localidade, lembra nas súas memorias poñer en marcha e dirixir un taller de calzóns para o hospital de Luanco ó que «llegaban los heridos sin nada que ponerles», engadindo resolta, «era tanta la necesidad existente [que] nos pusimos de acuerdo unas compañeras y yo para organizar el taller» do que se encargou unha camarada modista.[8]

Sen dúbida ningunha, o primeiro obxectivo de toda Agrupación Feminina Antifascista, mesmo nas zonas da fronte, era o de constituír unha biblioteca que lles permitise «ir capacitándose poco a poco», pero tampouco se esquecían da vixilancia tocante á «moralidad» das compañeiras que sempre deberían ser exemplo «lo mismo en el trabajo material» ca na «moral de cada una».[9] Por medio da instrución, tratábase de elevar o nivel cultural e político das mulleres, a súa formación de clase e, xaora, o seu «espíritu de sacrificio y de abnegación por la Causa.»[10]

Máis lento, serodio e complexo foi o proceso de incorporación da muller á produción. Xa en outubro do 36 aparecía un artigo de Agripina García Feliciate titulado «No es ese el camino. Hay que prestar más apoyo al trabajo de la mujer», no que a autora, tras reiterar que as mulleres asturianas «estamos dispuestas a trabajar en el frente o en la retaguardia», arremetía contra algunhas autoridades que, chamándose antifascistas, estaban «saboteando nuestro trabajo».[11] Transcorridos varios meses da guerra e a medida que as fábricas normalizaban o seu funcionamento, as Agrupacións Femininas Antifascistas formulaban insistentemente a conveniencia de cubrir con man de obra feminina, sequera temporalmente, os postos de traballo deixados vacantes pola mobilización dos homes. Trinidad Cable, no nome da Agrupación Feminina Antifascista de Mieres, esixía unha vez máis que as mulleres fosen mobilizadas na retagarda:

> La mujer no puede permanecer inactiva en la guerra […] nuestra labor está en las fábricas, lo mismo de guerra que industriales, conducir un coche, tranvía, oficinas, policías, etc. etc., y con unos días de ensayo o una pequeña orientación poniendo atención e interés, con una disciplina y obediencia feroz […] sería fácil movilizar todos los hombres para fortalecer la vanguardia y nosotros trabajar en la retaguardia.[12]

Durante a primavera do 37, mulleres asturianas traballarán no sector industrial cunha eficacia superior, nalgunhas ocasións, á dos seus compañeiros homes, se facemos caso do testemuño de Ángel Álvarez, secretario provincial do PCE, quen afirmaba, por exemplo, que na fábrica de cartuchos de Villamayor «sobrepasaron a los oficiales en la producción».[13] Non obstante, malia a sostida presión das Agrupacións das distintas localidades co fin de crear un verdadeiro «Ejército de Mujeres produciendo» paralelo ó «Ejército de hombres combatiendo», a realidade da incorporación da

muller ó traballo foi máis ben limitada. Os sindicatos e organismos do goberno do Frente Popular que apoiaron con medidas concretas a capacitación de mulleres a fin de que estas desempeñasen oficios tradicionalmente masculinos (mecánicas, condutoras, electricistas, etc.) foron antes a excepción cá norma. Como sostén Isabel Cueva, as mulleres máis combativas deben «insistir, rogar, presionar, para que se organicen cursos de formación profesional». As súas reiteradas demandas chocaban unha e outra vez con obstáculos ó parecer insalvables, ou ben recibían como única resposta un clamoroso silencio. Aínda no verán do 37, cando a situación do norte se agrava por días, as Agrupacións Femininas Antifascistas seguen a esixir o seu dereito a participar máis activamente: «¡Queremos trabajar! Sabemos que somos necesarias».[14] Mesmo ousaron criticar abertamente os «insustituibles»; nesta liña, sostiñan as Agrupacións, era posible acabar con tantos «antifascistas de cuota» emboscados na retagarda sempre que o Goberno do Frente Popular resolvese de vez o «problema [...] de nuestra efectiva y práctica incorporación a las actividades industriales.»[15]

Aínda no derradeiro tramo da guerra, as Agrupacións Femininas chamaron as mulleres a mobilizárense engrosando as *brigadas de choque* que tan imprescindibles serían nas tarefas de fortificación, construción de refuxios, aprovisionamento de madeiras, sementeira e recolleita no campo..., traballos todos eles nos que o seu labor foi, ó parecer, moi destacado.

O máis amplo compromiso da muller coa «Causa» había de lograrse por mediación dos sentimientos; apelábase á súa condición de nai, esposa, irmá ou filla: «la que más y la que menos tiene a alguno de sus familiares en las trincheras, pasando frío, privaciones, sacrificios [...] ¿Qué hacen estas mujeres por ayudar desde la retaguardia a que sus familiares tengan un poco más de todo lo que necesitan? [...] Ciertamente que las mujeres trabajamos poco por nuestros soldados...» E concluía o seu artigo Enriqueta Moreno coas que, sen dúbida, eran as consignas do momento: «Todas a engrosar las Brigadas de choque. Ni un solo brazo Femenino inactivo...!».[17]

En calquera caso, tras a derrota, o Consello de Asturias, no informe que sobre a súa actuación presentou ó Goberno da República en novembro do 37 respecto ó papel desempeñado polas mulleres asturianas durante a guerra, sinalará sucintamente: «La incorporación de la mujer a la producción fue muy débil restando por ello muchos brazos al Ejército.»[18] Desde logo constataban unha realidade, pero os dirixentes políticos e sindicais asturianos non eran alleos de todo a un balance tan parco en resultados, pois pouco fixeran por facilitar a integración e activa participación das mulleres nas múltiples tarefas da retagarda. Mentres houbo tempo, foron outras as súas prioridades.

Non obstante, pese a carencias e dificultades, as organizacións de mulleres na Asturias republicana experimentaron un pulo ben notable ó longo da guerra. Os partidos de esquerda viron incrementada a militancia feminina, especialmente o PCE, cuxas activistas foron as que máis celo despregaron en impulsar, estender e soster as Agrupacións Femininas Antifascistas. O forte crecemento do PCE durante o conflito bélico tamén se traduciu na incorporación ás súas filas de centos de mulleres; se en xullo do 36 contaba cunhas 300 militantes, en marzo do 37 sumaban xa as 1.800 afiliadas, e as cifras non deixarían de medrar nos meses seguintes. Ademais, a mobilización masiva dos comunistas nas frontes outorgará un papel cada vez máis relevante ás militantes nas tarefas organizativas, alcanzando naquela excepcional conxuntura un protagonismo no Partido impensable noutras circunstancias. Daquela, nada ten de estraño que no Pleno de outubro do 37 as mulleres representadas sexan preto do milleiro, un terzo do total, e se informe de que algúns radios e numerosas células están integradas exclusivamente por mulleres.[19]



Frente de Luarca, monte Villagermonde.
Miliciana co seu fusil, 13-8-1936.
Fotografía de Constantino Suárez.

Tamén desenvolveron notable actividade as mulleres socialistas, así como as anarquistas, as mozas das J. S. U. e, en menor medida, as republicanas, mesmo cando o seu grao de compromiso e entrega á «causa» non semella equiparable á que caracterizou as organizacións femininas comunistas, se ben é certo que aínda carecemos de investigacións monográficas ó respecto.[20] Incluso aumentou o número de mulleres en cargos de responsabilidade política nas institucións resultado, xaora, da mobilización para a fronte dos homes.

Con todo, á marxe das militantes e activistas encadradas nos distintos partidos, as Agrupacións Femininas Antifascistas eran en realidade as únicas que poderían recibir o cualificativo de «organizacións de masas». O seu carácter unitario, aberto e pouco sectario, polo menos comparativamente, atraeu un crecido número de mulleres asturianas progresivamente comprometidas coa defensa da República. As Agrupacións implantáronse en todo o territorio asturiano, incluídas as zonas rurais; só en Xixón se constituíran vinte e unha Agrupacións en abril do 37.[21] A inmensa maioría das súas integrantes son mozas, solteiras, que desenvolven polo xeral un traballo non cualificado fóra do fogar, están encadradas sindicalmente e aspiran a mellorar a súa instrución cultural e política comprometéndose a fondo coa causa do Frente Popular.

De xeito que cabería preguntarse: ¿estamos falando da existencia dunha verdadeira *vangarda feminista*? Cremos que de ningún modo. Foron, iso si, pioneiras na loita pola incorporación da muller á sociedade que se aspiraba a crear. A febril actividade despregada por afiliadas e dirixentes, as súas constantes campañas de axitación, as múltiples iniciativas a prol da causa popular e do seu xénero, permitiron a rápida extensión das Agrupacións a toda a Asturias republicana e lograron mobilizar por primeira vez miles de mulleres, especialmente as mozas, que daban, entre titubeos e tropezos, os primeiros pasos no camiño aberto dunha certa emancipación.

NOTAS

[1] Véxase *Informe sobre el papel de la mujer en la revolución de octubre realizado por Valdés*, representante do PCE no terceiro Comité revolucionario, cit. en Francisco Erice, «Mujeres comunistas. La militancia femenina en el comunismo asturiano, de los orígenes al final del franquismo», en Francisco Erice (coord.), *Los comunistas en Asturias 1920-1982* (Xixón, Trea, 1996, páx. 322).

[2] Véxase *Informe de Pilar Lada Suárez relativo a su actuación en el PCE desde su ingreso en 1931(Xixón, 27-2-1937)*, en Archivo Histórico Nacional. Sección «Guerra Civil», Salamanca [en diante AHN-GCS] Sección *P. S. Gijón*, Atado K/289-6 (texto mecanografado, páxs. 8 e ss.)

[3] Ver *Informe de Pilar Lada...*, en AHN-GCS. Sección *P. S. Gijón*, Atado K/289-6 (páxs. 8-9).

[4] Ver *Manifiesto de las Agrupaciones Femeninas Antifascistas a las Mujeres Asturianas*, datado en Xixón (23-VI-1937) en AHN-GCS, *Sección P. S. Gijón*, Atado K/263-13.

[5] Ver *Pleno Provincial de Mujeres Antifascistas*

Xixón. Taller de costura da C.N.T. no Círculo Mercantil, 6-1-1937. Fotografía de Constantino Suárez.



*(7-IV-1937)* en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado. K/263-12. Tamén Francisco Erice, «Mujeres comunistas...» en *ib.* (páx. 323). Véxase tamén o interesante traballo de Isabel Cueva Fernández, *¡La retaguardia nos pertenece! Las mujeres de izquierdas en Asturias (1936-1937) Su lucha por autodefinirse* (Xixón, ed. Concejalía de la Mujer del Ayuntamiento de Gijón, 2000, páxs. 66 e ss.).

[6] Ver *Manifiesto a las Mujeres Asturianas (Xixón, 23-VI-1937)* en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado. K/263-13 (fragmentos en cursiva da autora).

[7] Ver *Acta de la reunión celebrada para «tratar el problema de las mujeres» el 6 de diciembre de 1936* en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K/263-12.

[8] A creación de talleres de costura obrigaba a pedir ou requisar roupa, teas e máquinas de coser entre os veciños, sendo este un dos cargos máis frecuentes nas acusacións contra mulleres por parte das autoridades franquistas na inmediata posguerra. Así lle ocorreu á propia Peregrina González. *Vide* Peregrina González Peláez, «Recuerdos y pensamientos», Folletos del Ateneo, *Cuadernos de Historia*, núm. XVI, Xixón, 1999 (páx. 12)

[9] *Vide* «Acuerdos tomados en todas las reuniones de los Batallones sobre problemas de las mujeres del P. C.» en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado. K/263-13

[10] Véxase *Manifiesto a las Mujeres Asturianas*, cit. en nota 6.

[11] *Vide* Texto mecanografado (Xixón, 31-X-1936) en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K7263-13.

[12] *Vide* Texto manuscrito «Trabajo de la mujer en la Guerra» (Mieres, 16-III-1937) en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K/263-2. Na mesma liña, Visita Álvarez, campesiña, sinalaba a necesidade de substituír tamén os homes no «duro» traballo do campo; era obrigado, ademais, intensificar a produción de alimentos «que tanto escasean», de modo que, proseguía Visita, «hoy no debemos desmayar, nuestro esfuerzo unido a la vanguardia acelera la victoria», *v.* texto manuscrito (Xixón, 12-II-1937) en *ib.*

[13] Véxase Ángel Álvarez, «Experiencias de nuestra guerra. La lucha en el Norte y particularmente en Asturias», en Archivo Histórico del PCE. Madrid. Sección *Tesis, Manuscritos, Memorias*, Sig. 29/1 (texto mecanografado, páx. 28).

[14] Véxase Isabel Cueva Fernández, *¡La retaguardia nos pertenece!...*, citado na nota 5 (páxs. 76-82, citas textuais en páx. 78 e 80).

[15] Véxase *Manifiesto a las Mujeres Asturianas* (Xixón, 23-VI-1937) en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K/263-13

[16] Véxase Ángel Álvarez, «Experiencias de nuestra guerra...», citado na nota 13.

[17] Véxase o artigo mecanografado de Enriqueta Moreno, «Aportaciones femeninas para el triunfo» en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K/263-13; tamén o de Fidela Fernández, «Temas Femeninos», no que conclúe a autora cun rotundo «¡Todas por la emancipación de la mujer!», *vide* en *ib.* Maruja Fernández, desde Avilés, propoñía, pola súa parte, que se obrigase a traballar as «facciosas» e remataba o artigo coas habituais consignas: «Camaradas Anti-Fascistas: Todas a trabajar, y a enseñar como se trabaja a las que no saben, que la dominación de la Burguesía ya se a [sic.] terminado» (subliñado no orixinal) (texto mecanografado), *vide* en *ib.*

[18] Véxase «Relato objetivo de la vida del Comité Provincial del Frente Popular de Asturias, convertido después en Consejo de Asturias y León y más tarde en Consejo Soberano y que los integrantes de éste presentan al Gobierno de la República después de la caída de Asturias en poder de las hordas invasoras» (Valencia, novembro de 1937) en Archivo Histórico del PCE. Madrid. Sección *Nacionalidades y Regiones* (Asturias), Caixa 79. Sig. 3/4 2.24 (Texto mecanografado, páx. 6).

[19] Ver Carmen García, «El Partido Comunista en la Guerra Civil y la guerrilla», en Francisco Erice (coord.), *Los comunistas en Asturias...*, (páx. 116) e F. Erice, «Mujeres comunistas...», en *ib.* (páx. 325)

[20] A única aproximación de conxunto ó tema é o estudo de Isabel Cueva, *¡La retaguardia nos pertenece!...* xa citado, *passim.*

[21] Ver Isabel Cueva, *¡La retaguardia nos pertenece!...* (páx. 71).

[22] Véxanse distintas táboas sobre militantes de diferentes Agrupacións con datos de idades, profesións, encadramento sindical, etc. en AHN-GCS, Sección *P. S. Gijón*, Atado K/276-2. Aínda que a maioría das traballadoras pertencían a sindicatos tales como os de «vestir e aseo», ou o de «obreiras do fogar» ou ben o de «oficios varios», encontramos tamén unha moza «enxeñeiro» que se ofrece voluntaria para traballar na retagarda. Por outra parte, son moitas as que saben ler e escribir, menos as que coñecen «as catro regras», e desde logo, non todas están alfabetizadas. En todo caso, sempre estamos falando de informacións moi fragmentarias.

**CARMEN GARCÍA**
UNIVERSIDADE DE OVIEDO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 77-82.

# ENTRE A RECUPERACIÓN DA DIGNIDADE E A 'NORMALIZACIÓN` HISTORIOGRÁFICA: O PAPEL DOS HISTORIADORES E O FORO POLA MEMORIA

SERGIO GÁLVEZ BIESCA

Si gran parte de la historia la escriben los vencedores, ¿quién habla entonces en nombre de la mayoría silenciosa?

M. Parenti, *La historia como misterio*

«Sin duda, la faceta más atroz de la dimensión reaccionaria y restauracionista de la insurrección fue la represión violenta y sistemática contra el enemigo interno, fehaciente o potencial». Deste xeito describía hai pouco o sempre ecuánime E. Moradiellos (2004: 116) a planificación e desenvolvemento posterior da *política do exterminio* por parte do exército franquista na Guerra Civil española.

Logo de seis décadas de omisión ou esquecemento, por fin se empeza a falar da política de exterminio desde a base científica dos estudos historiográficos. Non é esta unha cuestión banal, xa que no lento pero progresivo camiño da *normalización historiográfica* da Guerra Civil, ata non hai moito tempo falar de exterminio ou mesmo de xenocidio tendía a interpretarse como unha falsificación da historia ou como unha visión partidista. A proliferación de investigacións, a apertura de arquivos públicos e privados, unidos ó movemento en prol da




recuperación da memoria histórica, modificaron profundamente os parámetros interpretativos dos historiadores e promoveron a concienciación social da importancia desa memoria histórica.

Atopámonos no punto de inflexión deste *fenómeno*. Nos últimos anos prestouse especial atención á memoria e á historia da primeira etapa da represión do franquismo (1936-1939). Claro está que era necesario penetrar naqueles anos e desen-

trañar o que ocorreu, pero iniciada esta nova fase do proceso académico e político-social, faise imprescindible formular novas perspectivas de cara a un futuro próximo, así como analizar brevemente o camiño percorrido, cos seus logros e déficits.

Porque a clave de construír unha memoria histórica democrática, crítica e reivindicativa, e de normalizar unha cuestión que desde hai anos debería ser labor exclusivo de historiadores, reside en entender que se hai un elemento constante ó longo da ditadura, ese é a represión en todas as súas vertentes. Non se pode esquecer que para Franco e os seus acólitos a Guerra



Propaganda franquista contra o baile

Civil non rematou o 1 de abril de 1939, senón, ben ó contrario, podemos fixar a súa defunción o 20 de novembro de 1975: ano tras ano non se deixou de recordar quen eran os vencedores e os vencidos. A isto sumouse unha ampla herdanza de mitos, falsas lexitimacións, propaganda e demais revisionismos históricos, que en nada axudaron á tan desexada e buscada «reconciliación» das dúas Españas, representada co asinamento da Constitución e a Lei de amnistía. De xeito que «el único camino posible y aceptable para desmontar la mitologización franquista, y con ello la permanente tentación totalitaria, es la recuperación de la memoria democrática; es la reconstrucción de la memoria histórica a través del análisis pormenorizado de lo que realmente fue, de lo que realmente ocurrió en todos sus detalles y sobre la base de una cuantificación indiscutible» (Reig Tapia, 1999: 344).

No longo e tortuoso camiño da normalización historiográfica, desde as primeiras obras de Tuñón de Lara ou Pierre Vilar ás últimas investigacións de Espinosa, Conchita Mir, Julio Aróstegui, Pere Ysàs e un longo etcétera, sucedéronse dúas xeracións de historiadores comprometidos cunha profesión e unhas aspiracións, que se enfrontaron a todo tipo de penalidades e atrancos. O resultado máis palpable dos avances das súas investigacións estriba precisamente na reacción en forma de publicacións, actos e demais que publicistas e apoloxistas profranquistas (ós que seguiu unindo o pacto de sangue asinado en xullo do 36 tras case trinta anos desde a morte do ditador) nos seguen brindando nos últimos tempos, con grande éxito editorial, por outra parte. Pero, a fin de contas, o discurso dominante (chámese oficial tamén) tivo que lle dar cabida ós avances historiográficos que desde fins da década dos noventa formularon as fases e características da primeira etapa da represión franquista. Non obstante, isto deu lugar a dous tipos de literatura que, cun mesmo obxectivo ou obxectivos, produciron resultados desemellantes.

Desde o mundo académico, a proliferación de investigacións, congresos, actos e mesmo creación de cátedras de memoria histórica[1] clarificaron e constataron a planificación e execución dunha política de exterminio que, á luz dos seus resultados, puidera denominarse xenocidio. Ou, noutras palabras, «¿qué historiador hoy puede poner en duda la tesis de Francisco Espinosa ante la cantidad y calidad de datos manejados en la concreción de los hechos materiales, que demuestran la planificación de un plan de exterminio?»[2]. Neste sentido, o debate historiográfico serio (que non ten que saír exclusivamente das universidades) reconduciuse polos labirintos «normais» da

disciplina. Mesmo que o camiño sexa aínda longo de percorrer,[3] e a cuestión da cuantificación das vítimas estea aberta e sen determinar con exactitude,[4] si se pode dar por concluída, ou polo menos definida nos seus trazos principais, a literatura xerada en torno á política de exterminio do franquismo. Outra cuestión, claro está, é a súa difusión editorial.

Ó socairo do *boom* do movemento a prol da recuperación da memoria histórica, xorde un segundo tipo de literatura non especializada, que pouco ou nada achegou. Publicacións recentes, como a asinada por Marta Núñez (2004), na que, partindo da alegre utilización dun marco teórico e histórico bastante inconsistente, aproveitaron o pulo editorial para ofrecer un produto dixerible pero pouco recomendable. Os exemplos de xornalistas reconvertidos a historiadores, ou escritores tratando o tema con certa seguridade, arrogancia e distancia, se ben están permitindo formular a necesidade de recuperar a memoria histórica, volven introducir algúns clixés ou interpretacións máis ca dubidosas sobre o devandito fenómeno.

Poderíase pensar que coa normalización historiográfica, a consolidación do movemento asociativo pola recuperación da memoria histórica e incluso se temos en conta a recentemente creada Comisión Interministerial para o estudo das vítimas da Guerra Civil e o franquismo,[5] a cuestión da represión franquista pasou a converterse nunha mera categoría historiográfica. É aquí onde se encontra o nó gordiano do problema. Tras máis de vinte e cinco anos do final da ditadura e os que lle seguiron no proceso de consolidación do proceso democrático, a funcionalidade política do pacto de silencio[6] unida á «necesaria catarsis del pasado» (Ortega, 1994: 47), non evitaron, tal como era o seu obxectivo, que a actual democracia deixara de ter unha débeda ética, moral (engádanse as comiñas que se estimen oportunas), xurídica, histórica e económica con todas as vítimas da política de exterminio do adversario político do franquismo.

A isto súmase a persistente e irrevogable necesidade de lembrar a Guerra Civil por parte dunha dereita aínda imbuída de vellos demos e lembranzas tormentosas, o que non sinala outra cousa senón que o tema, lonxe de se normalizar, segue a ser motivo de arduos conflitos. Así que, malia a imaxe mitificada e edulcorada transmitida polos *gardiáns da historia oficial*, só se conseguiu debilitar as bases políticas, sociais e culturais do país (aquilo que se acostuma chamar «déficits democráticos»), e por outro tivo un efecto non desexado, ó impulsar de feito o proceso de recuperación da memoria histórica das vítimas da Guerra Civil.

A historia tense mostrado persistente en demostrar que as xeracións necesitan coñecer a súa historia e ter, en fin, a súa memoria como comunidade. Sucedéronse máis de tres xeracións de españois desde a fin oficial da Guerra Civil, sen coñecer nin poder acceder a unha parte fundamental e sistematicamente ocultada da súa historia. Aínda que seguramente serán as xeracións vindeiras de historiadores as que mellor poderán afondar no estudo da represión franquista, faise imprescindible ir establecendo os camiños que conduzan a fixar a verdade (en minúscula) dos porqués da Guerra Civil e as consecuencias da represión franquista.

Neste contexto, o papel de asociacións como o Foro pola Memoria cobran un sentido histórico, social, político, humano e ético. O primeiro que cabe sinalar, desde unha profunda autocrítica política e histórica, é que este tipo de iniciativas chegan demasiado tarde para decenas de miles de superviventes do xenocidio. Tras o *boom* dos primeiros anos, no que o xurdimento de varias organizacións levou a unha explosión informativa que sería amplamente aproveitada por asociacións que, sen obxectivos históricos (e non falemos xa de políticos) se implantaron como os falsos referentes, naceron á par outras iniciativas

máis serias e con obxectivos concretos. Percorrida xa unha primeira parte dese proxecto, entre unha mestura de esperanzas, medos e incomprensións ben fundamentados, o certo é que falar hoxe da recuperación da memoria histórica non é xa un exercicio de boas intencións ou de simples proclamas. Como sucedera coa historiografía, este tipo de asociacións pasaron a súa particular transición, na que as primeiras preguntas e preocupacións principais residiron en demostrar física, xurídica e historicamente o plan de exterminio do franquismo.

Só partindo desta cuestión se pode explicar como as asociacións en prol da recuperación da memoria histórica centraron a maioría dos seus esforzos nas exhumacións de fusilados da represión inicial do franquismo. No caso concreto do Foro, a elaboración dun protocolo de actuacións para as escavacións,[7] de equipos interdisciplinarios (historiadores, avogados, arqueólogos, antropólogos, psicólogos, documentalistas, arquiveiros) e de toda unha estratexia informativa constituíronse nas ferramentas para explicar por que hai milleiros de persoas anónimas fusiladas e soterradas por toda España, ó tempo que con isto se tratou de crear un movemento político e social forte, consistente. Malia os moitos erros, o elemento máis importante neste labor foi a recuperación da dignidade de centos de familiares, que non tiveron nin o dereito a enterrar os seus e que estes foran recoñecidos. Encontrámonos, por tanto, cun dobre asasinato: físico pola ditadura e intelectual pola democracia.

Cumpridos boa parte destes obxectivos políticos, sociais e históricos, os interrogantes diante do futuro son incertos. En primeiro termo cabería preguntarse se asociacións como o Foro pola Memoria son un parche ou unha solución global ó problema da memoria histórica en España. Parche ou solución, a meta é que o Estado se faga cargo destas cuestións contando coas asociacións, xa que resulta imposible material, económica e fisicamente rescatar os máis de cincuenta mil fusilados que quedan polas gabias do país. Pero, ¿é viable que o actual Goberno adquira o compromiso político e histórico que tal tarefa vai supor? Cremos que non (e oxalá erremos), xa que as boas intencións non poden agachar pola súa vez a intencionalidade política de querer sandar por fin as feridas cos menores custos políticos posibles. Todo isto volvería pechar a cuestión en falso e perpetuaría un tema no que, en poucos anos, non haberá testemuñas vivas do xenocidio.

Tamén cabe interrogarse sobre se, no hipotético caso de darse tal proceso de recuperación dos corpos dos represalidados, ¿non nos volvería conducir isto a un novo proceso de desmemorización histórica? É opinión do autor (moi debatible en todo caso), que, para que o recordo e a historia da política de xenocidio estea presente ó longo do tempo, quizais o máis conveniente sexa recoñecer institucionalmente a loita dos miles de antifranquistas e asemade recuperar os seus nomes, e edificar miles de pequenos monumentos alí onde xacen, que lembren tal barbarie por toda a xeografía. Conseguiríase así que as xeracións vindeiras non esquezan o que de ningún xeito foi unha tolemia colectiva nin algo inevitable, senón unha acción perfectamente planificada.

Así pois, as perspectivas de futuro para o movemento asociativo da recuperación da memoria histórica —e engadiriamos dos dereitos humanos— estriban en tres elementos centrais se se pretende construír unha memoria crítica e democrática. En primeiro termo, e partindo de novo da necesidade de estudar a represión franquista en todas as súas vertentes ó longo de corenta anos, faise imprescindible ampliar o marco temporal e temático das investigacións e accións, chegando nesta segunda fase á década dos cincuenta, e mesmo a principios da Transición. En segundo lugar, ha de construírse tanto teórica como metodoloxicamente unha concepción de memoria histórica que permita explicar a historia do

país, lonxe das visións maniqueas, mitos ou clixés. O terceiro obxectivo segue estando no afondamento do factor humano, non só lembrando os represaliados, senón recuperando en todo o significado da súa loita, os seus desexos e arelas e a súa mensaxe; e para iso, as posibilidades de actuación seguen a ser múltiples: desde a supresión dos símbolos franquistas á revogación dos xuízos políticos a miles de antifranquistas. E dado o caso, ¿por que non pedir a revogación da *Lei de amnistía*?

En resumo, demostrada a política de xenocidio do franquismo e iniciada a longa viaxe da recuperación da dignidade das vítimas do franquismo, impóñense novos retos e preguntas, neste camiño entre a historia e a loita política e social. O que non ten faladoiro é que o presente histórico nos conduciu a unha responsabilidade histórica que non pode ser posposta por máis tempo pois, como observara sabiamente Tácito: «*Memoriam quoque ipsam cum voce perdissemus, si tan in nostra potestate esset oblivisci quam tarcere*»

NOTAS

[1] A Universidade Complutense de Madrid, en xullo deste ano, foi a primeira en crear unha cátedra sobre Memoria Histórica do século XX. Aínda que o proxecto nace coxo ó non contar co Departamento de Historia Contemporánea da propia Universidade, e vinculala a través dun convenio coa Asociación da Memoria Social e Democrática (Amesde), dirixida por Miguel Núñez, si supón un importante paso no recoñecemento institucional das propias asociacións pola recuperación da memoria histórica.

[2] Referímonos á obra *La columna de la muerte* de Francisco Espinosa (2003), e que supón na ampla bibliografía sobre a represión franquista un punto de inflexión, non só pola súa calidade senón pola demostración palpable da planificación meticulosa da política de exterminio.

[3] Véxase un estado da cuestión recente en E. Avilés e S. Gálvez (2003), E. Moradiellos (2003) ou na última revisión da biografía de Paul Preston sobre Franco (2004).



[4] Unha actualización dos últimos datos sobre a cuantificación da represión en Casanova (2002), así como unha primeira visión xa superada en Santos Juliá (2000).

[5] Real Decreto 1891/2004, do 10 de setembro. Sobre este R. D., e á espera da súa posta en práctica, hai que destacar varias cuestións que nos permitan entender os logros e as eivas coas que nace esta iniciativa. En primeiro lugar, o organismo encargado é o Ministerio da Presidencia, e na súa exposición de motivos declara que o seu obxectivo central é «*constituir una comisión interministerial encargada de estudiar la situación de los que, como consecuencia de su compromiso democrático, padecieron actuaciones represivas durante la guerra civil y el franquismo, y hasta la restauración de las libertades democráticas, así como de proponer las medidas, legales o de otro tipo, que resulten necesarias para ofrecerles adecuado reconocimiento y satisfacción moral*», co que quedaría delimitado o seu marco de actuación. Non obstante, en canto ó artigo 2. «*Funciones*», hai tres cuestións coas que se pode delimitar os seus obxectivos, e onde haberá que estar atento. No primeiro apartado, preténdese elaborar un «*informe sobre el estado de la cuestión*»; a pregunta que cabe facerse é cales serán os historiadores e demais investigadores ós que se lles encargará ese estudo, e velaí un tema para comezar a preocuparse por cuestións obvias. No segundo apartado preténdese tamén elaborar un informe que permita establecer as condicións de acceso ós «*archivos públicos y privados*», o que sen dúbida o segundo podería supor, se o R. D. se leva con valentía, un paso moi significativo non só a curto prazo, senón a medio e longo. Non obstante, queda por preguntar que sucederá cos fondos documentais aínda non dispoñibles para a consulta depositados nos *arquivos militares*, e ata onde se chegará na súa apertura. O terceiro apartado desta-

Festa de San Isidro Labrador, o 15 de maio de 1941.
Festividade relixiosa oficial da Irmandade Sindical de Labregos e Gandeiros.

cable, e é este o punto clave, é o restablecemento da dignidade dos represaliados polo franquismo: «*Elaborar, para su elevación al Gobierno, un anteproyecto de ley en el que se regulen las medidas necesarias para ofrecer un adecuado reconocimiento y satisfacción moral a las víctimas*». A última cuestión importante é o papel que xulgarán as asociacións pola recuperación da memoria histórica, formuladas no artigo 3, sección cuarta: «*La Comisión deberá asegurar la audiencia y participación de las asociaciones y organizaciones sociales representativas de las personas afectadas o vinculadas a la problemática objeto de sus trabajos*». Dito o cal, preséntanse polo menos tres interrogantes: ¿cales serán as organizacións seleccionadas polo Goberno para a dita Comisión?, en segundo ¿que papel e que funcións desempeñarán?, e por último realmente ¿que recursos terán esas organizacións para poderen traballar e ata onde serán recoñecidas as súas funcións?. Véxase o decreto en http://noticias.juridicas.com/base datos/Admin/rd1891-2004.html#a1



[6] Sobre esta cuestión véxanse as obras de Paloma Aguilar (1996, 2002), así como o número monográfico de *Ayer* sobre «Memoria e Historia» editado por Josefina Cuesta (1998).

[7] Ó dispor do lector interesado se encontra o *Manual de actuación para recuperar la memoria histórica. Protocolo de actuaciones* (www.pce.es/foroporlamemoria ).

BIBLIOGRAFÍA


Aguilar, Paloma (1996), *Memoria y olvido de la Guerra Civil española*, Madrid, Alianza.

Avilés, Elisa, e Sergio Gálvez (2003), *La recuperación de la memoria histórica y la labor de los historiadores. Informe histórico,* en Foro por la Memoria, *Manual de actuación para recuperar la memoria histórica. Protocolo de actuaciones*, Madrid (www.pce.es/foroporlamemoria )

Barahona, Alexandra, Paloma Aguilar, e Carmen González (eds.) (2002), *Las políticas hacia el pasado. Juicio, depuraciones, perdón y olvido en las nuevas democracias*, Madrid, Istmo.

Casanova, Julián (coord.) (2002), *Morir, matar, sobrevivir. La violencia en la dictadura franquista*, Barcelona, Crítica.

Cuesta, Josefina (ed.) (1998), *Memoria e historia*, Madrid, Marcial Pons. Monográfico *Ayer*, núm. 32.

Espinosa, Francisco (2003), *La columna de la muerte. El avance del ejército franquista de Sevilla a Badajoz*, Barcelona, Crítica.

Foro por la Memoria (2003), *Manual de actuación para recuperar la memoria histórica. Protocolo de actuaciones*, Madrid (www.pce.es/foroporlamemoria).

Juliá, Santos (coord.) (1999), *Víctimas de la guerra civil*, Madrid, Temas de Hoy.

Moradiellos, Enrique (ed.) (2003), *La Guerra Civil*, Madrid, Marcial Pons. Monográfico *Ayer*, núm. 50.

Moradiellos, Enrique (2004), *1936. Los mitos de la Guerra Civil*, Barcelona, Península.

Núñez Díaz-Balart, Marta (2004), *Los años del terror. La estrategia de dominación y represión del general Franco*, Madrid, La Esfera de los Libros.

Ortega, Félix (1994), «La modernización social como mito» en *Claves de razón práctica*, núm. 1994, páx. 44-52.

Parenti, Michael (2003), *La historia como misterio*, Hondarribia, Hiru.

Preston, Paul (2004), *Franco. Caudillo de España*, Barcelona, DeBolsillo.

Reig Tapia, Alberto (1999), *Memoria de la Guerra Civil. Los mitos de la tribu*, Madrid, Alianza.

___(2003), «Ideología e Historia. Quousque tandem, Pío Moa?» en *Sistema*, núm., 177.

Ruiz-Vargas, José María (comp.) (1997), *Claves de la memoria*, Madrid, Trotta

Ysàs, Pere (2004), *Disidencia y subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*, Barcelona, Crítica.



**SERGIO GÁLVEZ BIESCA**
FORO POLA MEMORIA

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 83-84.

# INSTITUCIÓNS PÚBLICAS E RECUPERACIÓN DA MEMORIA HISTÓRICA

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

Nos últimos anos vimos observando como, felizmente, cada vez é maior a implicación das institucións públicas na recuperación da memoria histórica. Pero non só referida a períodos hoxe ideoloxicamente pouco conflitivos (estraño sería non apoiar os estudos ou a difusión de petroglifos, mámoas, castros ou mosteiros), senón mesmo sobre a época contemporánea máis achegada a nós, nomeadamente a Segunda República, a Guerra Civil e a represión franquista.

Ese pacto de silencio non escrito que provocou a denominada «Transición», que mesmo alcanzou, inexplicablemente, á investigación universitaria, vaise rompendo de vagar, tanto en Galiza como en España. No momento actual, ademais da case diaria aparición no mercado de libros que analizan diversos aspectos da República, da Guerra e da represión, xa non causa tanta sorpresa que concellos, deputacións ou comunidades autónomas acollan nas súas actividades eventos relacionados con esta época histórica. Pero o que si é perfectamente constatable é que, en xeral, son as institucións gobernadas por partidos progresistas (de esquerda ou nacionalistas) os que destacan neste labor, e non as rexidas pola dereita. Quizais porque as vítimas procedían das primeiras e moitos dos verdugos (aínda vivos) seguen pontificando nas segundas, vendo mesmo recoñecido o seu nefasto historial polos novos «revisionistas» como o ex Grapo Pío Moa ou César Vidal. Por establecer unha comparación, esta «revisión» vén a ser algo así coma se




agora se lles dixese ós cristiáns que Xesucristo era o delincuente e Poncio Pilatos, Caifás e Xudas os bos, os homes que defendían a orde.

Entrando xa no concreto, permítaseme que, no caso de Galiza e pola parte que me toca, destaque en primeiro lugar o Seminario de Historia de Culleredo, que celebra este ano a súa décima edición. Así, en 1996, conmemorando o sesenta aniversario do inicio da Guerra Civil, desenvolveu o tema *A II República e a Guerra Civil en Galicia*, cunha exposición paralela. Nese mesmo ano celebráronse diversos actos co gallo da inauguración dunha avenida dedicada ó que foi presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, entre eles unha exposición sobre o ilustre prieguense, cedida polo Padroado Niceto Alcalá Zamora. No ano 2000, o tema abordado foi *As mulleres galegas no século XX*; no 2002 debateuse sobre o *Movemento obreiro na Galiza contemporánea*, e na última edición, de 2003,

os relatorios versaron sobre *Cultura, democracia, tolerancia e librepensamento: unha achega á historia da masonería*. Tamén celebra este Concello diversos actos co gallo da proclamación da Segunda República o 14 de abril de 1931 (dende ofrendas ata exposicións sobre republicanismo) e no rueiro municipal figuran numerosos persoeiros, tanto locais coma galegos ou españois, vinculados ó republicanismo.

Tres edicións se levan desenvolvido das Xornadas de Historia do Porto do Son; a última, este pasado verán, versou sobre *A República e a Guerra Civil no Barbanza*, que deu pé a visitar, por exemplo, os campos de concentración de Rianxo e Muros.

O Concello de Pontevedra vén apoiando de maneira constante, nos últimos anos, este traballo de recuperación da memoria histórica. O congresos *O exilio galego* ou o dedicado a Alexandre Bóveda, a inauguración de rúas e celebración de homenaxes a destacados republicanos son algúns dos eventos que o municipio pontevedrés apadriña.

En decembro de 2003, organizado pola asociación ferrolá Memoria Histórica Democrática, celebrouse en Narón o primeiro Congreso da Memoria, dedicado ó tema *A represión franquista en Galiza*, que contou co apoio do Concello anfitrión, tanto no referido a subvencións económicas como á cesión dos espazos públicos para o desenvolvemento do programa de relatorios. O ano anterior, o Concello de Ferrol patrocinou a publicación dunha nova edición, ampliada, do libro *Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca*, de Xosé Manuel Suárez.

O Concello da Coruña tamén organizou, no 2001, unha importante exposición sobre *O Republicanismo coruñés na Historia* (que levou aparellada a publicación dun libro, con artigos de varios especialistas), outra exposición sobre Pablo Iglesias (tamén cun libro sobre as orixes do socialismo coruñés escrito por Gerard Brey) e ten en marcha a creación da chamada Casa da República, que se instalará no que foi o domicilio de Santiago Casares Quiroga. Tamén se lles dedicaron rúas a líderes obreiros e republicanos. Non se suprimiu, porén, a nomenclatura franquista de moitas rúas da cidade.

O Concello de Rianxo patrocina, dende hai anos, a publicación de libros sobre esta época: os máis recentes, un sobre Rianxo na Segunda República e outro sobre o campo de concentración desta vila.

Sorprendente (neste caso polo inhabitual) é o recente convenio asinado pola Deputación da Coruña coa Universidade de Santiago de Compostela, na persoa do profesor Emilio Grandío, para o financiamento, por parte da Deputación, do inventariado das causas dos consellos de guerra que se gardan nos arquivos militares da provincia, proxecto promovido polo citado Grandío cun grupo de colaboradores. Pero para entender esta xenerosa contribución non podemos esquecer a sensibilidade especial que, sobre esta materia, ten o actual deputado de Cultura desta institución, Celestino Poza, que procede da familia republicana e librepensadora pontevedresa dos Poza (con deputados, presos, fusilados e exiliados).

Catoira, coas súas Xornadas de Historia dedicadas á guerrilla antifranquista; Boiro, coas homenaxes públicas a políticos republicanos ou o financiamento da publicación de libros; Pontedeume, co apoio ós Cursos «Carlos Gurméndez» (un dos últimos dedicado a Salvador de Madariaga), ou Betanzos (que custodia o arquivo persoal do destacado republicano Javier Alvajar) son outros dos concellos que se están sumando a este labor, tan necesario, de iluminar o abisal océano de esquecemento no que se viron mergullados tantos homes e mulleres que traballaron pola defensa da liberdade, pola emancipación dos traballadores, polo progreso de Galiza, ofrendando mesmo a súa vida.

Felicitémonos, pois, do labor destas institucións. E que outras sigan o seu exemplo.

**CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ**
HISTORIADOR
CONCELLO DE
CULLEREDO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 85-87.

# A DIGNIDADE ANTE A MORTE

**Jesús Ferrero,**
***Las trece rosas,***
**Madrid, Ediciones Siruela,**
**Colección Nuevos Tiempos,**
**2003, 204 páxinas.**




Óabeiro do inestimable obxectivo, tan dos nosos días, de recuperar a memoria histórica, sen dúbida necesario para a nosa saúde mental, aparece un tipo de novela dacabalo entre a reportaxe, a crónica histórica e a ficción, que recolle acontecementos do noso pasado e nolos ofrece nun envoltorio literario no que participan, dunha banda, os feitos históricos —aínda non tan arredados no tempo— e, doutra, a imaxinación do autor.

Baseándose nun episodio da represión na posguerra española no que perderon a vida trece mozas ás que o pobo bautizou como «as trece rosas»; reivindicando e recollendo esa parte da historia adoito relegada ó segundo plano, non só no noso país, senón no mundo enteiro, que é o papel que desempeñou a muller no século pasado e, no caso concreto que nos ocupa, nos feitos que tiveron lugar na Guerra Civil española, Ferrero crea unha novela coral na que os trece nomes das trece mozas fusiladas polos franquistas nun acto de vinganza con vontade de escarmento, dan voz ós correspondentes capítulos e na que o motivo político serve de pano de fondo á verdadeira cerna da novela: os sentimentos e motivacións persoais dos individuos que a habitan.

O autor parte dun episodio dramático da nosa posguerra do que existen testemuñas directas e que tivo como protagonistas trece mozas, algunhas delas aínda adolescentes, axustizadas en 1939. Delatadas polo seu mesmo secretario xeral, foron acusadas de querer reorganizar as Xuventudes Socialistas Unificadas; o seu delito foi, pois, seren *roxas*, seren socialistas. Nin sequera se coñecían entre elas ata ingresaren no cárcere de Ven-

tas, e mesmo foran interrogadas por distintos xulgados e acusadas de diferentes delitos, malia o que a autoridade xudicial decidiu refundir as súas causas nunha soa e darlle así a unidade da que carecía. A acusación foi a mesma para todas: rebelión militar. No mesmo día en que as mataron, xusto unhas horas antes ca elas, tamén foron fusilados corenta e tres homes. Elas e eles foron vítimas dun escuro suceso, o asasinato do comandante da Garda Civil e inspector da Policía Militar, Isaac Gabaldón, cuxos verdadeiros indutores non puideron ser identificados nin dez anos máis tarde por pedimento da familia.

Este non é un drama político nin unha reportaxe, senón unha novela completa, segundo recolleu a crítica unanimemente; en palabras do autor, unha traxedia con coros incluídos, que narra unha parte da nosa historia non contada, a historia que non é oficial. Os arquivos militares, os penais, os do Partido Comunista de España, o auto-resumo do xuíz instrutor, as cartas persoais e, sobre todo, as voces dos que viviron de preto estes feitos tráxicos trasladan o lector ó Madrid dos primeiros días da posguerra, unha cidade refén do odio e da vinganza dos vencedores, na que o autor se encarga de que o valor da vida ocupe o primeiro plano.




Estruturada en catro partes máis unha introdución e un epílogo, cada capítulo vainos dando a imaxe dunha axustizada, ben da man do autor omnisciente, ben a través dos ollos doutros personaxes que nos amosan o desconcerto, a dor e as humillacións sufridas por estas mulleres, case nenas, a mans dunha galería de tipos impresentables nas figuras dos policías, as carcereiras, a monxa María Anselma, os políticos, o cura, etc. Dous rapaces e un can son as testemuñas que, a xeito de fío condutor, relacionan as historias e nos acompañan ata o inexorable final no que só nos espera a morte diante da tapia do cemiterio.

Preocúpalle especialmente a Ferrero que a memoria das axustizadas se poida perder. Pregúntanse entre elas se serán borradas, se existe algún consolo en pensar que se lembrarán delas… Julia Conesa, unha das pobres rosas, di na derradeira carta ós seus: «que mi nombre no se borre en la historia», e se ben non todas teñen a mesma fortaleza e a mesma coraxe, o autor concédelles un nexo entre elas: a dignidade diante da fin («quero levar a miña congoxa ben recta, e iso comeza nos pés e remata na cabeza», di outra), diante dunha morte inmerecida e para elas completamente inexplicable porque descoñecen o feito de que as súas mortes teñen o valor do escarmento para os seus carcereiros, os seus asasinos, que se vingan nelas e nos compañeiros fusilados horas antes, da desaparición dun dos seus.

Cunha prosa florida que avanza entre metáforas e descricións que por veces o lector pode encontrar excesivas, imos vivindo a detención e derradeiros momentos das trece mozas que se expresan de maneira culta e cuxos discursos serven a Ferrero para facerlle múltiples chiscos de ollo ó lector e para despregar os seus amplos e interesantes coñecementos literarios, poñendo en boca dos seus personaxes citas que van desde Bécquer nos beizos do torturador («¿has pensado que solos se quedan los muertos?») á *Divina Comedia* nos de Elena, outra das condenadas.

Ferrero cumpre o seu cometido poñéndonos perante os ollos o resultado da vinganza, da inxustiza, da iniquidade dos vencedores; novela unha historia, ende mal, verdadeira e próxima no tempo, con tons de traxedia grega, recupera un anaco da nosa memoria, contribúe a que as trece rosas sexan recordadas e revísteas dunha dignidade e fortaleza ante a súa sorte que nos gustaría crer que foi posible como resposta a tanta aldraxe, a tanta inxustiza que moitos naquel tempo sufriron. Non as esqueceremos.

**ANTONIA TATO FONTAÍÑA**
CATEDRÁTICA DE I. E. S.

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 87-88.

**Carlos Fonseca,**
***Trece rosas rojas,***
***la historia más conmovedora de la guerra civil,***
**Madrid, Ediciones Temas de Hoy, 2004, 344 páxinas.**




Día 4 de agosto de 1939; a véspera, «noite de saca». Catro meses despois de rematada a Guerra Civil comeza a historia de Carlos Fonseca. En *Trece rosas rojas*, o autor trata de rescatar do esquecemento un dos episodios máis dramáticos da represión franquista: a historia de trece rapazas, sete delas menores de idade, fusiladas no verán de 1939 (xunta outros corenta e tres compañeiros) por pertenceren ás Xuventudes Socialistas Unificadas. Carmen Barrero, Martina Barroso, Blanca Brisac, Pilar Bueno, Julia Conesa, Adelina García, Elena Gil, Virtudes González, Ana López, Joaquina López Laffite, Dionisia Manzanero, Victoria Muñoz e Luisa Rodríguez de la Fuente son as «Trece Rosas» que se converteron, tras a súa morte, en símbolo da loita das mulleres contra o franquismo.

A Guerra Civil e a posterior represión despregada polo réxime franquista é, dende hai uns anos, un tema candente que xerou e xera un intenso debate público. Nos últimos tempos foron numerosas as aproximacións realizadas dende distintas perspectivas (a historia, a novela, o xornalismo) a diversos episodios da época franquista. *Trece rosas rojas* é, neste sentido, moi oportuna. Non nos atopamos diante dunha novela de ficción (como *La voz dormida*, de Dulce Chacón), tampouco diante dun libro de historia ou dunha novela histórica. A obra de Carlos Fonseca, xornalista coñecido ata o de agora polos seus ensaios sobre terrorismo, debe situarse, non obstante, nese terreo movedizo e de difícil clasificación no que se entrecruzan a historia e a literatura. Debedora de obras xa clásicas, como as de Tomasa Cuevas, Juana Doña, Ángeles Madrid ou Fernanda Romeu, este libro é, ante todo, unha mostra do crecente interese por recuperar a memoria histórica como un exercicio de xustiza e por contar historias que fuxan dos grandes personaxes para centrarse en protagonistas que resulten próximos ó lector. As vidas destas mozas e a forma en que chegan a implicarse na resistencia antifranquista sérvenlle ó autor como vehículos de transmisión para analizar distintos aspectos da realidade dos primeiros meses do franquismo no Madrid dos vencidos. Aínda que o ton do libro se aproxime máis ó dunha novela, non atopamos nel ficción. Fonseca levou a cabo un longo traballo de investigación e de recuperación de testemuños persoais. Mediante un uso da metodoloxía da historia oral que non é en absoluto rigoroso, o autor aliméntase para construír a súa historia de testemuños de gran valor, como os de María del Carmen Cuesta, Nieves Torres ou Concha Carretero, que compartiron cela en Ventas coas «Rosas», e do dalgúns dos seus familiares, como o fillo de Blanca Brisac, o irmán de Ana López e os sobriños de Dionisia Manzanero ou de Julia Conesa. Aqueles momentos nos que as voces das protagonistas poden escoitarse a través das súas propias cartas (cedidas ó autor polos seus familiares) son, sen dúbida, os de maior intensidade dramática. Pero o libro de Fonseca é tamén froito da

consulta de fontes hemerográficas (especialmente *Abc*, *Arriba* e *Redención*) e da investigación en arquivos históricos, militares e penais. Entre os documentos de maior interese que o autor manexa hai sumarios de causas xudiciais (como o da 30.426 ou «de las Trece Rosas») e algúns dos expedientes penais conservados no Arquivo do Centro de Inserción Social Victoria Kent de Madrid. A achega documental é, en xeral, notable aínda que resulta sorprendente a decisión de non incluír, salvo contadas excepcións, a fonte da que se tira a documentación, nin sequera alí onde se transcriben fragmentos de forma literal. Son abundantes, por exemplo, as semellas a declaracións en xuízos, chamamentos oficiais, edictos franquistas, informes dos Servizos de Orde Pública e Policía e alusións a outros documentos, nas que non se indica nin a data nin o lugar de procedencia ou de conservación.

*Trece rosas rojas* consta de dezaseis capítulos estruturados en tres partes, ademais dunha guía de personaxes (máis propia dunha novela) e duns anexos documentais nos que se inclúe parte da correspondencia desde a prisión de Dionisia Manzanero, Julia Conesa e Blanca Brisac, a acta do Consello de Guerra que decidiu sobre a causa das mozas e a sentenza pola cal estas, o 3 de agosto de 1939, foron condenadas a morte. O libro principia, como xa se dixo, polo final da historia. Neste primeiro capítulo, a crueza dos acontecementos na noite de saca contrasta coa descrición do valor, o orgullo e a dignidade que mostran estas rapazas fronte á inminente morte. A continuación, o autor retrocede no tempo, e a historia de Virtudes, unha das «Rosas», sérvelle para iniciar a primeira parte da obra («La lucha») na que se alude á xestación do golpe de Casado e a caída de Madrid nas mans dos franquistas. Cun hábil uso das fontes, Carlos Fonseca analiza a forma en que, tras a derrota na guerra, se tentou vertebrar a oposición interior ó réxime franquista, facendo fincapé no destacado papel que tiveron as mulleres nos intentos de reorganización levados a cabo dentro do PCE e a JSU. Se ben se resalta o protagonismo feminino na reconstrución das redes clandestinas, bótase de menos, non obstante, unha análise do discurso de xénero que imperaba no seu interior, así como unha xusta valoración do risco que as tarefas «subsidiarias» desempeñadas polas mulleres entrañaban tanto para a súa integridade física como para a súa imaxe pública. Na segunda parte do libro («La represión»), as historias doutras protagonistas sérvenlle ó autor para describir o ambiente de intenso control social que se respiraba no Madrid da posguerra, onde proliferan as delacións como as que levarán ó desmantelamento das incipientes organizacións comunistas e as detencións como as que acabarán coas mozas militantes no cárcere. A partir deste momento, o libro céntrase, na terceira e derradeira partes («La venganza»), no calvario das presas en Ventas. Descríbese o universo carcerario feminino, aludindo ás torturas, aldraxes e humillacións; ó amoreamento, a fame e a enfermidade; á crueldade das funcionarias e as estratexias ideadas polas presas para loitar contra o seu illamento; ó sufrimento dos familiares e a incerteza das reclusas. E tamén se fala do omnipresente medo á morte, un medo que pasa a converterse en desesperación e desconsolo a partir do momento en que as mozas coñecen o seu destino. En efecto, tanto elas coma outros corenta e tres membros da JSU foron condenados a morte. Acusáronos dun delito de adhesión á rebelión co agravante de «trascendencia de los hechos y peligrosidad». Pero tamén de ser os indutores do asasinato do comandante Gabaldón, un escuro episodio que o Réxime utilizou para dar unidade a un sumario totalmente arbitrario e converter este fusilamento nun caso exemplar. Nunca antes foran tantas as peticións de execución nin unha causa incluíra tantas mulleres. O desenvolvemento dos acontecementos converteu estas mozas en protagonistas dunha historia común, e a súa morte, que abre e pecha este libro, supuxo o nacemento da lenda de «as menores» ou «as Trece Rosas» como símbolo da loita feminina contra o réxime franquista.

*Trece rosas rojas* non achega grandes novidades, pero tampouco parece que o autor o pretenda. Permite coñecer con detalle a vida dun grupo de mulleres novas da JSU e ofrece, ademais, unha visión xeral da supervivencia tras a guerra no Madrid dos perdedores. Todo isto narrado cun ritmo áxil e dinámico, cun ton contido pero asemade apaixonado que fai que a súa lectura poida resultar apetecible para públicos moi distintos. Á marxe do seu maior ou menor valor histórico, libros como o de Fonseca contribúen a recuperar a memoria e evitar o esquecemento; axudan, en definitiva, a manter viva a acordanza de mulleres como estas para que, como pedía Julia Conesa, *sus nombres no se borren de la historia*.

**CLAUDIA CABRERO**
UNIVERSIDADE DE OVIEDO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 89-91.

# O UNIVERSO CARCERARIO NA DITADURA FRANQUISTA

MARÍA VICTORIA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ

**C. Molinero, M. Sala e J. Sobrequés (eds.), *Una inmensa prisión. Los campos de concentración y las prisiones durante la guerra civil y el franquismo*, Barcelona, Crítica, 2003, 358 páxinas.**




Hai dous anos celebrouse o primeiro congreso dedicado ós campos de concentración e ó mundo penal en España durante a Guerra Civil e o franquismo, organizado polo Museo de Historia de Cataluña e o Centro de Estudos sobre as Épocas Franquista e Democrática. Daquel congreso, a editorial Crítica editou dúas publicacións: unha con máis de mil páxinas inclúe a meirande parte dos traballos presentados ó congreso; e esta, que hoxe analizamos, agrupa os relatorios e algunhas das comunicacións de interese máis xeral: en total, seis traballos dedicados ós campos de concentración e outros seis referidos ó universo penal.

Estes traballos permiten coñecer as investigacións realizadas sobre o proceso *concentracionario* e represivo exercido polos artífices do golpe militar, con análises de tipo global, a través de testemuñas persoais ou con reflexións máis universais. A maioría destas análises coinciden na mesma teima: a reclusión non só foi un castigo e unha vinganza senón tamén un proceso de reeducación do vencido, que procuraba a humillación social, moral e física, e pretendía a súa explotación.

Abre o volume o traballo de Nicolás Sánchez Albornoz —quizais o mellor de toda a compilación— sobre a súa experiencia no destacamento encargado da construción do mosteiro de Cuelgamuros. Como sinala o autor, ante a perda irremediable das testemuñas persoais do mundo *concentracionario* e penal do franquismo, chega a hora dos documentos, se queremos coñecer as experiencias vitais dos que sufriron «unha vida máis levadía que no cárcere». O réxime franquista estableceu diferentes modalidades de reclusión, entre campos de concentración, batallóns de traballadores, batallóns disciplinarios, batallóns de soldados traballadores, colonias, talleres ou destacamentos penais, a partir do decreto 281 (28-5-1937) que inaugura a explotación sistemática da man de obra republicana encarcerada, amparándose na idea de que o preso político está obrigado a traballar para asumir o custo da súa prisión. Mentres que contra a clase media republicana se empregou a Lei de responsabilidades políticas, cos traballadores que apoiaron a lexitimidade republicana o Estado articulou a Lei de redención de penas para achegar man de obra barata. Esta situación explica que os campos de concentración franquistas medrasen como un sistema represivo militar de inspiración colonial, e despois asumisen trazos de negocio e corrupción.

Javier Rodrigo estuda os campos de concentración franquistas no período de guerra, e a súa transformación de campos preventivos e provisionais como lugares de clasificación, exclusión e aplicación da lei da vitoria a campos totalitarios, que endureceron o proceso de reeducación ideolóxica, moral e relixiosa. A transformación prodúcese co paso do golpe de Estado frustrado a guerra civil e a definitiva consolidación dunha Xefatura de Campos de Concentración e unha Inspección de Campos de Concentración de Prisioneiros a mediados de 1937, que permitiron a centrali-

zación de máis de cen mil prisioneiros de guerra e o envío dun terzo deles ós batallóns de traballadores. A segunda fase culminou na especialización de cada campo, e nunha tipoloxía definitiva, especialmente evidente na explosión *concentracionaria* vivida en Cataluña en 1939 con máis de cento oitenta mil prisioneiros. Coa vitoria de Franco e tras ser depurados, moitos prisioneiros foron devoltos tamén ás súas vilas para incorporalos axiña ós batallóns disciplinarios de soldados traballadores, como o que describe Francisco Gracia Alonso, para realizar as escavacións arqueolóxicas en Ampurias dirixidas por Martín Almagro Bosch, daquela director do Servizo de Investigacións Arqueolóxicas, quen conseguiu que a Capitanía Xeral da IV Rexión Militar lle cedera prisioneiros de guerra que se aloxaron nun campamento improvisado ó pé da muralla romana e que contaron coa axuda do Batallón Figueras 71 e dun continxente do Batallón Disciplinario de Soldados Traballadores 1 acantonado na gaditana Punta Palomera. O traballo nas escavacións alternábase co labor de adoutrinamento político e instrución militar.

Dese complexo sistema de explotación de man de obra barata, que pretendía reducir tanto o amoreamento nos cárceres como o custo de mantemento dos presos humillados e desterrados, favorecendo os terratenentes e a alta burguesía agraria, fala Gutiérrez Molina ó analizar as colonias penais militarizadas —creadas en 1939— que serviron para construír o canal do Baixo Guadalquivir.

Francesc Vilanova i Vila-Abadal transpórtanos ó cinco de febreiro de 1939, cando Francia abre oficialmente a fronteira para facilitar o paso da poboación civil e dos elementos militares republicanos que recalaron nos primeiros campos provisionais de herba da Cerdaña e Vallespir e despois nos campos das praias do Rosselló, acadando a cifra de catrocentos corenta mil refuxiados. Francia «tentou evitar» un desastre humanitario e sanitario agrupando os refuxiados, illándoos da poboación, sen lles conceder o estatuto de «refuxiados políticos» e convertendose en «asilados temporais» ou negándolles a posibilidade de traballar sen unha autorización oficial dos servizos laborais do Estado francés. Aínda que chegou a fomentarse a repatriación nun primeiro momento, esa situación durou pouco. Os refuxiados serán utilizados como man de obra «cativa» e terán que pechar cun recibimento ás veces hostil da opinión pública francesa. Tras sobrevivir nos campos ás medidas de control da política oficial francesa, á reprodución da fractura ideolóxica e nacional da Guerra Civil, e, finalmente, á reconversión dos internos en man de obra válida e cualificada, a fins de 1939 algúns refuxiados marchaban a América, outros íanse integrando no mundo laboral francés, pero o groso dividirase en tres ramas: as Compañías de Traballadores Estranxeiros, os Batallóns de Marcha e os «voluntarios» da Lexión Estranxeira.

Michel Leiberich pecha o primeiro apartado de traballos dedicados ós campos de concentración vinculándoos ó futuro da humanidade e a importancia capital da memoria, que non debe dar lugar a «transicións amnésicas». A súa contribución é unha longa reflexión sobre os campos como «dominación cada vez maior e máis despersonalizada do individuo», dos opositores políticos, pero tamén das persoas sen delito, para conseguir que se borre unha parte da poboación. Se non hai memoria, prodúcese unha segunda morte daqueles que morreron nos campos, e o feito de que os seres humanos tocásemos fondo con Auschwitz non implica que esteamos vacinados contra acontecementos aínda peores. O Estado español, os medios de comunicación e a meirande parte das forzas políticas sostiveron durante vinte e cinco anos a tese absurda de que unha ditadura criminal se poida converter da noite para o día nunha democracia sen recorrer á xustiza e a análise crítica do pasado.

Na segunda parte do volume, dedicado ó universo penal, Ángeles Cenarro analiza a institucionalización deste para reflexionar sobre as relacións de poder que se establecen entre o Estado e a sociedade, e para situar as prisións —con funcións similares ós campos de concentración— no núcleo mesmo do exercicio do poder. O sistema institucionalizou o dereito-obriga do traballo dos presos. O Padroado de Redención de Penas e as Xuntas Pro-presos estableceron unha xustiza exemplar de carácter aflitivo que permitía clasificar os presos entre redimibles e non redimibles. Tanto coa educación coma coa instrución relixiosa podíase reducir a condena, formalizando a submisión, a xerarquía, a disciplina e o esforzo como ingredientes da reconstrución da sociedade e do Estado. A partir de 1943 créase o Servizo de Liberdade Vixiada, que intensificaba o control dos presos

en liberdade condicional tanto na familia coma no seu lugar de traballo, como enésimo proceso de «purificación social».

Ricard Vinyes analiza desde dentro e desde fóra o universo carcerario (solidariedade civil, familias, redes de comercialización dos produtos dos presos, sociedades católicas e investigacións psiquiátricas), onde a finalidade fundamental era «dobregar e transformar». Os presos dividíanse naqueles que tiñan delitos anteriores á vitoria —unha masa heteroxénea e caótica— e os posteriores a ela ou «resistentes», sometidos a tortura como medio de obtención de información. É posible que por volta de 1940 a cifra total de presos se achegara ós trescentos mil, mentres que a capacidade carceraria era dez veces menor, por mor do colapso xurídico-administrativo que ocasionaba un gran desembolso económico e cuantiosas situacións de insubordinación. O réxime, logo, viuse forzado a establecer unha estratexia de excarceración mediante indultos consecutivos —entre 1940 e 1945, oito— que alixeirou os cárceres, axudado pola morbilidade, os fusilamentos, o maltrato ou as condicións sanitarias. Cando saían da cadea, os presos levaban aprendido xa o discurso da «inferioridade mental do disidente político». Os nenos dos presos serían deportados e tutelados polo Estado, despois controlados polo Padroado San Pablo de Presos e Penados e enviados ó Auxilio Social ou a outros centros para seren reeducados e mesmo rexistrados cun nome distinto.

Santiago Vega achégase á vida cotiá na Prisión Provincial de Segovia desde o momento en que o



preso era detido: o horario, a alimentación, as comunicacións, a cultura, a propaganda, a convivencia, a disciplina, os premios e castigos, o traballo, a hixiene e a saúde e a vida relixiosa.

Carles Feixa e Carme Agustí adéntranse na «paixón autobiográfica» que teñen xerado os grandes conflitos do século XX, aínda que no caso español moi fragmentaria xa que houbo que esperar máis de cincuenta anos porque estes relatos non puideron saír á luz na posguerra, o que explica o actual auxe de memorias ou textos novelados da vida carceraria no franquismo.

Se os discursos da prisión política dos «vencidos» chegan en forma de historia oral, conversas, relato novelado, autobiografía, que poñen de manifesto os usos e abusos do silencio e da memoria, carecemos, en cambio, de autobiografías dos xestores das prisións. Ademais, é o momento de pasar da actual fase arquivística a outra máis analítica que permita entender as estratexias da resistencia e as formas de dominio. En fin, faltan tamén relatos dos presos comúns, dos verdugos, dos carcereiros, dos cómplices e dos delatores, é dicir, falta a memoria dos «vencedores». Esta sintomática situación explica que María Carrillo, no penúltimo traballo do volume, sinale que «o pasado é un país estraño, un territorio complexo», que non é o mesmo abordalo desde a proximidade que facelo coa perspectiva de vinte anos, nin afrontalo como «salvado» ca como «afundido», por usar os termos de Primo Levi; é dicir, saber se a literatura pode servir para imaxinar o horror e se ese testemuño prende nas conciencias e na civilización ata se converter nun elemento imprescindible para as categorías míticas occidentais. A análise do campo de concentración —tamén da prisión— é unha viaxe ós infernos e representa unha ruptura na civilización, unha evolución da historia da humanidade non como progreso senón como catástrofe. Esta catástrofe, a que vivimos durante corenta anos en España, está aínda pendente de estudar. Como sinala Manel Risques no derradeiro traballo, o acceso ás novas fontes documentais, especialmente militares e xudiciais, está permitindo pasar de interpretacións restritivas a outras máis ricas e amplas, tras comezar a ser analizada a documentación extraordinaria que se topa nestes arquivos, que está pedindo a berros que as universidades e os investigadores se lancen sobre ela.

**MARÍA VICTORIA MARTÍNEZ RODRÍGUEZ**
LICENCIADA EN HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 92-94.

# VENTAS: ESPAZO DE SOLIDARIEDADE E RESISTENCIA FEMININA

ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO




**Fernando Hernández Holgado, *Mujeres encarceladas: la prisión de Ventas: de la República al Franquismo, 1931-1941*, Madrid, Marcial Pons, 2003, 369 páxinas**

É certo, como declara o autor na introdución, que contamos con poucos estudos sobre as prisións en España, e que son escasos os referidos ó «enorme peso do sistema penal franquista», que chegou a encarcerar trescentas mil persoas no final da Guerra Civil. Porén, aínda que comezamos a saber cada vez máis sobre o inferno en que se converteu a aplicación da política de vinganza da ditadura franquista, as fontes primarias da investigación sobre a represión penal redactáronse antes da chegada ó poder do PP en 1996 (o autor cita sesenta referencias ata esa data), mentres que as dez achegas e referencias primarias que emprega o autor do período 1996-2003 amosan que o debate sobre a Guerra Civil e a súas consecuencias –caso da política represiva do franquismo– durante a transición foi permanente nos medios de comunicación e cultura, e, sobre todo, que cómpre unha meirande dedicación académica ó fenómeno represivo en xeral e ó penal en particular.

Na espera dunha memoria da transición, aínda por facer, sabemos que tanto a volta dos exiliados como a publicación das memorias dos que participaron na Guerra Civil e sufriron a represión carceraria do franquismo amoreouse no período inmediatamente posterior á morte do ditador. Naqueles complexos anos, a revista *Interviú*, por exem-

plo, publicou de cotío durante dous anos diversas reportaxes sobre as foxas ás que foron parar os represaliados impunemente pola irracional violencia. Así mesmo, outras publicacións, como *Cambio 16*, *Historia 16* e *Historia e Vida*, recollían unha importante mostra da preocupación social pola Guerra Civil e a política de vinganza franquista a través da correspondencia dirixida ós directores desas revistas. E, como ten sinalado algún espelido analista, a concesión naqueles anos dalgún dos premios Planeta a figuras emblemáticas da esquerda como Jorge Semprún ou Manuel Vázquez Montalbán, nunha sorte de aperta das dúas Españas en contenda, privilexia o novo relato histórico da guerra como «inútil matanza fratricida», que, xerado a partir de 1956, se configura definitivamente desde febreiro de 1976 como unha representación da política de inclusión que permitiu á sociedade española «ladear a memoria» para deseñar a súa traxectoria política, ou, segundo outros autores, recibila imposta, debate que, claro está, escapa destas liñas.

Asunto moi diferente é a modificación real da mensaxe que acompañou a transformación da realidade social en contraste coa permanencia estable dunha memoria popular sobre a Guerra Civil e sobre a violencia represiva, apenas desenfocada polo transcurso do tempo, como se reflicte, por exemplo, ó longo do libro de Hernández Holgado co testemuño principal de Josefina Amalia Villa, e cos doutras mulleres antifranquistas (Manolita del Arco, Nieves Torres, María Salvo e Soledad Real), cuxas vivencias terminan tamén por ser recollidas no libro.

A prisión de Ventas, xa desaparecida, reflicte perfectamente a situación de abandono dos *lieux de mémoire* (páx. 21) que case non existen e que, neste caso, soamente poden ser erixidos cos testemuños orais destas mulleres que son quen de «visibilizar a historia dos ausentes» (páx. 23). A construción dun novo presidio en Ventas respondía ás inquedanzas do discurso penalista da, polo entón, directora xeral de prisións, Victoria Kent, centrado no proceso de «dignificación da condición do recluso», plasmación da pegada institucionista e da teoría positivista-correccionalista (páx. 42), que levou consigo como medidas prácticas a retirada das cadeas e dos grillóns (páx. 44), a especial atención ás reclusas ou a creación dunha Sección Feminina Auxiliar do Corpo de Prisións, medidas todas elas que toparon coa resistencia da antiga caste de funcionarios de prisións, punta do iceberg da contestación social a moitas destas decisións que provocaron a dimisión de Kent en xuño de 1932, pero que non impediron que se producira a definitiva e desexada «humanización do cárcere» (páx. 82) antes da Guerra Civil.

Coa guerra e tras uns meses convertido en cárcere para homes, desde marzo de 1937, manterase como penal para mulleres ata a fin da contenda, mesmo tras o golpe de Casado, co ingreso de moitas militantes comunistas a mediados de marzo de 1939, finalmente case todas liberadas o 27 de marzo xa coas forzas franquistas en Madrid (páx. 105), como relata Manolita del Arco (páxs. 107-112).

A partir de aquí, Hernández Holgado debulla en tres tempos a representatividade de Ventas como prisión do novo sistema penal franquista: inferno, vinganza, terror e supervivencia. O 28 de marzo de 1939 vólvese encher Ventas e durante o mes de abril os ingresos, especialmente de presas políticas, son masivos, como medida de «chantaxe e castigo» coas nais, mulleres e fillas dos homes antifranquistas. A enxurrada de presas ocasionou o amoreamento en Ventas; entre elas tamén as porteiras dos predios urbanos responsables na denuncia dos veciños de ideoloxía reaccionaria (páx. 119) e as vítimas de delacións interesadas. En fin, o papel senlleiro das mulleres na defensa e configuración do «Madrid Heroico» (páx. 120) explica o ritual de humillación e escarmento que estableceu o franquismo coa muller, especialmente evidente no mundo rural (páxs. 124-127), ata chegar á cifra de oitenta mulleres fusiladas no madrileño cemiterio do Leste, preto da prisión de Ventas. Tratadas como unha «dexeneración» produto do marxismo, as presas convertéronse en «invisibles» para a Historia (páxs. 132-134), sen posibilidade de redimiren a condena en moitos casos, e nunhas condicións alimentarias e hixiénicas lamentables, coa única presenza de dous médicos para miles de reclusas, unha galería de nais e un departamento de menores que, pouco a pouco, foron pasando a ser controlados polas Xuntas Provinciais de Protección á Infancia ou que se viron envoltos nunha rede de adopcións irregulares que chantaxeaba as nais presas (páx. 168) e que ocasionaría as primeiras mobilizacións destas (páx. 175).

A política de vinganza comezou coa depuración dos funciona-

rios desafectos, substituídos por persoal «fiel», favorecendo o acceso de familiares da represión «marxista» que certificaban a súa adhesión ó novo réxime, e colocando a pena de morte como gran principio ordenador. Ademais, o franquismo recuperou vellos funcionarios e provocou a volta das *monxas*, desaparecidas no período republicano, que estableceron medidas ideolóxicas e funcionais que foron arrequecendo o seu control sobre as presas e a autonomía, sobre todo, da nai superiora.

Algunhas páxinas do libro ocupa o relato da lendaria execución das Trece Rosas (páx. 230 e ss.), fusiladas nunha *saca* de cincuenta e seis persoas vinculadas á JSU por «adhesión á rebelión» (páx. 233) o 5 de agosto de 1939, dentro dunha campaña represiva por mor do atentado contra o comandante da garda civil Isaac Gabaldón, producido só uns días antes. Ata os intres derradeiros da morte, o réxime mantiña a política de vinganza e escarmento: era obrigatoria a confesión co capelán do cárcere, pois en caso contrario non se lles permitía ás penadas escribir as rituais cartas de despedida ou chamar unha compañeira súa (páx. 248).

Cada volta de rosca da política de vinganza provocaba unha reacción axustada á estrita realidade represiva por parte das penadas. Na cela da carismática presa comunista Matilde Landa, creouse unha oficina de asesoramento ás



penadas, que acadou máis ben a categoría de «oficina de solidariedade terapéutica», pero, sobre todo, as presas políticas conseguiron articular unha especie de «poder na sombra» conformado polo equilibrio organizativo que proporcionaba a *familia* ou *comuna*, cunha dirección por galería (páx. 287). O período da admirable investigación de Hernández Holgado remata coa análise da importancia do traballo das presas no cárcere de Ventas, unha vez rebaixado o seu número e establecidas unhas considerables restricións sobre a posibilidade de redimir pena para certas reclusas (páx. 291).

Fanse precisas novas investigacións que melloren o coñecemento do universo carcerario feminino no franquismo: prisións de mulleres como Amorebieta, Saturrarán ou Segovia necesitan análises polo miúdo; non hai achegamento bibliográfico ningún sobre o mundo da tortura e a especificidade da utilizada coas mulleres (só unha referencia na páx. 141) e pouco se ten dito sobre a «psicose» e outras enfermidades do mundo carcerario, o que demostra que queda moito por rozar na explicación das formas de represión que utilizou o franquismo coas mulleres.

En fin, o traballo de Fernando Hernández Holgado enmárcase na xeración dos «netos» da Guerra Civil —por volta da corentena— que comeza a presentar unha visión da historia que non é a dos «fillos» da contenda; unha historia en absoluto simplificada, que pertence á visión da primeira xeración de demócratas *de toda a vida*, que non termina de entender as omisións que os «seus pais» cometeron e que están a utilizar un fío explicativo no que a guerra e o franquismo forman parte dunha análise libre do pasado, guiados polo desexo de atreverse a ir coñecendo máis do denominado por Paul Preston *holocausto español*, e, por tanto, pretenden saber cada vez máis de por que logrou fundarse un sistema incivilizado sobre o medo, o odio, a crueldade, a vinganza e o terror, e por que segue a facerse noutras partes do mundo.

**ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO**
PROFESOR DE I. E. S.

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 95-96.

# UNHA BIOGRAFÍA DO SINDICALISMO

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ

**Ana Romero Masiá, *Severino Chacón. Líder Sindical do mundo do tabaco*, A Coruña, Fundación Luis Tilve, 2003, 496 páxinas**




É Ana Romero Masiá unha investigadora de cumprido currículo. Licenciada en historia e arte, arqueóloga, é doutora en historia contemporánea pola Universidade da Coruña. Membro da sección de Prehistoria e Arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, dirixiu as escavacións do castro de Borneiro (Cabana de Bergantiños). É catedrática de historia de ensino medio. Colaborou na *Gran Enciclopedia Gallega, Noticiario Arqueológico Hispánico, Gallaecia, Cuadernos de Estudios Gallegos, Revista do Instituto Cornide de Estudios Coruñeses, Boletín Auriense*…

Nos seus libros e artigos destacan —fundamentalmente— tres grandes apartados:

— O dedicado á prehistoria e historia antiga (con obras como *El hábitat castreño* (1977), *Catalogación arqueolóxica da ría de Ferrol* (1985, en colaboración), *Galicia nos textos clásicos* (1987, en colaboración), *Castro de Borneiro* (1987), *Fontes para o estudio da Torre de Hércules* (1991), *Obxectos metálicos no castro de Borneiro* (1992) ou *Diccionario de termos de Arqueoloxía e Prehistoria* (1995, en colaboración).

— O dedicado ós traballos de didáctica e pedagoxía da historia, como *Historia das civilizacións a través do cine* (1989), *Historia do Mundo Contemporáneo* (1994), *Historia de España Contemporánea* (1997), *Historia de Galicia* (1997) ou *Historia de España* (2003).

— E, por último, os traballos de historia contemporánea, entre os que podemos salientar os seus estudos sobre *A Fábrica de Tabacos da Palloza* (1997) ou escritos en colaboración con outros investigadores: *Camiños de Ferrolterra* (1982), *Ferrol a través dos textos literarios e históricos* (1990), *Castelao, ilustrador de «El Cuento Semanal»* (1992), *Fontes documentais para a historia da Coruña* (1997), *Salgadeiras e conserveiras de pescado en Galicia* (2000), *Republicanismo coruñés* (2001, en colaboración) ou *Germinal. Centro de Estudios Sociais (Cultura obreira na Coruña, 1902-1936)*, escrito en colaboración con quen asina este artigo.

Con esta bagaxe intelectual, a ningún lector que a el se achegue lle sorprenderá a calidade do libro que comentamos.

*Severino Chacón. Líder sindical do mundo do tabaco* recolle, de maneira abreviada, a que foi a tese de doutoramento de Ana Romero, dirixida por Xosé Ramón Barreiro, e que máis tarde merecería o Premio Luis Tilve que convoca a fundación do mesmo nome. Na nosa opinión, este libro de Ana Romero é unha das máis importantes achegas que se teñen feito, na historiografía galega, ó coñecemento do movemento obreiro galego.

Pero… ¿quen é esta persoa á que a autora dedica tan excelente e documentada biografía?

Severino Chacón Bergueiro (A Estrada, 1884-Madrid,1978) foi un dos máis célebres sindicalistas que exerceron o seu labor societario na Coruña no primeiro terzo do século XX, cunha importante proxección en España e posteriormente no exilio.

Traba contacto Chacón co movemento obreiro en Ferrol —cidade á que emigrara para traballar como

canteiro—, inclinándose as súas simpatías polo socialismo. En 1903 trasládase á Coruña, vinculándose á súa Agrupación Socialista e á Sociedade de Canteiros «El Trabajo». Participa como orador nos seus primeiros actos públicos e é vogal da Comisión Local de Reformas Sociais.

En 1904 emigra a Cuba, onde permanecerá ata 1911, cun breve interregno. Na illa caribeña participa na fundación do Partido Socialista Cubano, sendo membro do seu Comité Central (1906). Sindicalmente, traballa no gremio dos albaneis. A represión gobernamental fará que se vexa obrigado a regresar a Galiza en 1908; reintégrase na Agrupación Socialista coruñesa, casa e coñece de primeira man os problemas agrarios (nesta época fúndase na Coruña a Unión Campesina, de forte implantación en toda a comarca). A fins do mesmo 1908 retorna a Cuba. Segue vinculado ó traballo sindical cos albaneis, forma parte da directiva da Unión Redencionista Gallega e chegará a ser presidente da Agrupación Socialista de La Habana e da Asociación de Albaneis. Unha dura folga promovida durante a construción da rede de sumidoiros da cidade provocará que Chacón sexa deportado. Chega á Coruña no verán de 1911. A fins dese ano será elixido presidente da Agrupación Socialista coruñesa e, en 1913, da Juventud Socialista Obrera, exercendo este cargo ata 1918. Será candidato socialista nas eleccións municipais de 1913 e 1917, sen acadar acta de edil. En 1915 ocupa a vicepresidencia do Comité de Defensa Económico y Social da cidade. Vinculado á sociedade La Aurora Social de albaneis, organizará no transcurso destes anos numerosas sociedades obreiras en sectores como os Dependientes de Comercio (1912), os ferroviarios (1913), os tranviarios (1915), os obreiros municipais (1916), as cigarreiras e tabaqueiros (1916) —nesta entidade, Unión Tabacalera, será onde o xenio organizativo de Chacón destaque dunha maneira relevante—, a Unión de Mozos de Comercio (1917), Unión Textil (1917) ou La Prosperidad, de refinadores de petróleo (1917). Será tamén vicepresidente da Sociedade de Camareiros La Herculina (1916). Participará activamente nas campañas da Unión Campesina (agora controlada polos socialistas) (1918) e na fundación da Federación de Trabajadores, de carácter uxetista, logo dos durísimos boicots promovidos pola Federación Local Obrera (FLO) —controlada polos anarquistas— ós sindicatos de inspiración socialista. E, constantemente, participa como orador en mitins de todo tipo.

En 1918, promovida por Chacón e a súa sociedade coruñesa, nacerá a Federación Tabaquera Española, a primeira organización nacional de fábricas de tabaco, da que será presidente. En 1920 celebra esta federación o seu segundo congreso. Elixido secretario xeral, Chacón tense que trasladar a Madrid. Todo o seu traballo sindical estará dedicado á Federación Tabaquera, que se converterá, ó dicir de moitos, na organización proletaria máis potente de España, mantendo a independencia respecto ó socialismo ou ó anarcosindicalismo. Tamén participará Chacón, en 1921, na fundación do Partido Comunista de España.

O 20 de xullo de 1936, Chacón chega á Coruña para mercar o terreo onde se estaba a construír o centro social de Unión Tabacalera (a coñecida popularmente como *Casa das Cigarreiras*). A sublevación militar obrígao a permanecer agochado durante un ano. Foi procesado polos fascistas, que ditaron contra el orde de busca e captura, pero non o deron detido. Consegue fuxir a Francia por mar e, en 1937, pasa de Francia a Barcelona, forma parte do Comité Nacional da UGT —vese inmerso nos conflitos escisionistas que se estaban a dar nesta central sindical entre largocaballeristas e adversarios—, colabora en diversos medios de prensa e con Socorro Rojo Internacional.

E chega o exilio.

Logo de permanecer un tempo en Francia, a mediados de decembro de 1939 marcha para a República Dominicana; ó ano seguinte establécese en Venezuela, país no que reside ata 1946, cando regresa a Francia. En 1950 vive un tempo en Checoslovaquia e regresa este mesmo ano a Venezuela, onde permanecerá ata 1967 cando volve a España. En todos estes anos segue mantendo unha intensa actividade sindical na UXT, no sector negrinista.

Coa chegada da democracia, xa nonaxenario, tenta recuperar, sen éxito, o proxecto de Unión Tabacalera.

Convidamos, pois, os lectores e lectoras de DEZ•EME a mergullárense na lectura deste libro. As expectativas non se verán defraudadas.

**CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ**
HISTORIADOR
CONCELLO DE CULLEREDO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 97-99.

# MÁIS LUZ SOBRE TEMPOS ESCUROS

RUBÉN VEGA

**Alberto Gómez Roda, *Comisiones Obreras y represión franquista*. Valencia, Universitat de València, 298 páxinas**




A historiografía sobre Comisións Obreiras prosegue a súa marcha con paso firme. Estes progresos producíronse ata o de agora sobre a base de estudos locais, un trazo que presidía incluso a obra colectiva que hai xa un decenio marcou un fito ó ofrecer unha visión panorámica do conxunto do Estado atendendo ó desenvolvemento do movemento das comisións nas distintas rexións e nacionalidades. Des que aló por 1989 vira a luz un estudo pioneiro sobre CC.OO. de Cataluña, un regueiro de obras teñen afondado na traxectoria das Comisións galegas, madrileñas, asturianas, xienenses, sevillanas… e valencianas. De feito, o libro de Alberto Gómez Roda contaba xa con precedentes que se introducira no estudo das loitas obreiras e das Comisións, tanto no País Valenciano en conxunto como nas comarcas de la Vall d'Albaida e de Buñol. Tampouco o autor é novo nesta escena, pois ofreceunos xa moi apreciables resultados dun labor centrado nos medios obreiros de Valencia baixo o franquismo. Lonxe de significar isto que nos encontramos ante unha investigación redundante que vén a insistir no xa coñecido, o traballo que nos ocupa ofrece unha visión exhaustiva, minuciosa e documentada que bota non pouca luz sobre aspectos de plena actualidade no non tan ermo debate historiográfico vixente en torno á loita antifranquista e o «novo movemento obreiro» xurdido dela.

O rexurdir da conflitividade obreira, o proceso que conduce ó nacemento das Comisións Obreiras valencianas e as descargas represivas sufridas ata 1972 (a elección desta data, en principio sorprendente, como límite cronolóxico do estudo non queda explicada) constitúen os piares sobre os que asenta

un relato complementado por un extenso apéndice documental e gráfico. Inevitablemente, esta traxectoria aparece estreitamente ligada á do PCE, cuxa loita clandestina entronca ata se confundir a miúdo coa do movemento obreiro. Sen esquecer a presenza —importante polo que representa no cualitativo alén da súa identidade no cuantitativo— de militantes englobables baixo a xenérica etiqueta de «cristiáns», a preponderancia dos comunistas parece indubidable. Paradoxalmente, o seu peso refórzase cando se fan sentir os efectos dunha represión que concentra nas súas filas a maior da sañas, pero que ten a virtude de retraer a outros e de facer máis indispensable a cobertura dunha rede clandestina á que se ven forzados de mal grado e para o que, por disposición e experiencia, están mellor preparados.

Atender ó desenvolvemento das Comisións Obreiras e constatar que non poucas veces é tanto como dicir movemento obreiro, sen que apenas se poida detectar outra presenza organizada significativa na emerxente conflitividade laboral, invita a considerar outras siglas, ás veces cargadas de historia, e preguntarse que foi das vellas tradicións e lealdades. Gómez Roda detecta «continuidades e vasos comunicantes» entre o outrora poderoso anarcosindicalismo e o movemento sociopolítico representado polas Comisións. En que medida CC.OO. é produto dunha ruptura con herdanzas de preguerra ou ben entronca con elas e as prolonga baixo novas formas non é unha cuestión pequena e, sen dúbida, seguirá dando pé á controversia. En particular cando se trata dun fenómeno tan complexo como o que se nos presenta no caso valenciano. Ó tempo que as Comisións adaptan ás duras condicións do franquismo formulacións xa arraigadas en tempos de hexemonía cenetista, han de competir, mesmo nas urnas, con lealdades que fincan as súas raíces nese mesmo pasado. Así ocorre nas eleccións sindicais de 1966, cando en empresas senlleiras como os Altos Fornos de Sagunto, Macosa ou Unión Naval de Levante as candidaturas de Comisións se enfrontan a outras nas que se integran antigos cenetistas que sucumbiron ós cantos de serea do verticalismo sen por iso perderen todo predicamento entre os seus compañeiros.

A case inexistencia de CNT e UGT, como forzas organizadas con presenza nos centros de traballo e nos conflitos laborais, permite subliñar o carácter de base das Comisións Obreiras. Mesmo cando estas non están constituídas nas fábricas e presentan un carácter máis superestrutural que descansa nas coordinadoras, é sempre posible remitir o nome de cada activista a unha empresa determinada e constatar o seu liderado en conflitos concretos, o que non poucas veces terá como prezo o despedimento ou ata a prisión. É a constatación deste protagonismo medradeiro, identificado coa crecente preponderancia no seu seo dos comunistas, o que sementa a alarma nas eclipsadas centrais sindicais históricas, sen que por iso se mostren capaces, polo menos no período obxecto de estudo, de dar cunha estratexia operativa que lles permita recobrar o terreo perdido. Máis frutífera, aínda que tampouco exenta de tensións, se nos amosa a relación cos activistas de orixes confesionais e os elementos máis avanzados do clero, que fornecerán unha valiosa cobertura. De feito, as orixes de Comisións Obreiras en Valencia contan coa participación, xunto dos comunistas do PCE, de «cristiáns» de HOAC (Hermandad Obrera de Acción Católica), USO (Unión Sindical Obrera 'Unión Sindical Obreira') e FST (Federación Sindical de Trabajadores), ademais do concurso dos valencianistas do PSV. Será a posterior represión, sumada ás diverxencias xurdidas, a que vaia apartando algúns destes compoñentes iniciais, en tanto que outros se integran plenamente.

Pola súa natureza represiva, as ditaduras xeran fontes moi particulares das que, ó abrírense á curiosidade dos historiadores, pode extraerse unha información de gran riqueza. O estudo da represión resulta clave para entender o réxime franquista e tamén para coñecer os seus opositores. Alberto Gómez Roda manexa nesta ocasión valiosos fondos provenientes do labor profesional do avogado comunista Alberto García Esteve, defensor no seu día de numerosos militantes antifranquistas valencianos (e dos de CC.OO. en particular). En contra da imaxe que foi sedimentando na memoria forxada na Transición, a segunda metade do franquismo dista moito de ser unha «ditabranda». Ben ó contrario, este libro enfróntanos a obreiros brutalmente torturados en datas tan tardías como 1968 e posteriores, logo de teren a ousadía de exercer elementais dereitos de asociación, reunión, opinión e folga. O acceso ás fontes adecuadas permite concretar o tipo de sevicias infligidas (correntes eléctricas, asfixia, tundas…) e tamén identificar os seus autores, entre os que se atopan insignes policías cargados de honores e responsabilidades por posterio-

res gobernos democráticos que nunca quixeron saber dos aspectos máis sinistros do pasado. Así ocorre, no caso valenciano, co eximio comisario Ballesteros, promovido ós mais altos postos nos que sucede ó non menos sinistro Conesa, en virtude das súas habilidades na loita antiterrorista. Que esta última fronte deixara un penoso legado en tempos democráticos é, como nos lembra o autor, algo máis ca unha casualidade.

O repaso exhaustivo dos sumarios en que están incursos os activistas de CC.OO. permite ademais ofrecer un interesante perfil sociolóxico destes (idade, profesión, orixe, residencia, militancia…). Dous trazos destacan a este respecto: a súa xuventude e a elevada proporción de inmigrantes. Factores ambos que deberían ser postos en relación coas reflexións acerca do que hai de continuidade e de ruptura no denominado «novo movemento obreiro». Para isto sería preciso —e constitúe unha das escasas carencias do libro— unha caracterización da clase obreira valenciana, atendendo particularmente á recomposición que experimenta nos anos do «desarrollismo». A reducida media de idade dos procesados —dos que habemos supoñer que constitúen unha mostra moi representativa do activismo sindical da época— remite á súa vez a un feito que Gómez Roda non deixa de subliñar: a existencia dunha ruptura xeracional nas formulacións e nas formas de loita, unha brecha que atravesa incluso as filas dos comunistas. Por riba da liña que puideran fixar os seus dirixentes, non faltan na base as tensións entre, por un lado, uns mozos máis ousados e dispostos a romper coa clandestinidade e, por outro, veteranos marcados por amargas experiencias que os fan receosos ante accións abertas ou iniciativas que xulgan arriscadas, cando non ante xiros tácticos como o aproveitamento das eleccións sindicais, aínda mal comprendido por algúns en data tan serodia como 1966. O libro non deixa de botar luz sobre o complexo xogo que articula o pasado e o novo á hora de xerar condicións para a organización e a mobilización, do mesmo xeito que atende á relación non sempre harmónica entre a dinámica de base encarnada polas comisións de fábrica e a creación máis supraestrutural que representan as coordinadoras. O caso valenciano evidencia unha vez máis a diversidade de procesos constatables nunha perspectiva comparada do devir do movemento das Comisións Obreiras.

A ausencia, xa sinalada, dunha radiografía da clase obreira valenciana redunda nunha escasa aproximación ás culturas locais e de empresa que, non obstante, poden rastrexarse ó longo do texto. A singularidade, coma tal, dos traballadores alcoianos —auténtico berce do movemento obreiro no País Valenciano—, dos siderúrxicos saguntinos ou dos estaleiros da Unión Naval de Levante non poden escapar á análise. Por riba de posibles diferenzas locais, as CC.OO. valencianas ofrecen en conxunto unha imaxe de certa debilidade verbo dos bastións asturiano, biscaíño, madrileño ou barcelonés, o que se expresa nunha cristalización relativamente serodia. As eleccións sindicais de 1966 constitúen a este respecto o momento decisivo dunha consolidación que descansa sobre os cargos electos nesta ocasión e as máis amplas oportunidades de contactos e movementos que disto derivan. Entre os que levan certo adianto nesta andada, o referente madrileño é fundamental para os valencianos.

Xunto á obtención de credenciais como enlaces ou xurados, a forxa de liderados no seo das empresas resulta absolutamente indispensable, en especial cando fixamos a atención, como é o caso, nos riscos que entraña un marco xurídico e político tan represivo. Como se xeran eses liderados é un tema fundamental e ata o momento escasamente estudado na nosa historiografía. Gómez Roda advirte, en todo caso, sobre o desigual papel que poida corresponder ás asembleas, tanto no que respecta á actuación dos líderes como na formación das comisións, sendo inicialmente reducida a súa frecuencia. As explicacións remiten, polo tanto, a outras redes de sociabilidade e solidariedade, así como ás virtudes que, ós ollos dos seus compañeiros, deben distinguir a aqueles que encabezan as reivindicacións se pretenden contar co apoio da maioría.

En definitiva, ve a luz unha nova peza —e unha peza valiosa— na reconstrución da memoria do noso movemento obreiro e no esclarecementò das zonas de sombra que presiden un pasado aínda recente.

**RUBÉN VEGA**
UNIVERSIDADE DE OVIEDO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 101-102.

# HISTORIAS DA «RAIA» SECA: GUERRILLA, SOLIDARIEDADE E REPRESIÓN NO FRANQUISMO

DAVID SIMÓN LORDA



**VV. AA., *O Cambedo da Raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*, Ourense, Asociación Amigos da República, 2004, 233 páxinas***

O libro *O Cambedo da Raia 1946. Solidariedade galego-portuguesa silenciada*, que contén traballos de diversos autores, foi editado en Ourense pola asociación Amigos da República de Ourense na primavera de 2004, coincidindo coa semana de actos da Festa da República que anualmente, e xa por varios anos consecutivos, vén celebrando este colectivo. A asociación Amigos da República de Ourense é un dos valores locais máis activos na recuperación da memoria histórica da Guerra Civil e a represión franquista. Nela hai representación e individualidades («históricos», mais tamén moitas caras novas) afins a todas as familias da esquerda (BNG, UGT, CIG, PSOE, IU, CCOO, Izquierda Republicana…) e moitas outras sen adscrición ou militancia concreta, pero todas elas colaboran e conviven sen aparentes grandes conflitos, polo que son un exemplo nesta pelexada e dividida esquerda política e sociolóxica que nos rodea.

Estamos diante da iniciativa editorial máis ambiciosa das que leva acometido a asociación Amigos da República, que ata o de agora editara folletos[1] con biografías dos homenaxeados ou dípticos con introdución ós conferenciantes invitados nas diferentes edicións da Festa da República.

Desde diferentes ópticas, procedencias profesionais e nacionalidades, os autores achegan ensaios e testemuños que teñen un obxectivo común: render homenaxe ós portugueses que durante a Guerra Civil acubillaron e agacharon os galegos fuxidos. Este agradecemento concrétase nos habitantes da localidade de Cambedo da Raia, aldea raiota, *arraiana* ou *promíscua* da zona de Feces de Abaixo, a poucos quilómetros dos marcos fronteirizos da raia seca ourensá. Esta localidade, xenerosa e solidaria cos galegos fuxidos do terror franquista tanto nos anos da guerra coma, despois, nos do maquis, sufriu en decembro de 1946 o asedio, bombardeo e incendio por parte das forzas militares e policiais portuguesas e españolas. O motivo: esconder unha partida de guerrilleiros españois. Ata aquí xa sabiamos bastante da historia acontecida grazas a publicacións de autores como Méndez Ferrín, Dionisio Pereira, Xerardo Dasairas, García Reigosa, Hartmut Heine, Xosé Lois Santiago, Paula Godinho, Viale Moutinho e moitos outros.[2]

Os Amigos da República quixeron ir alén e procuraron a colaboración e complicidade de autores e veciños para tentaren aclarar agora nesta obra o que pasou cos habitantes da aldea, moitos deles detidos, encarcerados e torturados. Tamén pescudaron os motivos polos que apoiaron os fuxidos e guerrilleiros e cales foron a estrutura sociopolítica e a rede de relacións veciñais e transfonteirizas neste territorio. É unha rede que non sempre sae á luz como un estudo documental «clásico», polo que cómpre aplicar técnicas de documental, de antropoloxía de campo e de análise cualitativa do discurso dos protagonistas. Para conseguir todo isto recórrese a un enfoque multidisciplinar con sinaturas de recoñecido prestixio no tema, como Dionisio Pereira, Luis Martínez-Risco e outras persoas que conviviron longo tempo coas comunidades de veciños das terras de Montalegre e Barroso. Podemos apuntar entres estas últimas o profesor barro-

sán José Dias Baptista, a antropóloga Paula Godinho, os cineastas António Loja Neves e José Alves Pereira, ou o avogado Domingos da Costa Gomes, quen sufriu cárcere e exilio en Canadá por loitar contra o fascismo no Portugal salazarista.

Apúntanse moitas historias e pasaxes aínda a medio investigar que de seguro darán os seus froitos máis adiante. Quero sinalar aquí o traballo de David Cortón, quen ofrece numerosos datos e pistas acerca das redes de fuga que funcionaron en Galicia, España e Portugal durante a Segunda Guerra Mundial e que, apoiadas polos servizos secretos británicos, utilizaron contactos con grupos da oposición franquista no exilio e as guerrillas antifranquistas, e tamén por medio de infiltrados nos servizos de seguridade portugueses. Todo isto, contextualízao Cortón e conecta, ata onde lle foi posible investigar, cos feitos que rodean os acontecementos de Cambedo de decembro de 1946.

O libro foi presentado en Portugal (Montalegre, Lisboa, Porto) e tamén houbo o intento, ó cabo falido, de presentalo na Gudiña, xa que o capítulo de Dionisio Pereira se centra no alzamento fascista de 1936 na comarca ourensá das Frieiras (A Gudiña, A Mezquita…). Pereira achéganos a conexión dos feitos que centran o libro coa represión sufrida nunha das últimas zonas de Galicia en ser dominadas polos golpistas franquistas; isto debeuse non só á distancia da capital, senón tamén ó importante protagonismo dos «carrilanos», os traballadores do ferrocarril Ourense-Sanabria.[3] Moitos membros das partidas guerrilleiras da zona portuguesa de Vinhais, de Sernande e das serras de Porto e Sanabria procedían dos «fuxidos» e «carrilanos» das Frieiras. Un dos derradeiros supervivientes, o socialista Cándido Losada, da Vilavella (A Mezquita), faleceu hai poucos meses.[4]

É obrigado lembrar que nesa semana da Festa da República 2004 tamén se presentou o libro *Guerrilheiros antifranquistas em Trás-Os-Montes*, do novelista e investigador de Barroso, Bento da Cruz. Nela proporciona numeroso material de procesos xudiciais da época e dá conta da organización e actividades das partidas guerrilleiras españolas na zona de Montalegre e Barroso. Ademais, Ramón Chao pronunciou a conferencia sobre «Cidadanía e identidades» e houbo unha proxección-coloquio: «Imaxes para a memoria. Xornadas de cine documental», no paraninfo da universidade, onde se proxectaron *O Silencio*, de António Loja Neves e José Alves, *O Cambedo*, de José Luis Santiago e *Os salteadores*, de D'Avi Fejló, todo isto coordinado por José Luis de Castro, profesor de historia do cine da Universidade de Vigo. O acto central foi a presentación do libro que aquí comentamos no Ateneo de Ourense, onde se rendeu homenaxe a unha representación dos veciños de Cambedo da Raia que foran denantes recibidos no Concello de Ourense xunta unha representación da Cámara Municipal de Montalegre. No Ateneo estiveron Paula Godinho e José Dias Baptista, presentados polo novelista, columnista e poeta verinés Xosé Carlos Caneiro, quen abre o libro cun poema que lera en 1996 o autor na homenaxe que ós veciños de Cambedo se fixo en Verín co gallo do cincuenta aniversario do asalto.

Nesta obra e mais en todos os actos relatados, tivemos noticias de moitas historias (no sentido de *stories*, *historietas*) que pola súa vez nos achegaron novas facetas e conexións para seguir investigando e continuar coa tarefa de recuperar a historia da represión franquista e do ocorrido dun lado e doutro da raia neses anos escuros.

* Estando xa no prelo este número da revista, saíu unha segunda edición revisada e aumentada. Abre o libro o texto «O Cambedo», de Xosé Luís Méndez Ferrín, poema que xa incluíu o autor na súa obra *Estirpe*, Vigo, Xerais, 1994.

[1] É moi recomendable o que coordinou Xosé Lois Carrión sobre o mestre republicano Taboada, con textos do propio Carrión, de Xosé Manuel Cid Fernández ou da poetisa Pura Vázquez.

[2] Demos conta de todos eles noutro número de DEZ•EME, e tamén se contextúa o feito do asedio de Cambedo no libro sobre a represión franquista ó colectivo de médicos ourensáns editado pola Fundación Dez de Marzo.

[3] Para facerse unha idea da magnitude da obra e o drama humano que supuxo a construción deste tendido ferroviario, é de visión obrigada o documental *Carrilanos*, de Rafael Cid (2003), producido por TVE-Galicia.

[4] Seguimos sen dispoñer (outubro de 2004) aínda do traballo de campo realizado polo gudiñense Xosé Rodríguez Cruz, á espera de que organice e publique as cintas con moitas horas gravadas de testemuño a este guerrilleiro frieirés e xentes do seu ámbito, protagonistas e testemuñas de moitas historias da raia. Outro que nos deixou hai case un par de anos foi o novelista Carlos Casares, que tan ben coñecía (e admiraba) os maquis da zona da Limia, Porqueira e Baltar, sobre todo os famosos Casto Cabezas e Camilo de Dios. Onde non hai anécdotas e si un elaboradísimo e minucioso traballo de arquivos é na tese de doutoramento de Xulio Prada, dedicada á análise da represión franquista na provincia de Ourense nos anos da Guerra Civil. Lida en febreiro de 2004 na Facultade de Historia en Ourense, está en trámite de ser publicada e estou certo de que, polo volume de información achegado e a rigorosidade das fontes manexadas, vai revolucionar o que se sabía ata agora sobre o tema en Ourense.

**DAVID SIMÓN LORDA**
PSIQUIATRA

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 102-105.

# O PRIMEIRO FRANQUISMO

EDUARDO BRAGADO

Nos últimos anos do franquismo, os historiadores conseguiron, dende o círculo universitario e das ensinanzas medias, que os mozos formados no franquismo tardío asimilaran o réxime de Franco ós trazos da ideoloxía fascista europea dos anos trinta. No inicio da transición política, as novas xeracións recibiron unha visión da ditadura na que os trazos máis radicalmente fascistas do réxime ficaban ás veces ensombrecidos polos trazos máis aperturistas e os propios cambios sociais da España das décadas derradeiras da ditadura. En certa medida, semella coma se a sociedade reclamase que os historiadores non divulgasen nin desen unha presenza relevante no currículo á etapa máis dura do réxime do xeneral Franco: o primeiro franquismo. O franquismo pasou a ser un tema tratado demasiado ás présas nas aulas da democracia.

Unha vella arela dos sectores máis conservadores da política española foi, e segue a selo, reescribir a historia do franquismo co obxectivo de xustificar o levantamento militar de 1936. Algúns historiadores, baixo o pretexto da lexitimidade da provocación na argumentación histórica, pretenderon subliñar o carácter radical das forzas obreiras durante a Segunda República. Por outra parte, políticos neo-cons hispanos empregáronse a fondo durante o goberno conservador para tentaren diminuír o papel das forzas da oposición política ó franquismo durante a transición democrática, empregando para isto todo o arsenal de propaganda que lles permitiu o control dos medios de comunicación.




Na actualidade agroma unha nova serie de materiais sobre o primeiro franquismo, unha das etapas máis descoñecidas do réxime. O auxe do xénero documental e presentacións máis atractivas nas webs impulsaron a aparición de materiais serios e rigorosos para presentarlle á nosa mocidade as características dos anos seguintes á Guerra Civil. Os documentais, o CD-ROM *Exiliados* da fundación Jaime Vera **(www.jaimevera.org)** ou mesmo o éxito editorial e cinematográfico de *Soldados de Salamina* de Javier Cercas, sinalan un rebrotar no interese da sociedade española polos primeiros anos do réxime franquista.

Coincidindo tamén co cincuenta aniversario da caída do nazismo, saíron ó mercado editorial obras sobre os campos de concentración franquistas e documentais sobre este aspecto tan pouco divulgado. Tamén nos últimos anos proliferaron as asociacións locais empeñadas na rehabilitación histórica e política dos desaparecidos e vítimas da represión durante a Guerra Civil e o franquismo. Diversos grupos están vertebrados ó redor da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica **(www.memoriahistorica.org)** ou de foros promovidos polos partidos de esquerda, como o organizado polo Partido Comunista (**www.pce.es/foroporlamemoria**).

No ámbito académico estanse xerando traballos sobre o primeiro franquismo, como os desenvolvidos por Carme Molinero e Pere Ysàs no Centre d'Estudis sobre les Èpoques Franquista i Democràtica da Universidade Autónoma de Barcelona (**www.cefid.uab.es**). Dende esta páxina podemos ler o traballo de Ysàs «Consenso y Disenso en el Primer Franquismo» e, xunto con C. Molinero, «Las condiciones de vida durante el primer franquismo», que abren novas perspectivas en dous ámbitos dos menos analizados

da primeira etapa do franquismo: as condicións da vida cotiá na España de posguerra e os intentos do réxime por aglutinar ou acadar un consenso cos sectores sociais menos politizados que, segundo Pere Ysàs, se movían entre o consentimento e o disentimento.

O réxime franquista saído da rebelión contra a República de xullo de 1936 empregou un enorme aparato coercitivo para, a través dos mecanismos punitivos e disuasorios, crear un gran cárcere onde —unha vez xebrados os sectores derrotados, reducidos ó exilio, a emigración política (**www.ccoo.es/1maio**), os resistentes illados na guerrilla e os presos— o réxime pretendeu integrar na nova orde fascista o que Pere Ysàs chama sectores sociais que se moveron no consentimento.

Das circunstancias da resistencia no exterior nos anos corenta e cincuenta temos na actualidade un importante volume de fontes audiovisuais que se poden empregar nas aulas. Nestas fontes pesan mormente as vivencias das organizacións militantes de esquerda e republicanas e das súas elites políticas, pero existe un baleiro aínda moi significativo sobre as condicións de vida das clases medias e populares. Nunha sección da páxina do Instituto Cervantes (**www.cvc.cervantes.es**) podemos visitar unha boa presentación sobre os primeiros anos do exilio que inclúe un arquivo sonoro, diversas fontes documentais e unha hemeroteca de publicacións editadas no exilio. Tamén na rede se atopan páxinas que permiten reconstruír a posición das potencias mundiais ante a transgresión dos dereitos humanos no réxime franquista (**www.derechos.org/nizkor**). Nesta páxina accédese a algunhas resolucións da ONU dos anos corenta que aluden ó réxime do xeneral Franco, cun indubidable valor para coñecer os avatares da súa política exterior nos anos posteriores á Guerra Civil.

A oposición ó réxime no interior ten a súa representación máis dramática nas vivencias da guerrilla antifranquista e a situación dos cárceres durante o franquismo. A nosa democracia ten, sen dúbida, unha improrrogable débeda coa



FOTOGRAFÍA DE A. MARTÍ

memoria dos compatriotas que sufriron a represión dos rebeldes durante e despois da Guerra Civil. Os aspectos máis noxentos do réxime franquista deberanse traballar na aula coa serenidade crítica da reflexión histórica. A axuda de novos materiais audiovisuais como *Rejas en la Memoria*, que aborda a situación de milleiros de presos españois e estranxeiros nos campos de concentración fascistas creados no territorio español durante os anos corenta; pero evitando falsos temas tabú e as posicións ideolóxi-



Escola rural en Montilla, Córdoba

cas extremas. Na rede temos páxinas de gran valor para o coñecemento da actividade da guerrilla antifranquista na década dos corenta e principios dos cincuenta: Páxinas como «Guerrilla, Muerte en el Bierzo» (**www.periquete.memoriahistorica.org**), «Guerrilla, la marcha de los cien días» (**www.geocites/eustaquio5/ruta100dias**), «Guerrilla, los del Monte» (**www.es.geocities.com/losdelmonte**). Estas páxinas-testemuña facilitan a análise do fenómeno da guerrilla antifranquista mediante a análise dos avatares dalgunhas agrupacións guerrilleiras. Coa lectura destes materiais achegámoslles ós alumnos de xeito máis atractivo e próximo aspectos de grande interese sobre a historia da resistencia guerrilleira. Podemos ler sobre evolución militar e orientación política, ou do apoio cidadán entre a poboación civil nas diversas comarcas de actuación e, sobre todo, a experiencia cotiá dos guerrilleiros. Este tipo de actividade na aula de informática pode suxerir outro xeito de pequenos traballos de investigación como a realización de pequenos arquivos fotográficos e fonotecas sobre o franquismo nas diversas comarcas.

A prolongación do réxime franquista non se cimentou só na

forte represión dos sectores de oposición resistente senón que, como sinala Pere Ysàs, tratou de tramar o consenso entre os grupos sociais que se moveron entre o consentimento e a disensión latente. O novo réxime despregou un amplo programa de accións e deseñou os mecanismos de atribución de bens públicos dun xeito paternalista e clientelar para conseguir atraer e encadrar a meirande parte da poboación na «heroica reconstrucción de los valores eternos» ou, cando menos, evitar que o desacordo se convertese en oposición política e sindical organizada.

Os traballadores debían rexeitar e esquecer a tradición de protesta obreira democrática e confiar nos principios do nacionalsindicalismo. Pero a construción do sindicalismo vertical foi incapaz de crear interlocutores propios nas fábricas e grandes centros de traballo, onde resoaban máis fortes os ecos da represión, que castigara especialmente as clases traballadoras. O esforzo das organizacións políticas de esquerda, comunistas e anarquistas, por continuaren presentes como referentes clandestinos no ámbito fabril empeceu a configuración dunha representación obreira submisa ó réxime e favoreceu a aparición dunha nova xeración de representantes dos traballadores, peza clave na progresiva deslexitimación política do réxime a partir dos anos sesenta. A organización sindical debía ser o alicerce desta potente política social do franquismo, pois pretendía ser o ámbito non só para a solución das cuestións laborais, senón tamén da asistencia social a través das obras sindicais. Un excelente traballo, ó que podemos acceder dende a revista electrónica **www.hispania nova.es/rediris.es**, «Niños "vergonzantes" y "pequeños rojos". La población marginal infantil en la Cataluña interior del primer franquismo » de Antonieta Jarne, ilumina sobre o aberrante carácter da política asistencial do Auxilio Social franquista. No mesmo número de Hispanianova podemos ler o interesante artigo de Santiago Vega Sombria, «La represión en la provincia de Segovia en los origenes del régimen de Franco». A revista Hispanianova segue proporcionando unha estupenda recompilación de enlaces para os profesores de historia e, por suposto, para o tema que abordamos neste número.




Malia os esforzos do nacionalsindicalismo, as consecuencias da política autárquica e intervencionista e os efectos da Guerra Civil crearon unha terribles condicións de vida, escaseza, elevados prezos, mercado negro, extensión de enfermidades nos anos da fame e da miseria. Durante o franquismo, o relato sobre a fame dos corenta constituíu un elemento substancial para a deslexitimación do réxime entre as xeracións novas, o que obstaculizou a consolidación das políticas de consentimento do réxime franquista.




Tras a Guerra Civil, presentada tamén como cruzada contra o perigo comunista, o protagonismo da Igrexa católica na sociedade española do primeiro franquismo translucíu nunha vasta operación de recristianización para rexenerar os traballadores españois contaxiados durante a República polas ideoloxías disolventes antiespañolas e ateas. O fascismo franquista enchoupouse de rancio catolicismo. O réxime buscaba a identificación coa Igrexa, presente en todas as grandes escenificacións políticas, e a xerarquía católica non perdeu esta magnífica oportunidade para impor, co apoio do réxime, os seus valores e preceptos morais.

O réxime considerou clave socializar nos valores do nacionalcatolicismo dous sectores básicos para a consolidación e estabiliza-

ción do franquismo: as mulleres e a xuventude. A Sección Femenina agrupaba as mulleres militantes do partido único, a FET y de las JONS, e tiña como función principal a súa formación política no ideario do partido único e da Igrexa católica, que reducía a función das mulleres ó seu papel de nais e esposas. Na rede, a páxina de televisión de Cataluña, **www.tvcatalunya.com /tarasca/pgms/prog185.htm**, proporciona enlaces moi interesantes para aproximarse ó papel da muller durante a República, a guerra e o franquismo: «El paper de les dones durant la república, la guerra civil i el franquisme», ou a non menos interesante páxina que ofrece o texto integro da «Economía doméstica para el bachillerato y el magisterio». O Frente de Juventudes pretendía ser un primeiro espazo para encadrar os mozos nos idearios fascistas e permitía asemade unha primeira mobilización política. Esta socialización fascista tivo no aparato educativo, unha vez depurada drasticamente de mestres republicanos, o seu principal instrumento.






Taller da empresa Bazán

Pretendeuse crear unha escola para o adoutrinamento das mozas e mozos, por medio das materias de formación política e fogar, e pola presenza dos preceptos e da moral católica en case todas as materias. Nas chamadas escolas nacionais, a escola pública, unha veces pola presenza directa do Frente de Juventudes, outras promovidos por mestres adeptos ó réxime, creouse todo un fasto militarista e fascistoide (formación nos patios, izada da bandeira, canto de himnos para promover a escola nacional) e crear unha mocidade totalmente fascista. Mais, pola contra, boa parte da xeración da transición política educouse na escola franquista e rexeitou masivamente os modos totalitarios, aínda que seguiu sendo sensible ós imaxinarios nacionalistas.

Na pretensión de ocupar o espazo público e pendurar un gran veo de ignorancia sobre as políticas de contestación ó réxime desde o exterior, tiveron unha especial importancia os instrumentos propagandísticos e a estrita censura sobre os medios de comunicación, o mundo editorial e cinematográfico. A páxina web de Jeroen Oskam, «España bajo Franco: censura, represión e cultura», ilustra sobre a relevancia nos organismo de censura dalgún destacado intelectual, que logo paseou os loureiros, na transición democrática, coas máis grandes honras. A política de consigna fixose presente sobre todo no ámbito radiofónico; a Radio Nacional de España monopolizaba o control da información a través dos partes diarios. Tamén no cine se difundiu a propaganda a través do NO-DO, de obrigada exhibición en todas as salas de cine do Estado español, e mesmo pretendeuse crear —con escaso éxito— o desenvolvemento de producións de clara exaltación nacionalcatólica.

***EDUARDO BRAGADO***
PROFESOR DE SECUNDARIA
*ebragado@mundo-r.com*

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páx. 106-107.

# ALGUNHAS CONSIDERACIÓNS VERBO DO I CONGRESO SOBRE A HISTORIA DO PCE

MANUEL BUENO

Os pasados 6, 7 e 8 de maio celebrouse no Campus do Milán da Universidade de Oviedo o I Congreso sobre a Historia do PCE, organizado pola sección de Historia da Fundación de Investigacións Marxistas (FIM), a área de Historia Contemporánea da Universidade de Oviedo e a Fundación Horacio Fernández Inguanzo. Desde a Sección de Historia da FIM, podemos avanzar algunhas consideracións sobre o seu desenvolvemento.

Sete sesións fixeron de eixes centrais, en torno ós cales se articularon as oitenta e tres comunicacións presentadas e os correspondentes debates. Cinco destas sesións contaron cunha comunicación inicial, seguida da análise, por parte dos relatores, das comunicacións asignadas a esas mesas. Tras os relatorios iniciáronse amplos debates nos que o total dos participantes puideron intervir. Desas cinco comunicacións, unha xiraba arredor da historiografía presente e pasada do PCE, outra sobre as transcendentais relacións do PCE co PCF e as tres restantes, de carácter cronolóxico, sobre as diferentes etapas atravesadas polo partido entre 1920, data das súas orixes, e 1977, data da súa legalización. Etapas diferenciadas pola fin da Guerra Civil e o inicio do exilio e a clandestinidade, en 1939, e pola adopción da Política de Reconciliación Nacional en 1956.

O repaso que, na primeira sesión, fixo David Ginard sobre a historiografía do PCE puxo de manifesto que, malia as publicacións que viron a luz nos últimos anos e a proliferación de memorias de militantes anónimos aparecidas recentemente, aínda seguen a ser escasos os estudos, memorias e outros escritos para analizar de forma rigorosa a evolución do Partido e o papel que este desempeñou na historia da España do século XX.

Inmediatamente despois puidemos escoitar a intervención de Natacha Lillo, que resumiu de forma ben detallada a evolución das relacións do Partido Comunista Francés co PCE antes e, sobre todo, despois da Guerra Civil. Natacha salientou estas relacións como un exemplo «único» na historia dun partido xa que, durante máis de trinta e cinco anos, tivo nun país alleo miles de militantes e mais unha parte importante da dirección. Falounos da grande influencia que exerceu o PCE no sur *Midi* francés nos primeiros anos corenta e do seu papel protagonista tanto na Resistencia fronte ós alemáns como na liberación de París. Trazou a grandes riscos os lazos de solidariedade que se estableceron entre ambos os partidos, a represión do PCE en 1950 (prohibición, detencións, etc.) que levou os comunistas españois a teren que camuflar a súa actividade política nas estruturas do PCF e a CGT francesa (de composición comunista) e, ó cabo, repasou a «nova vida» do PCE en Francia a partir da chegada masiva dos inmigrantes «económicos» españois dos anos 1955-1970, e do apoio do PCF e de gran parte da sociedade francesa á loita antifranquista, sobre todo dos anos sesenta en diante, establecendo como punto de inflexión as reaccións suscitadas polo asasinato de Julián Grimau en abril de 1963. Logo destas dúas primeiras comunicacións, asistimos á análise que Francisco Erice nos fixo das referidas á historiografía e fontes documentais para o estudo histórico do PCE, e das referentes ás relacións deste partido non só co PCF, senón tamén co PCI e o PCP, todos eles, sen dúbida, fundamentais pola súa influencia na historia do partido.

O xoves pola tarde, na segunda sesión, asistimos á presentación da comunicación de Rafael Cruz sobre as orixes do partido e a súa evolución ata a fin da Guerra Civil. A forma de presentar conclusións deste prestixioso historiador fixo que, logo da súa exposición e o resumo das comunicacións que fixo Víctor Santidrián, se acendera un debate se cadra acalorado de máis e, probablemente, cun cariz demasiado político para o que un debate histórico significa. Rafael Cruz narrou como o sectarismo do PCE durante os anos vinte, sumado, evidentemente, ás dificultades que a ditadura de Primo de Rivera lle impuxo, o converteu, ata ben entrada a Segunda República, nun partido moi minoritario e con pouca influencia nos traballadores. A parte máis polémica da intervención veu cando

o comunicante abrangueu o papel desempeñado polo partido durante a guerra, o seu importante crecemento e a súa énfase en gañala, circunstancias que, como Stepanov sinalou, convertérono no «partido da guerra». O afervoamento do debate nesta segunda sesión púxonos de manifesto a necesidade de impulsar, tanto nos ámbitos locais coma nos estatais, os estudos do papel desempeñado polo PCE durante a Guerra Civil española.

Ó longo do venres asistimos a dúas sesións realmente interesantes, concernentes á actuación do PCE durante o franquismo. En ambas as sesións, todos concordaban en que o PCE foi o protagonista na loita contra o réxime, tanto desde o interior coma desde o exterior. A primeira, dedicada ó PCE durante o primeiro franquismo, caracterizouse por un debate de grande altura, que se iniciou despois da comunicación de Hartmut Heine e o magnífico relatorio de Santiago Vega. O debate tocou temas tan significativos como a loita armada ou o cambio de táctica e desmitificou, en parte, a famosa entrevista da dirección con Stalin, tras da cal, segundo a visión tradicional, se inicia o abandono da loita guerrilleira. Os participantes e as recentes investigacións pareceron estar de acordo en que, malia a importancia desta entrevista, continuou o apoio do partido á loita guerrilleira ata ben entrados os anos cincuenta. A sesión da tarde versou sobre a evolución do partido durante o franquismo serodio. A comunicación «El PCE 1957-1977: el partido del antifranquismo» correu a cargo de Carme Molinero e Pere Ysàs, e foi seguida por un moi detallado relatorio a cargo de Ramón García Piñeiro. No debate discutiuse sobre a relación, máis ou menos directa, entre as decisións que a dirección do Partido tomaba no exterior, a chegada destas e o seu cumprimento por parte das agrupacións comunistas do interior. Probablemente, e debido á proximidade do tempo estudado, o debate avanzou por momentos máis polo camiño de xulgar politicamente algunhas decisións ca polo de analizalas historicamente.

As sesións congresuais remataron o sábado pola mañá coa celebración das dúas derradeiras. Ambas se caracterizaron por uns moi bos relatorios a cargo de Jorge Uría e Rubén Vega. A primeira sesión, dedicada á cultura, prensa, imaxe, etc. do comunismo en España, suscitou un interesante debate no que se trataron temas moi salientables como Radio España Independiente ou as diferentes publicacións nas que o PCE participou nos anos sesenta e setenta. Na segunda sesión desta mañá, Rubén Vega fixo unha exhaustiva análise das comunicacións admitidas que trataban sobre o estudo de militantes concretos, biografías e relatos persoais. Á súa intervención seguiulle un debate tras o cal Javier Navascués (director da FIM) e Carmen García (Universidade de Oviedo) fixeron unha breve clausura na que lles agradeceron ós participantes a súa presenza, ós comunicantes as súas investigacións e a todas aquelas persoas que colaboraron para que este congreso saíra adiante, o traballo realizado.

Desde os comités científico e organizador poñiamos fin, de forma temporal, ó traballo que hai máis dun ano iniciabamos nunha reunión celebrada en Madrid o 1 de marzo de 2003, na sede da Fundación de Investigacións Marxistas. Faciámolo particularmente satisfeitos porque soamente como un éxito podemos cualificar a celebración deste primeiro congreso sobre a historia do partido. E podemos falar de éxito porque entre os obxectivos que nos marcabamos nesas primeiras reunións nos contentabamos con recibir uns trinta traballos de investigación. Pero, unha vez feita e difundida a convocatoria do congreso, as nosas previsións empezaron a desbordarse e recibimos unhas cento trinta propostas de traballos. Delas, finalmente oitenta e tres comunicacións foron admitidas polo Comité Científico ás diferentes sesións. Todas estiveron ó dispor dos asistentes antes do congreso, polo que os participantes interesados puideron lelas e fomentar o debate nas sesións.

Pola boa difusión do congreso cómpre agradecerlle o apoio prestado á Fundación 1.º de Maio, xa que sen a súa base de datos de participantes nos Encontros de Investigadores do Franquismo, que amablemente nos cederon, e o anuncio do congreso a través dalgúns dos seus órganos de difusión, a participación non tería sido tanta.

O obxectivo principal de todo traballo, e así nolo propuxemos desde o primeiro momento, non era outro que anovar e impulsar os estudos históricos que, de forma rigorosa, nos axudaron a analizar mellor a historia do PCE. Unha historia de loita pola democracia e a liberdade que, como se puxo de manifesto unha vez máis, é parte fundamental da historia recente de España. Pois ben, ese obxectivo cumpriuse de sobra, o que significa que, cando desde a Sección de Historia da FIM impulsamos a necesidade deste congreso, estabamos no camiño acertado. Máis de oitenta investigacións presentadas —que ó longo deste mes se publicarán en formato electrónico— e cento oitenta e cinco inscricións poñen de manifesto que a historiografía sobre o PCE está máis viva ca nunca, o que pola súa vez pon a Sección de Historia da FIM no compromiso de comezar a traballar nunha segunda edición deste congreso sobre a historia do PCE.

**MANUEL BUENO**
FUNDACIÓN DE INVESTIGACIÓNS MARXISTAS
*manubue@yahoo.es*

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páx. 108-109.

# I CONGRESO EL REPUBLICANISMO EN ESPAÑA. POLÍTICA SOCIEDAD Y CULTURA

CLAUDIA CABRERO BUENO / SERGIO SÁNCHEZ COLLANTES

Entre os días 20 e 22 de outubro de 2004, a Universidade de Oviedo acolleu o I Congreso El Republicanismo en España. Política, Sociedad y Cultura, organizado por bolseiros de investigación da Área de Historia Contemporánea co apoio do departamento. Nas diferentes sesións puxéronse en común os resultados das investigacións máis recentes a través, tanto dos relatorios de historiadores reputados como das comunicacións (preto do medio centenar e elaboradas por investigadores e investigadoras procedentes de diferentes provincias), que constituíron unha boa mostra da diversidade temática na que actualmente se está a traballar. Nese sentido, o contacto que estableceron os investigadores máis novos e os máis consagrados xerará, sen dúbida, resultados científicos de indubidable interese.

No que respecta ós relatores, os enfoques máis clásicos, centrados no estudo dos partidos políticos republicanos e a súa implantación en Asturias, estiveron representados polo profesor José Girón (Universidade de Oviedo), en tanto que o novo historiador cántabro Román Miguel González encarnou as formulacións máis orixinais coa súa análise da relación entre as orixes do movemento obreiro e a cultura popular política republicana. Este aspecto foi tamén estudado por Pere Gabriel (Universidade Autónoma de Barcelona), quen enfocou o seu relatorio á análise dos centros e actividades dos republicanos na Restauración. Eixes clave do ideario republicano, como a secularización e o laicismo e as súas relacións coa política na España liberal, ocuparon o tempo de Manuel Suárez Cortina (Universidade de Cantabria), mentres que as canles de difusión dese ideario durante a Segunda República foron explicadas a fondo por Francesc A. Martínez Gallego (Uni-

*I Congreso*

**EL REPUBLICANISMO EN ESPAÑA**



*Manifestación por la República* (1904). Antoni Estruch

**Política, sociedad y cultura**

*Oviedo / Uviéu (Asturias)*
*20 – 22 de octubre de 2004*

Departamento de Historia
Facultad de Geografía e Historia
Universidad de Oviedo

versidade de Valencia). A memoria centrou a atención doutros dos traballos expostos: Nigel Townson (Universidade Europea de Madrid) afondou na que os republicanos de posguerra tiveron da Guerra Civil, mentres que Francisco Erice (Universidade de Oviedo) deu a coñecer as visións que sobre as dúas repúblicas difundiron os propagandistas antirrepublicanos. Por último, dende Italia desprazouse a profesora Giuliana di Febo (Universidade de Roma Tres) para afondar, criticamente e empregando o xénero como categoria de análise, no concepto de «cidadanía» manexado polo republicanismo.

O dinamismo das intervencións que seguiron ás exposicións constitúe unha proba irrefutable do interese que a temática do Congreso espertou entre os asistentes, cuxos matices, preguntas ou achegas contribuíron sen dúbida a converter as diferentes sesións nun proceso interactivo no que relatores e público trocaron pareceres ata que a necesidade de cinguirse ós tempos previstos obrigou a interromper o debate.

Tras a clausura do Congreso tivo lugar o coloquio «O Republicanismo. Actualidade e perspectivas de futuro», pensado como un acto que, superando o meramente académico, aspirase a dar participación a un perfil de público máis amplo có que asistira ás sesións anteriores. Indubidablemente, e así foi, o debate prometía ser máis político ca académico. A inclusión das liberdades e a monarquía nun mesmo paquete, con ocasión do sometemento do proxecto de Constitución a consulta popular, supuxo converter a forma de organización do Estado en algo innegociable, ó non existir un referendo específico a propósito do modelo de Estado. A isto engadiuse, así mesmo, a construción *mediática* da etapa aberta en 1975 como a estrea dos procedementos democráticos en España e o silenciamento da experiencia de 1931-1936, no marco do tácito pacto de silencio que rexeu todo o proceso. No debate, moderado polo catedrático da Universidade de Oviedo David Ruiz, contouse coa participación de dous representantes do Ateneo Republicano de Asturias: o profesor Luis Arias Argüelles-Meres e o avogado Francisco Prendes Quirós, ambos colaboradores do diario asturiano *La Nueva España*; e outros dous da Unidade Cívica pola República: os históricos militantes do Partido Comunista de España, Armando López Salinas e Víctor Díaz Cardiel. Durante o seu curso fíxose evidente que o republicanismo, sobre de constituír un eventual obxecto de análise histórica, agacha un problema de candente actualidade na máis inmediata historia de España. Os interlocutores insistiron na vital importancia dos valores republicanos, que conforman un repertorio que supera o tradicional credo tripartito de Liberdade-Igualdade-Fraternidade para acoller outros que, pola súa vez, se integrarían no máis amplo de *cidadanía*, cos seus dereitos e deberes, como a honradez, a transparencia, a dignidade ou a decencia. Tanto Prendes Quirós como Argüelles-Meres consideraron que os actuais partidos, protagonistas do que se denominou transición pacífica á democracia, non están chamados a traer a república. Nesa liña, estimaron que a única vía posible de renovación sería a loita a través de movementos populares ou plataformas non lideradas por aqueles. Postura algo diferente nese sentido foi a dos representantes da Unidade Cívica pola República, que se mostraron conscientes —como deixou claro na súa intervención Víctor Díaz Cardiel— da necesidade dunha pequena autocrítica e da posibilidade de converter a república nun punto programático susceptible de ser sometido a referendo popular.

Un valor intrinsecamente republicano respecto ó que houbo indubidable consenso foi o do antibelicismo, do cal quíxose ver unha praxe significativa nas manifestacións contra a guerra de Iraq, nas que tan a miúdo ondearon multitude de bandeiras republicanas. Durante todo o coloquio as intervencións xiraron derredor deste punto, lembrando que pacifismo e republicanismo en España foron historicamente da man e distinguindo o artigo 6 da Constitución republicana de 1931, no que se renunciaba «á guerra como instrumento de política nacional», e o da Constitución actualmente vixente que reserva ó monarca a prerrogativa de declarar a guerra. En conclusión, se algo evidenciaron o coloquio e a parte máis académica do Congreso foi, como subliñou o profesor Francisco Erice, a riqueza da tradición republicana e a convicción de que o concepto de republicanismo debe remitirnos a algo máis que a unha opción de modelo de Estado ou a un partido: a unha actitude, uns valores e un programa de reforma en todos os sentidos.

**CLAUDIA CABRERO BLANCO**
**SERGIO SÁNCHEZ COLLANTES**
COMITÉ ORGANIZADOR
DO CONGRESO

Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páx. 110-112.

# HOMENAXE A PIERRE VILAR

PABLO F. LUNA

En presenza dunhas cen persoas (entre académicos, estudantes e público en xeral) e con relatores procedentes de Europa e América, celebrouse o 1 de outubro de 2004, na Universidade de París 10 Nanterre, o *Atelier Pierre Vilar, pour une histoire en construction* (Taller Pierre Vilar, por unha historia en construción). Os resumos das comunicacións presentadas poden consultarse en: http://netx.u-paris10.fr/actuelmarx/index4.htm

Os vídeos das intervencións da sesión matinal pódense ver en: http://argon.u-strasbg.fr/ applicatifs/canalunew/video.asp?idSess=1196

O obxectivo do taller era dobre: por unha parte, reunir historiadores profesionais que explicasen concretamente de que maneira a obra de Vilar representou un factor importante no seu traballo ou formación. Por outro lado, render homenaxe (un ano despois do seu pasamento) a un historiador que soubo combinar o traballo erudito e rigoroso coa formulación de problemáticas xerais, ligadas á vida dos homes, dándolle sentido social e histórico ó seu oficio. Un historiador algo esquecido e certamente relegado en Francia polas modas historiográficas pero tamén porque afirmou con claridade achar no marxismo instrumentos, problemáticas e unha teoría xeral da historia.

As discusións e debates suscitados foron animados e de elevado nivel, aínda que accesibles a todos os presentes. Quedaron en claro a fecundidade das análises e propostas metodolóxicas de Pierre Vilar e a vixencia do seu legado intelectual, en momentos en que a ciencia histórica e as ciencias sociais en xeral, interpeladas polas evolucións contemporáneas, tratan de retomar unha vía que as achegue novamente á realidade, pasada e presente, e ós seus problemas, tal e como os viven os homes.

Presentamos a continuación dúas das facetas de Pierre Vilar: en primeiro lugar, a do cidadán e, en segundo lugar, a do historiador.

## O cidadán

En tanto que cidadán, Pierre Vilar foi un observador atento das épocas en que viviu, dos medios e mundos sociais nos que lle tocou evolucionar, dos procesos e acontecementos dos que foi testemuña. Estivo animado, ó longo da súa vida, dunha curiosidade e simpatía pola creatividade e intelixencia do ser humano, pola súa renacente capacidade para vencer e superar as dificultades e resistir ante a adversidade.[1]

O «pensar historicamente», como actitude vital e existencial, foi para el unha actividade cotiá e un desafío constante, co fin de ir o máis lonxe posible no coñecemento e a comprensión dos feitos, procesos e contradicións. Pierre Vilar pensaba que cada cidadán, sen distinción, tiña e ten a posibilidade (e a necesidade) de practicar a reflexión histórica e que, grazas a ela, pode ocupar plenamente o seu sitio na vida pública, descartando a repetición dos erros do pasado e evitando as súas neglixencias e traxedias.

Home racionalmente optimista, Pierre Vilar non foi avaro en simpatía polo compromiso político.[2] O seu interese polos movementos populares e progresistas, en Francia e no mundo, levábao xeralmente, por encima do debate e a polémica momentáneos, a formularse os problemas de fondo relacionados coas estruturas fundamentais da sociedade, a economía e os factores de cambio. Neles vía a fonte de futuras «leccións de historia» (a fórmula non o incomodaba), as que polo xeral tomaban desprevidos os homes políticos, despreocupados ou deshabituados á reflexión histórica. Para el non había divorcio entre compromiso e actitude científica; ambos podían conxugarse na intervención consciente e honesta do cidadán, máis aínda de se tratar dun historiador.

Home xeneroso, consciente do seu saber e influencia intelectual que a miúdo poñía ó servizo de causas que consideraba xustas e susceptibles de apoio, Pierre Vilar mostrou sempre a mesma amabilidade con cada un dos seus numerosos interlocutores, sabendo cultivar a amizade daqueles, antigos ou novos, que lle manifestaban cordialidade (incluso se había desacordos), que lle expresaban complicidade, sintonía de sensibilidade ou fidelidade. E isto sen levantar barreiras nin fomentar clans ou coutos pechados, sen buscar poder ou figuración mediante a manobra, sen apuntar ou pretender o cumio por intermedio da intriga.

Foi característico o seu desinterese polo sistema de promoción e autopromoción dos medios de comunicación, desafortunadamente tan

enraizado nos medios profesionais e universitarios. Talvez fose para el o prezo ou a precondición da liberdade de xuízo e opinión da que sempre fixo gala, tanto no relativo ó oficio como respecto á vida pública e política.

Evidentemente, o mundo actual coas súas rápidas evolucións volvérase aínda máis complexo e esixente, e mesmo privado dos medios para analizalo como el desexaría, Pierre Vilar observábao con interese, sen deixar de manifestar a súa desconfianza e temor ante algúns *signos* particularmente preocupantes.[3]

## O historiador

Na súa actividade profesional, Pierre Vilar manifestou con claridade a súa vontade de obrar a prol da construción dunha *historia total*. Unha historia viva e asemade razoada, tanto crítica como construtiva; unha historia traballada e elaborada con metodoloxía.[4] Unha historia-intelixencia, problematizadora, que non fora frío relato ou discurso,[5] nin «historia inmóbil», nin historia-personaxes, nin historia-anécdota ou curiosidades.

Unha historia como obra en construción onde cada aspecto, xa fose material ou espiritual, da actividade creadora do home atopase o seu lugar, en función do momento, as circunstancias e as problemáticas. Unha historia como tarefa, promesa e obxectivo por acadar; unha historia que no seu momento permitise captar o específico e o xeral na *evolución da humanidade* (tampouco manifestaba desdén ningún por esta formulación) e calibrar os progresos das relacións entre os homes.

En diferentes oportunidades recalcou a necesidade de poñer en común e intercambiar os coñecementos acumulados, fose cal fose a fonte de onde proviñesen. Sabedor de que a realidade tamén pode ser recollida e captada mediante a acción civil, sindical, política e social, Vilar foi partidario da *confrontation* (o que non significaba oposición senón mutua colaboración) entre, por un lado, o mundo universitario, académico e da investigación e, por outro, o dos protagonistas e loitadores sociais, nun proceso recíproco e permanente de coñecemento.

Convén subliñar (como el mesmo manifestou en varias oportunidades) que a súa chegada ó marxismo efectuouse por intermedio da historia e a investigación histórica. Foi máis ben *conclusión* e non previa opción política, ideolóxica ou moral, ou crenza ou descubrimento cegador. No seu itinerario de intelectual, o marxismo representou unha metodoloxía e uns instrumentos de traballo e reflexión, cuxa utilidade foi posta ó servizo da súa práctica de historiador. O marxismo non foi para el un conxunto conceptual estático, nin receitas, nin esquemas, nin fraseoloxía de substitución á análise. Foi ante todo unha teoría, a das sociedades en estado de cambio, estimuladora de reflexión, traballo concreto e interpretación. Pero, por outro lado, a utilidade do marxismo no só se limitou ó eido do estritamente académico. Vilar empregouno tamén na súa vida de home e cidadán, para observar, comprender e criticar a realidade inmediata e os acontecementos e cambios que se producían diante súa e que o interpelaban. Un uso consciente e declarado, nin oculto nin disimulado e ó mesmo tempo carente de acenos excesivos ou espaventos. O seu recoñecemento foi explícito, mesmo nos momentos máis difíciles e comprometedores.

Para o estudo do *feito nacional*, o laboratorio español foi o seu terreo específico de experimentación, e nomeadamente o mundo catalán; o mesmo que constituíu no seu momento un verdadeiro descubrimento.[7] En diversas ocasións recalcou a complexidade da construción nacional como *feito histórico* de mediano prazo e combateu as visións teleolóxicas ou inmanentes da nación, é dicir aquelas que para explicala se remiten á «natureza humana» intrínseca ou a presuntas «necesidades históricas», inmanentes e ineludibles. O mesmo tratamento recibiron as concepcións estrita e estreitamente políticas, culturais, etnicistas ou lingüísticas (inxenuas e superficiais, cando non perigosas), a pesar de ser propaladas por interpretacións (e intérpretes), supostamente orixinais e/ou á moda.

En suma, unha *obra total*, a dun historiador en construción, como o dixera Michel Vovelle no Taller de outubro en Nanterre. Unha obra composta de traballo e intelixencia, de erudición e reflexión, de práctica e teoría, de crítica e construción. Pierre Vilar non se contentou con proclamar a necesidade da *historia total*, senón que comezou a creala, dende o terreo mesmo da investigación, poñendo en práctica ideas e principios. Isto é, probando a fecundidade e a vitalidade da teoría histórica marxista para entender o pasado e tentar coñecer o presente. Os seus libros, artigos e ensaios son obras sisudas e, como tales, requiren unha lectura atenta, detida e razoada. Cada unha delas é un conxunto rico e compacto onde a un tempo se critica e se constrúe. Se hai temas comúns e propostas en confluencia, cada documento é unha análise específica que trae novos resultados e leccións. Un consello como punto final deste artigo: a necesidade de ler ou reler a Pierre Vilar; no seu propio texto.

**ANEXO: principais obras de Pierre Vilar disponíbeis en castelán**

1. *Crecimiento y Desarrollo. Economía e Historia. Reflexiones sobre el caso español*, Barcelona, Ariel, 1964, 542 páxs.
2. *Oro y Moneda en la Historia, 1450-1920*, Barcelona, Ariel, 1969, 430 páxs.
3. [co-autor] *Economía y Sociedad en los Siglos XVIII y XIX*, Nova York, Anaya-Las Américas, 1973, 132 páxs.
4. *Cataluña en la España Moderna. Investigaciones sobre los Fundamentos Económicos de las Estructuras Nacionales*, Barcelona, Crítica, 1978-1988, 3 vol.
5. *Iniciación al Vocabulario del Análisis Histórico*, Barcelona, Crítica, 1980, 311 páxs.
6. *Hidalgos, Amotinados y Guerrilleros. Pueblo y Poderes en la Historia de España*, Barcelona, Crítica, 1982, 315 páxs.
7. *Economía, Derecho, Historia: conceptos y realidades*, Barcelona, Ariel, 1983, 228 páxs.
8. *Historia de España*, Barcelona, Crítica, 1984 [primeira edición, 1978], 180 páxs.
9. [co-autor] *El Feudalismo*, Madrid, Sarpe, 1985, 285 páxs.
10. *Sobre 1936 y otros escritos*, Madrid, VOSA, 1987, 123 páxs.
11. *Capitalismo*, Barcelona, Oikos-Tau, 1988, 72 páxs.
12. *Pensar Históricamente. Reflexiones y Recuerdos*, Barcelona, Crítica, 1997, 240 páxs.
13. *La Guerra Civil Española*, Barcelona, Crítica, 2000 [primeira edición, 1986], 184 páxs.
14. *Memoria, Historia e Historiadores*, Granada, Universidade de Granada/Universidade de Valencia, 2004, 179 páxs.

NOTAS

[1] Estas manifestacións reflectíanse cadora nas súas clases, intervencións en seminarios e coloquios, expresións públicas e, dende logo, nos seus traballos escritos. En *Pensar Históricamente* (Barcelona, Crítica, 1997), a súa última publicación, estas características de profunda simpatía para co home aparecen en relación cos terribles conflitos bélicos do século XX. Neles, a pesar do drama da situación, intenta poñer de relevo prioritariamente a actitude de resistencia e os valores de solidariedade dos grupos humanos, contra a barbarie e os intereses materiais que a subtenden.

[2] O seu apoio á *Segunda República Española* contra a reacción conservadora e reaccionaria, o franquismo e a agresión estranxeira, nazi e fascista, é coñecido abondo. A vitoria electoral das esquerdas populares e republicanas en abril de 1931 (el atopábase daquela en Barcelona traballando en arquivos) e a proclamación correlativa da Segunda República en España, un país que Vilar comezaba a querer, significaran a afirmación dunha esperanza popular, democrática e plurinacional; unha expectativa que Vilar apoiaba e á que lle testemuñaba a súa persoal simpatía. Pero non se trataba só de sentimento, simpatía ou apoio moral. Co desencadeamento do conflito e as súas secuelas terribles e dramáticas, Vilar optou e contribuíu concretamente coa súa persoa e medios (apoio material ós perseguidos, campañas de solidariedade, acollida dos refuxiados en Francia, etc.). E isto incluso moito tempo despois de se producir a derrota militar das forzas republicanas e progresistas, adherindo e participando activamente en diferentes actividades (homenaxes ós republicanos, tribunais de condena ó franquismo, comités de solidariedade, apoio ós militantes perseguidos, etc., en particular, durante os anos sesenta, setenta e oitenta).

[3] Entre eles sinalaba a miúdo: a vocación de potencia, económica e militar, tanto dos poderes hexemónicos dominantes como dos retardados ou «acabados de chegar», acompañada (ou combatida) polo racismo e pola intolerancia e o integrismo relixioso; pero tamén, en particular nos medios intelectuais, o rexeitamento ou a renuncia a razoar con lucidez e o conformismo daqueles que aceptan, por comodidade ou mediocridade, crer a sabendas as mentiras propaladas. Propalándoas pola súa vez.

[4] Incluso o exceso de preocupación metodolóxica será sempre preferible, precisaba, á ausencia de inquietude metodolóxica por parte do investigador e historiador.

[5] En investigación histórica, explicaba frecuentemente, convén evitarmos pensar que o noso discurso e o vocabulario que empregamos (e que construímos) son o esencial para entender a época estudada ou o obxecto problemático que estamos analizando. O uso dunha terminoloxía específica, tanto a que emprega o investigador como a dos protagonistas do período examinado, debería estar no centro da reflexión histórica. A utilización dunha palabra ou fórmula, incluso se se trata dun termo que nos satisfai (e satisfai os nosos lectores) non debería confundirse nunca coa comprensión dos problemas formulados. Unha palabra ou unha formulación fáciles ben poden ser o produto dun pensamento fácil ou un lugar común.

[6] Debido á súa fecundidade analítica, varias nocións desenvolvidas por Marx foron especialmente invocadas e utilizadas nos seus traballos históricos, particularmente na súa tese sobre Cataluña. Por exemplo, a noción de *forzas produtivas*, a que invita o historiador das economías e as sociedades a asumir con plenitude un auténtico programa de estudos de mediano prazo. O mesmo cabe dicir da correspondencia entre *forzas, modos de produción e relacións sociais de produción*, outra das claves da interpretación marxista, que Pierre Vilar utilizou frecuentemente, para examinar o cambio e a resistencia socioeconómica oposta ó dito cambio.

[7] Contrariamente ó que adoito se pensa, Pierre Vilar non era catalán. Nacera en 1906 en Frontiñan, no departamento francés do Hérault. Incluso F. Braudel caeu no erro de o crer catalán, cando estableceu un paralelo de identificación xeográfica e sentimental entre a teses de Vilar (e Cataluña), e as teses respectivas de Henri Pirenne, o grande historiador belga, e Lucien Febvre, identificado co Franco-Condado. Mesmo cando o afagase a comparación, Vilar insistía en recordar que, a diferenza de Pirenne e Febvre, el descoñecía case todo da Cataluña española (e especialmente a súa realidade material e intelectual do século XX) antes de chegar por primeira vez á península ibérica, en setembro de 1927 (ós 21 anos de idade), e que, polo tanto, non se podía invocar no seu caso ningunha forma de «patriotismo carnal».

**PABLO F. LUNA**
UNIVERSIDADE PARÍS 4 SORBONA

# CONVOCATORIA CONGRESO A TRANSICIÓN DA DITADURA FRANQUISTA Á DEMOCRACIA

## BARCELONA, 20, 21 E 22 DE OUTUBRO DE 2005

O Centro de Estudos sobre as Épocas Franquista e Contemporánea (CEFID, Centre d'Estudis sobre les Èpoques Franquista i Democràtica), segue a dar mostras da súa vitalidade coa convocatoria dun novo congreso. Desta volta será sobre a transición á democracia e terá lugar en Barcelona, no Centro de Cultura Contemporánea, a fins de outubro do 2005. O obxectivo do congreso é facer unha revisión global do complexo proceso político, cultural, social e económico que se desenvolveu en España na década dos setenta.

O Congreso organízase ó redor de seis bloques temáticos:

1. A crise da ditadura
2. Proxectos e realidades: continuísmo, reformismo, rupturismo
3. Novos e vellos movementos sociais
4. Os condicionantes económicos e sociais
5. A cultura na transición
6. Herdanzas do franquismo, herdanzas da transición

Os participantes poderán presentar un ou varios textos en calquera dos seis bloques. As propostas de comunicacións —resumo dun máximo de seis liñas— deben enviarse antes do 1 de outubro do 2004 para a súa aprobación previa a: ce.efid@uab.es

As comunicacións terán unha extensión máxima de 60.000 caracteres (entre 20 e 25 DIN A4). Para máis información: CEFID, Facultat de Filosofia i Letres- Edifici B, Universitat Autónoma de Barcelona- 08193- Bellaterra (Cerdanyola del Vallés).



Dezeme nº 9. 2004. ISSN 1576-4044. Páxs. 114-115.

# ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Desde o anterior número de DEZ•EME, a Fundación 10 de Marzo mantivo as súas previsións de actividades, polo que as exposicións e publicacións que adiantabamos daquela desenvolvéronse do xeito programado.

Durante estes meses, ademais das visitas e actividades normais do Arquivo Histórico e mais da Fundación, celebramos co Sindicato Nacional de CC. OO. o Día da Clase Obreira Galega, cun acto que xa ten tradición na nosa tarefa de recuperar a memoria democrática de Galicia: a homenaxe a persoas de ámbitos profesionais variados que durante a ditadura franquista destacaron pola súa contribución individual e colectiva á loita polas liberdades democráticas e que, como consecuencia, tiveron que soportar a política represora do franquismo.

Este ano, o devandito acto tivo lugar en Vilagarcía coa asistencia de máis de duascentas persoas de toda Galicia. Sindicalistas, profesionais da cultura e dos medios de comunicación, representantes das institucións políticas e laborais galegas e dirixentes de partidos políticos e organizacións sindicais homenaxearon as seguintes persoas: **Manuela García Ruiz**, que desenvolveu o traballo sindical no sector da sanidade ourensá e que foi unha peza clave para a formación das Comisións Obreiras nesa comarca; **Xosé Rodríguez Corzo**, traballador e histórico dirixente sindical no sector da alimentación en Santiago; **Celso Alonso Davila**, traballador dos estaleiros de Vulcano en Vigo; **Jacobo Gil Grela**, sindicalista na factoría de La Artística; **Regino Varela Martínez**, histórico sindicalista na Bazán ferrolá; **María Teresa Filgueira** e **María Alcalde Rubio**, do Grove e Vilagarcía, que desenvolveron unha comprometida actividade como sindicalistas no sector mariñeiro e no marisqueo nas súas respectivas comarcas e na organización clandestina das Comisións Obreiras.

Todos eles recibiron un exemplar da obra que o escultor Acisclo Manzano creou con motivo do conflito sociolaboral de Ferrol en marzo de 1972.

No que se refire ás nosas exposicións, temos que salientar a súa ampla difusión por toda a xeografía galega nos últimos meses; visitaron diferentes centros de ensino e algunhas institucións coas que a nosa Fundación vén colaborando con asiduidade. Destaca a visita que a exposición *Imaxe Gráfica da II República* realizou ó Reitorado da Universidade da Coruña e ó Centro de Exposicións do Burgo do Concello de Culleredo; ou a presentación da mostra *A vida cotiá no primeiro franquismo* no Pazo de Congresos de Pontevedra. Tamén volveu merecer unha grande atención a mostra *Luís Seoane. 13 estampas de la traición*, que amais dos centros de ensino onde foi recibida, tamén estivo unha temporada no Centro de Exposicións do Concello de Culleredo, coincidindo coas actividades programadas para a celebración do Día das Letras Galegas. As restantes exposicións producidas pola Fundación mantiveron o nivel de demanda de cursos anteriores.

Mención especial merece a exposición de carteis realizada cos fondos gráficos que custodian os arquivos da Rede de Arquivos Históricos de CC. OO. e da que xa demos conta no anterior numero de DEZ•EME.

Nestes últimos meses, a exposición experimentou algunhas novidades que melloran a súa calidade e a do seu catálogo. A exposición trasladouse a Cataluña en colaboración co Arxiu Històric de CC. OO. de Cataluña - Fundació Cipriano García, que coordinou a súa presentación en dúas cidades da provincia de Barcelona: Hospitalet (Auditorio Barradas) e Cornellá (Centro Cultural José García Nieto), e a continuación en Tarragona (Palacio de Exposicións da Deputación Provincial). Entre as novidades dos fondos expostos temos que destacar o enriquecemento da mostra coas achegas de carteis que nos proporcionaron pintores como Juan Genovés, que doou ó noso arquivo novos carteis, e Pedro Diez Gil; tamén a Fundación Rafael Alberti achegou algún cartel máis. Todas estas incorporacións expuxéronse por vez primeira en Valencia, a onde chegou a exposición da man da Fundació d´Estudis i Iniciatives Socio-laborals, que coordinou en colaboración coa Fundació General de la Universitat - Patronat Martínez Guerricabeitia a súa estancia na Universidade de Valencia.

Igualmente, o catálogo da mostra completouse coas recentes achegas e cun novo texto, «Del costat de la llum», obra do historiador e profesor da Universidade de Valencia, Ramiro Reig, que se engade ós xa coñecidos de Jaime Brihuega e José Gómez Alén. O éxito da exposición *Art i solidaritat. Els pintors espanyols i el cartelisme sociopolític* foi total, tanto de crítica como de público, ata o punto de que os tres meses de exhibición programados tiveron que ampliarse outro mes máis, o que supuxo tamén que a edición do catálogo se esgotara.

A mostra continuará nos próximos meses o seu periplo por diferentes cidades españolas, e está prevista a súa presentación en Barcelona, no Museu de Historia de Catalunya, e tamén está programada a súa estancia en Girona e na Coruña, na Fundación Luís Seoane.

En canto ás publicacións e a súa difusión, ademais da edición revisada e aumentada do catálogo xa mencionado, editamos a *Memoria de actividades* da Fundación correspondente ó ano 2003, na que se recollen todas as actividades desenvolvidas durante ese ano. Inclúese nela o habitual dosier de prensa, que reflicte a importancia das actividades e a súa proxección na sociedade e nos medios de comunicación. Debemos referirnos tamén á presentación do libro *Diario del soldado republicano Casimiro Jabonero*, do que avanzabamos o contido no número anterior de DEZ•EME. Presentouse na Galería Sargadelos de Santiago de Compostela e nela interviñeron Víctor Santidrián, que preparou a edición e o estudo introdutorio sobre o universo concentracionario do franquismo; José Gómez Alén; Mariano Jabonero, fillo do autor do diario e o alcalde da cidade, Manuel Sánchez Bugallo.

Outras actividades, nas que colaboramos con diversas institucións, refírense a intercambios de documentación e publicacións, congresos e presentación das nosas exposicións e publicacións. Así mesmo, participamos na reunión ordinaria da Rede de Arquivos Históricos de CC. OO. na que se debateron proxectos arquivísticos e, logo dun longo debate, se decidiu a universidade onde se celebrara o VI Encontro de Investigadores do Franquismo. Entre as diferentes propostas optamos por aceptar a iniciativa do Departamento de Historia Contemporánea da Universidade de Zaragoza para o ano 2006. A organización será coordinada pola Fundación Sindicalismo e Cultura de CC. OO. de Aragón e o mencionado departamento da universidade.

Por último, avanzamos que actualmente están a deseñarse novos proxectos editoriais no entorno da Fundación, e outros están a dar os seus primeiros pasos. De todos eles iremos dando conta nos próximos números de DEZ•EME.

**JOSÉ GÓMEZ ALÉN**
DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
*jalen@wanadoo.es*

# PUBLICACIÓNS E REVISTAS RECIBIDAS

Ó longo dos últimos meses, na biblioteca do Arquivo Histórico na Fundación 10 de Marzo recibíronse diversas publicacións das que brevemente damos conta:

## REVISTAS




***Ábaco. Revista de cultura y ciencias sociales***, número 40-41 (Edita: CICES. Director: Miguel Álvarez Areces). Este número trata desde diversos ángulos o Arco Atlántico. Contén artigos sobre as cidades atlánticas, a cultura e os aspectos económicos ou o mito do celtismo. Inclúe o correspondente apartado de recensións e crítica de libros.




***Andaina. Revista Galega de pensamento feminista***, número 38 (Edita: Andaina. Dirección: colectiva). Este número, como é habitual na revista, trata diversos aspectos relacionados co mundo da muller. Neste caso o núcleo contén diversos artigos verbo do tema da prostitución feminina. Inclúe, ademais, outros traballos sobre violencia doméstica e muller e educación en Galicia. Ten tamén unha sección dedicada a comentario de libros e revistas.




***A Trabe de Ouro*. Publicación galega de pensamento crítico**, número 58 (Edita: Sotelo Blanco. Director: Xosé Luís Méndez Ferrín) O número publica artigos de temática variada como é norma nesta publicación. Van desde «A cidadanía excluída» ata outros como «A difusión literaria de Eça de Queirós en Galicia». Presenta unha sección dedicada á reprodución de textos literarios, nesta ocasión ós poemas de Giuseppe Ungaretti, e outra sección dedicada á recensións de libros.



***Anuario Brigantino***, número 26 (Edita: Concello de Betanzos. Director: Alfredo Erias Martínez). Esta publicación de carácter histórico e cultural presenta no último número diversos artigos de historia local que atinxen desde o megalitismo prehistórico e o mundo castrexo ata a guerra civil de 1823 ou a loita antifranquista da guerrilla en Galicia. Contén tamén traballos sobre arte, literatura e antropoloxía, e noticias sobre as diversas actividades culturais que se desenvolven na comarca betanceira.




***Revista de Historia Industrial***, número 25 (Edita: Universitat de Barcelona. Director: Jordi Nadal) Recolle esta entrega artigos sobre aspectos de historia económica e industrial, como «La intervención del estado en la industria alimentaria durante el franquismo, 1939-1975» ou «La ruptura postbélica a través del comportamiento de los salarios industriales: nueva evidencia cuantitativa (1908-1963)». Inclúe tamén unha ampla sección de recensións bibliográficas.




***El Viejo Topo***, número 198 (Ediciones de Intervención Cultura. Director: Miguel Riera). A revista, que habitualmente dedica a súa atención ós problemas da política internacional, achega neste número artigos dedicados á Constitución europea; unha reflexión sobre a esquerda e o nacionalismo; o problema dos residuos; unha análise da esquerda brasileira, entre outros traballos. Inclúe a correspondente sección de libros.




***Le Monde Diplomatique***, número 109 (Edita: Cybermonde. Director: Ignacio Ramonet) Como vén sendo característico na

liña editorial da revista, este número trata temas de actualidade que veñen marcados polo propio compromiso da publicación: o mundo islámico; a posible integración de Turquía na Europa comunitaria ou «El tráfico de influencias en el mercado académico estadounidense». A sección Dossier recolle artigos sobre aspectos da cuestión dos mercenarios nos diferentes conflitos armados. Inclúe tamén unha sección de recensións de libros e revistas.




***Página Abierta***, número 153 (Edita: Página Abierta, Soc. Cooperativa. Director: Manuel Llusia). Esta revista de información xeral sobre temas de actualidade achega artigos sobre as causas do fracaso escolar, o tratamento de residuos e os problemas da incineración; información sobre o III Foro Social Europeo; información sobre actividades culturais moi variadas e as correspondentes seccións de recensións de libros e revistas.




***Papeles de la FIM. Revista de investigaciones marxistas***, número 22 (Edita: Fundación de Investigaciones Marxistas. Coordinador: Francisco José Martínez). Este número está integramente dedicado ó recente congreso sobre a Historia do PCE celebrado na Universidade de Oviedo. Contén os relatorios presentados sobre diferentes temas, dos que son autores: David Ginard, Rafael Cruz, Carme Molinero e Pere Ysàs, Hartmut Heine e Natacha Lillo. Inclúe ademais unha ampla sección bibliográfica sobre o tema, así como unha sección de recensión de libros e o índice das comunicación presentadas ó congreso.




***Trabajadora***, número 13 (Edita: Secretaria Confederal da Muller de CC. OO. Directora: Susana Brunel e Carmen Briz). Esta última entrega, como adoita a revista, ofrece diversos artigos verbo dos problemas da muller no mundo de hoxe. Os traballos e as informacións abranguen temas moi variados: o papel das delegadas sindicais, a precariedade laboral, unha análise das leis de conciliación, as actividades culturais referidas ó mundo feminino. Inclúe tamén unha sección de publicacións e libros.




***Utopías-Nuestra Bandera***, número 200 (Edita: Partido Comunista de España. Director: Pedro Marset). Volume dedicado en gran parte ó recente congreso sobre *La Historia del PCE*, celebrado na Universidade de Oviedo. Reproduce algunhas das comunicacións presentadas ó congreso, cuxas conclusións están recollidas noutra sección da revista. Os artigos refírense a cuestións variadas como as relacións PCE-PSOE ou o funcionamento interno do PCE. A sección «debate» ten como temas Cuba e China.

## LIBROS




Alberto GÓMEZ RODA (2004), ***Comisiones Obreras y represión franquista***, Valencia, Universitat de València.

Este traballo (noutra sección da nosa revista incluímos unha recensión do libro) vén a completar a bibliografía xa existente noutras comunidades autónomas sobre as Comisións Obreiras e o sindicalismo no franquismo. É un estudo global sobre a reconstrución do movemento obreiro e o seu asentamento nas grandes factorías do País Valenciano; os conflitos laborais e a represión de todo tipo exercida sobre os seus cadros e dirixentes.




Juanjo ROMERO MARÍN (2004), ***Cambio social y respuesta artesana. Los menestrales barceloneses a mediados del siglo XIX,*** Madrid, Asociación de Historia Social.

Este libro, Premio de Investigación desa asociación de historiadores, é un estudo sobre o mundo artesanal tratado desde unha perspectiva social do traballo e aborda cuestións como as formas de transmisión dos oficios e a súa reprodución, as relacións familiares ou o papel das mulleres no artesanado barcelonés do século XIX.




AA. VV. (2004), ***Contribuciones a la Historia del PCE***, Madrid, Fundación de Investigaciones Marxistas.

Este volume recolle as conferencias lidas nun ciclo sobre a historia deste partido. Nelas abárcanse temas como o contexto histórico do seu nacemento, a fundación do Partido Comunista, a primeira etapa e durante o Frente Popular. Inclúe ademais algunhas contribucións de dirixentes sobre aspectos da súa estratexia de oposición ó franquismo.




Ceferino ÁLVAREZ (2004), ***El Sindicato Único de Mineros de Asturias***, Oviedo, Fundación Juan Muñiz Zapico.

Este estudo percorre a historia desa organización sindical, que entre 1922 e 1935 desempeñou un importante papel de mobilización social. Explica así mesmo as actitudes dos mineiros asturianos fronte ós problemas laborais ou ante a revolución soviética, ou a influencia do Partido Comunista en Asturias durante ese período.




Alejandro ANDREASSI CIERI (2004), ***«Arbeit Macht Frei». El trabajo y su organización en el fascismo (Alemania e Italia)***, Barcelona, El Viejo Topo-FIM.

Neste libro estúdanse algúns dos trazos que caracterizan a organización do traballo nos fascismos: control e coerción no modelo organizativo e as súas consecuencias. As condicións e os factores que levan, durante a II Guerra Mundial, a desenvolver unha concepción do traballo escravo e o seu papel nesas ditaduras como un elemento de desigualdade social.




Carlos PEREIRA MARTÍNEZ e Ana ROMERO MASIÁ (2003), ***Germinal. Centro de Estudios Sociais (Cultura Obreira na Coruña, 1902-1936)***, Betanzos, Briga Edicións.

Trátase dun traballo que ten por obxecto reconstruír a orixe e evolución daquel centro social de orientación libertaria que se converteu nunha das entidades máis dinámicas da Coruña durante o primeiro terzo do século XX, desenvolvendo todo tipo de actividades dedicadas á formación sindical, política e cultural da clase obreira.




Anxo Serafín PORTO UCHA (2003), ***Historias de vida. O maxisterio pontevedrés na II República, Guerra Civil e Franquismo***, Ponteareas, Alén Miño.

Este traballo analiza a problemática do profesorado pontevedrés partindo dos cambios e as reformas do sistema educativo na II República: plans de estudos e funcionamento; elementos de innovación educativa e as misións pedagóxicas ata a represión e as depuracións da posguerra. Proporciona ademais unha coidada selección de biografías.




VV. AA. (2003), ***Noticia de la negra nit. Vides i veus a les presons franquistes (1939-1959)***, Barcelona, Asociació Catalana d'Expresos Polítics.

Os artigos que compoñen este volume tratan o tema da represión franquista desde diferentes ópticas e inclúe ademais unha selección de biografías e testemuños dalgúns ex presos políticos que se refiren ós riscos máis significativos do universo penal do franquismo.

**REDACCIÓN DEZEME**

**CLAUDIA CABRERO**

Licenciada en Xeografía e Historia. É membro do Seminario de Estudos da Muller na Universidade de Oviedo. Entre os seus traballos podemos sinalar: *Mujeres contra el franquismo. Asturias, 1937-1952. Vida cotidiana, represión y resistencia (2004); Espacios femeninos de lucha: rebeldías cotidianas y otras formas de resistencia de las mujeres en la Asturias del primer franquismo* (2003) e «La Cordillera Cantábrica en la Guerra Civil», en Walker Robin, *Por la Cordillera Cantábrica* (Xixón 2002). Actualmente colabora no proxecto I+D+i *Archivo de Fuentes Orales para la Historia Social de Asturias* e está a rematar a súa tese de doutoramento: *El papel de la mujer en la oposición al franquismo. Asturias, 1937-1975*.

**SERGIO GÁLVEZ BIESCA**

Licenciado en Xeografía e Historia. É responsable de Historia na Comisión Federal do Foro pola Memoria e investigador do Departamento de Historia Contemporánea na Universidade Complutense de Madrid. Entre as súas numerosas publicacións pódense sinalar: *Informe Histórico, para o protocolo de actuacións do Foro pola Memoria*; *La primera etapa de la política laboral del gobierno socialista (1982-1992). La reforma del Estatuto de los Trabajadores de 1984. Algunas hipótesis del trabajo; La campaña del miedo: El papel del ABC en las elecciones de octubre de 1982*. Actualmente ultima a súa tese de doutoramento, na que estuda o proceso de modernización do mercado laboral durante a democracia, e é así mesmo responsable da Sección de Historia na Fundación de Investigacións Marxistas.

**RAMÓN GARCÍA PIÑEIRO**

É licenciado en Xeografía e Historia, profesor de ensino secundario e doutor en Historia Contemporánea pola Universidade de Oviedo. As súas investigacións oriéntanse cara á clase obreira asturiana durante o franquismo. Froito deste labor son os numerosos traballos presentados en congresos e publicados en diversas revistas especializadas ou en obras colectivas: «La reconstrucción de la nueva vanguardia obrera y las Comisiones de Asturias, 1958-1977» en colaboración con Francisco Erice, en David Ruíz (ed.), *Historia de Comisiones Obreras. (1958-1988)* (1993); «El PCE en Asturias bajo el Franquismo. Represión, clandestinidad y reconstrucción» e «Mineros comunistas», ambos en Francisco Erice (coord.), *Los comunistas en Asturias 1920-1982 (1996); Represión gubernativa, códigos de resistencia y respuesta obrera* (2002); *El obrero ya no tiene quien le escriba. La movilización social en el tardofranquismo a través de la historiografía más reciente* (2002). É autor do libro *Los mineros asturianos bajo el franquismo, 1937-1962* (1990).

**J. ALBERTO GÓMEZ RODA**

Licenciado en Historia pola Universidade de Valencia. O seu traballo como historiador orientouse cara ás institucións e actitudes sociais na posguerra franquista en Valencia. Entre os seus traballos publicados podemos destacar: *Historias de vida de obreros en el franquismo. Régimen, sociedad, oposición, consenso* (1998), «Actitudes y percepciones de la posguerra en Valencia. Informes de Falange, policiales, diplomáticos y del Partido Comunista», en Alberto Gómez Roda e Ismael Saz (eds.), *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra* (1999). Actualmente é responsable do Arquivo Histórico José Luis Borbolla de CC. OO. do País Valenciano e acaba de publicar o libro *Comisiones Obreras y represión franquista* (2004).

**FERNANDO HERNÁNDEZ HOLGADO**

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade Complutense de Madrid. O seu campo de investigación é moi amplo e abrangue desde as prisións de mulleres na época franquista —tema da súa tese de doutoramento— ata o militarismo e a política internacional ou os estudos de recuperación da memoria histórica. Entre os seus libros podemos destacar: *Mujeres encarceladas: La prisión de Ventas: de la República al franquismo, 1931-1941* (2003); *Soledad Real* (2001); *Historia de la OTAN. De la guerra fría al intervencionismo humanitario* (2000) ou *Miseria del militarismo. Una crítica del discurso de la guerra* (2004).

**CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ**

Licenciado en Historia. Ten publicados numerosos artigos sobre temas históricos nas diversas revistas nas que colabora habitualmente e participou en obras colectivas. Especialista en historia local, entre os seu libros podemos destacar: *Historia das parroquias de Sesamo e Sueiro* (1998); *O que fixeron en Galicia, 1936* (1998); *A Cultura en Culleredo na II República; O Ateneo de la Villa de Rutis* (2001); *Asociacionismo e movemento obreiro en Oleiros.1900-1936* (2002) e *Germinal. Centro de Estudios Sociais (Cultura obreira na Coruña, 1902-1936)* con Ana Romero (2003). É historiador do Concello de Culleredo (A Coruña) onde dirixe as Xornadas de Historia que van pola décima edición. Actualmente está a rematar a súa tese de doutoramento.

**JULIO PRADA RODRÍGUEZ**

Licenciouse en Xeografía e Historia pola Universidade Santiago de Compostela e doutorouse en Historia Contemporánea pola de Vigo coa tese *Ourense 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*. Dende 1990 exerce como profesor de ensino secundario no I. E. S. número 1 do Carballiño e tamén é profesor asociado na Facultade de Historia da Universidade de Vigo. No ano 2003 obtivo o I Premio de Investi-

gación Histórica de Galicia «Antonio Fraguas» coa obra *Ensaio histórico sobre a violencia*. Ten publicados numerosos artigos e participou nunha ducia de libros colectivos. Entre os seus últimos traballos sobresaen: *Represión económica e depuración administrativa. Ourense 1936-1942* (2003); *Metodoloxía e fontes para o estudio da represión franquista en Galicia* (2003); *Ourense 1936-1937. Alzamento, Guerra e represión* (no prelo).

**ÁNGEL RODRÍGUEZ GALLARDO**
Profesor de ensino secundario e doutor en Filoloxía Hispánica. Recibiu o III Premio de Investigación Fermín Bouza Brey polo traballo *A represión franquista en Ponteareas*. Como investigador, orienta o seu traballo cara á resistencia guerrilleira e a represión en Galicia, e entre os seus últimos traballos publicados podemos destacar: *La mujer comprometida en el franquismo: el emblemático caso de Enriqueta Otero Blanco*, en V Encuentro de Investigadores del Franquismo (2003); «Entre Brandas e invernadeiras: refuxiados durante a guerra civil na fronteira entre Ourense e Portugal», en A Trabe de Ouro (2004); *Memoria da Guerra Civil en Portugal: refuxiados políticos en Castro Laboreiro* (2004). Na actualidade está rematando unha biografía sobre Enriqueta Otero.

**ISMAEL SAZ CAMPOS**
Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Valencia. Especialista en Historia das Relacións Internacionais do período de entreguerras e no estudo dos fascismos europeos. Sobre estes temas ten numerosas publicacións entre as que se atopa o libro *Fascismo y franquismo* (2004). Colaborador habitual de importantes revistas de historia contemporánea, tamen publicou traballos sobre a posguerra no País Valenciano, como *Entre la hostilidad y el consentimiento. Valencia en la posguerra, y Trabajadores corrientes. Obreros de fábrica en la Valencia de la posguerra*, ambos en I. Sanz y A. Gómez Roda *El franquismo en Valencia. Formas de vida y actitudes sociales en la posguerra*. Actualmente traballa sobre as ditaduras europeas do século XX desde una perspectiva comparada.

**DAVID SIMÓN LORDA**
Médico psiquiatra en Ourense. Investigador da historia social da medicina e a psiquiatría en Galicia. Entre os seus traballos podemos destacar: «La asistencia psiquiátrica en Galicia en la II República» (2001), «Psiquiatría, Medicina, Sociedad: Ourense (1885--1936)» (1998), «Asistencia psiquiátrica en el primer franquismo: Ourense (1939-1959)» (1999), *Médicos ourensáns represaliados na Guerra Civil e na posguerra. Historias da «longa noite de pedra»* (2002). Colaborador habitual das revistas *SISO/SAÚDE*, *Auriensis*, *Guia dos Libros Novos*, *Psiquiatría Pública*.

**RUBÉN VEGA GARCÍA**
Doutor en Historia contemporánea e profesor da Universidade de Oviedo. Especialista en historia social do franquismo e a transición. Ten publicados os libros: *La corriente sindical de izquierdas. Un sindicalismo de movilización* (1991); *CC.OO. de Asturias en la transición y la democracia* (1995); *Crisis industrial y conflicto social. Gijón 1975-1995* (1998). É coautor de: *Clandestinidad, represión y lucha política. El movimiento obrero en Gijón bajo en franquismo, 1937-1962* (1998). Coordinou e é coautor de: *Hay una luz en Asturias... Las huelgas de 1962 en Asturias* (2002) e *Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional* (2002). Na actualidade está preparando unha historia da UGT na democracia.

**PERE YSÀS**
Profesor titular na Universidade Autónoma de Barcelona e membro do Centro de Estudios sobre as Épocas Franquista e Democrática (CEFID/UAB). Ademais de dirixir, editar ou participar en máis de cincuenta obras colectivas e de colaborar nas máis importantes revistas especializadas, ten publicados varios libros en colaboración con Carme Molinero, entre os que podemos destacar: *Patria, Justicia y Pan. Nivell de vida i condicións de treball a Catalunya. 1939-1951* (1985); *Els industrials cataláns durant el franquisme* (1991); *El règim franquista. Feixisme, modernització i consens* (1992), *Productores disciplinados y minorías subversivas. Clase obrera y conflictividad laboral en la España Franquista* (1998); *Catalunya durant el franquisme* (1999). Ademais de *Historia política de España, 1939-2000* (2001) —con Carme Molinero e José M.ª Marín—. O seu último libro publicado é *Disidencia e subversión. La lucha del régimen franquista por su supervivencia, 1960-1975*. (2004).

**CARMEN GARCÍA GARCÍA**
Profesora de historia contemporánea na Universidade de Oviedo. Ten orientado o seu traballo investigador a diferentes aspectos do século XIX e XX. Destacamos o libro *Génesis del sistema educativo liberal en España. Del Informe Quintana a la Ley Moyano. 1813-1857* (1994). E entre os traballos publicados en revistas especializada ou en obras colectivas pódense sinalar: «Viejos y nuevos saberes en la Universidad española a fines del XVIII» (1994); «Aproximación al estudio de la represión franquista en Asturias: paseos y ejecuciones en Oviedo», (1990); «El Partido Comunista en la Guerra Civil y la guerrilla» en *Los comunistas en Asturias. 1920-1982*, Francisco Erice (coord.) (1996) e *El papel del PCE en el juicio del coronel director de la Fábrica de Trubia, José Franco Mussió* (2004).

# dez•eme





## Revista de Historia e Ciencias Sociais da Fundación 10 de Marzo

República do Salvador, 15 - 5°
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: *f10m@galicia.ccoo.es*

# no próximo número...




Asistimos nos últimos tempos a unha invasión informativa que nos dá a coñecer iniciativas de todo tipo sobre a recuperación da memoria histórica. Unhas emanan da sociedade, outras das institucións e, no ámbito historiográfico, o tema está a xerar literura abondo. En DEZEME, atentos sempre á actualidade, estamos pensando en dedicar o próximo número a esta cuestión. E, unha vez máis, chamamos os lectores a achegárennos as súas reflexións e traballos sobre a memoria histórica.

# para colaborar en Dez•eme

## Normas para a presentación dos orixinais

- O número de caracteres dependerá da sección á que vaia dirixido o artigo:
  - Ó redor da Historia: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
  - Na clase: entre 20.000 e 25.000 caracteres.
  - Testemuño: entre 15.000 e 20.000 caracteres.
  - Unha imaxe: 7.000 caracteres.
  - Concepto: 6.000 caracteres.
  - De libros: 12.000 caracteres.
  - Encontros: 5.000 caracteres.
- Os orixinais irán acompañados do enderezo, número de teléfono do autor ou autora e, de se-lo caso, do correo electrónico. Incluirán un resumo de 400-500 caracteres e, no caso das recensións de libros, unha reproducción da portada da obra comentada.
- As notas irán numeradas correlativamente e aparecerán ó final do artigo.
- As referencias bibliográficas irán incluídas no texto do seguinte xeito: (Apelido do autor, ano da publicación: páxina). Por exemplo: (Hobswam, 1999: 98).
- A bibliografía incluirase ó final do artigo do seguinte xeito: Apelido do autor, Nome (ano de publicación), *Título*, Lugar de edición, Editorial. Por exemplo: Hobsbawm, Eric (1999), *Gente poco corriente. Resistencia, rebelión y jazz*, Barcelona, Crítica.
- Dos artigos aceptados enviarase unha copia en disquete, preferentemente en formato Word para Windows.
- Os títulos dos artigos ou os epígrafes non se escribirán con maiúsculas.
- No caso de que o artigo vaia acompañado de imaxes ou ilustracións, indicarase o pé que levará.
- As imaxes enviaranse en formato TIF ou JPEG (JPG), cunha resolución non inferior a 240 pp.
- Os artigos serán corrixidos polo Gabinete de Normalización Lingüística do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, seguindo a normativa do Instituto da Lingua Galega.

Os orixinais dos artigos deberán ser remitidos por correo ou entregados persoalmente na FUNDACIÓN 10 de MARZO r/República do Salvador, 15 - 5° / 15701 - Santiago de Compostela, ou enviados por correo electrónico ó enderezo *f10m.sn@galicia.ccoo.es*
A revista é semestral e a data de peche para a recepción de traballos é de dous meses antes da saída de cada número. O Consello de Redacción de Dez•eme resérvase o dereito de decisión en canto á publicación dos artigos recibidos.

✂ CORTE POLA LIÑA DE PUNTOS OU ENVÍE UNHA FOTOCOPIA

## BOLETÍN DE SUBSCRICIÓN

**Nome** ____ **Apelidos** ____
**Enderezo** ____
**Cidade** ____ **C.P.** ____

☐ SI, DESEXO SUBSCRIBIRME Á REVISTA *DEZ•EME* A PARTIR DO NÚMERO ____ (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 17 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUÍDOS)
☐ SUBSCRICIÓN DE APOIO OU INSTITUCIONAL (TRES NÚMEROS CADA DOUS ANOS, 30 EUROS, GASTOS DE ENVÍO INCLUÍDOS)

FORMAS DE PAGAMENTO

☐ **Contrareembolso** ☐ **Xiro postal** ☐ **Talón bancario** *(a nome de: Fundación 10 de Marzo, República do Salvador, Santiago de Compostela)*

**DOMICILIACIÓN BANCARIA** (cubrir tódolos díxitos do código interbancario)
Código interbancario _ _ _ _/_ _ _ _/_ _/_ _ _ _ _ _ _ _ _ _ Nome da entidade ____
Enderezo postal ____
En ____, a ____ de ____ de ____
Asdo.

# art i solidaritat

## ELS PINTORS ESPANYOLS I EL CARTELISME SOCIOPOLÍTIC



Exposición de carteis realizada cos fondos gráficos que custodian os arquivos da Rede de Arquivos Históricos de CC. OO. Próximamente na Coruña, na Fundación Luís Seoane.


Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras